

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 5**

### **SESION ORDINARIA DO 22 DE FEBREIRO DE 2010**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE**

Abelairas Rodríguez, Isaura  
Caballero Alvarez, Abel Ramón  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Díaz Vázquez, Raquel  
Lago Rey, María Jesús  
López Atrio, Laura  
López Font, Carlos  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
López Carreira, Xesús  
Méndez Piñeiro, María  
Velo Ríos, Iolanda

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR**

Beiro Diz, Pablo José  
Coello Bufill, Antonio  
Comesaña Abalde, Carlos  
Conde Gil, Jorge  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José Manuel  
García Míguez, María Angeles  
Larriba Leira, Elvira  
López-Chaves Castro, Ignacio  
Martiño Gómez, Antonio  
Muñoz Posse, Carlota

#### **NON ASISTEN:**

González Sagarra, Javier Pablo  
Iglesias Bueno, Marta

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e nove minutos do día vinte e dous de febreiro do ano dous mil dez, coa Presidencia do Tenente de Alcalde, don Santiago Domínguez Olveira, reúnen os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño

Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D<sup>a</sup> María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. Caballero Álvarez e González Sagarra e a Sra. Iglesias Bueno (xustifica ausencia). Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno número 5 do Concello de Vigo, convocado o 18 de febreiro, cuxa orde do día xa consta no seu poder. Teño que comunicar a ausencia xustificada da concelleira dona Marta Iglesias Bueno que, entre os días 22 de febreiro e 12 de marzo, auséntase da cidade para participar en Estados Unidos de América no programa de visitantes internacionais por medio dunha bolsa concedida polo goberno dese país, escrito que presenta e que poñemos en coñecemento da Corporación. Pleno público, abran as portas.

*O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.*

1.- (20).- ACTAS ANTERIORES. (SS. 26.10.09 E 25.11.09)

(Está ausente o Sr. Caballero Alvarez, preside o Pleno o Sr. Domínguez Olveira. Así mesmo están ausentes o Sr. González Sagarra e a Sra. Iglesias Bueno do Grupo Popular).

Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións ordinarias do Pleno da Corporación que tiveron lugar os días 26 de outubro e 25 de novembro de 2010.

-----  
S. Ordinaria 22.02.10

2.- (21).- INTERVENCIÓN PERANTE O PLENO DA CORPORACIÓN DA PRESIDENTA DO COMITÉ DE EMPRESA DO HOSPITAL DA CRUZ VERMELLA VIGO. DOC. 100020640.

A PRESIDENCIA: Ó abeiro do regulamento de Participación Cidadá ten pedido a participación perante este Pleno a presidenta do Comité de Empresa do Hospital da Cruz Vermella de Vigo e polo tanto imos darlle a benvida a este Concello. Estamos encantados de poder escoitala nunha intervención de aproximadamente dez minutos. Logo daremos paso a unha intervención de cada grupo municipal, de menos a máis, tamén durante un tempo de dez minutos aproximadamente.

SRA. PÉREZ MOSQUERA: En primeiro lugar e como presidenta do Comité de Empresa da Cruz Vermella de Vigo, agradezo en nome dos traballadores e dos usuarios ao Concello a posibilidade que nos está a dar para poder informar a todos os grupos políticos municipais no Pleno do que está a acontecer na cidade de Vigo e, deste xeito, que vostedes poidan valorar en primeira persoa e adoptar unha postura como máximos representantes civís da nosa cidade en base ó peche do Hospital da Cruz Vermella en Vigo.

O peche deste Hospital socio-sanitario para a cidade e para a súa comarca é un feito desastroso, non só para os 70 traballadores e traballadoras que se atoparán na rúa en breve se as administracións non toman as medidas oportunas e pertinentes, tendo en conta que moitos deles teñen máis de trinta anos de servizo no hospital e con idades moi avanzadas para poder acceder a un posto de traballo despois de toda unha vida; ou para cambiar de sector de actividade laboral cando sempre se adicaron á saúde.

Senón tamén que é de suma importancia coma usuarios xa que os cidadáns de Vigo e da súa comarca perderán un servizo de suma importancia, xa que o Hospital da Cruz Vermella non é un hospital calquera, é o único hospital de Vigo, da comarca e das localidades limítrofes a esta que presta un servizo socio-sanitario. Isto quere dicir que o servizo que presta á cidadanía é o derradeiro do circuíto sanitario, non existe nada máis aló do Hospital da Cruz Vermella na provincia de Pontevedra onde os nosos fillos, parellas e maiores poidan ser atendidos dignamente e cos coidados que

o propio Sergas establece.

Algúns dos usuarios non reúnen as condicións necesarias para acceder a unha residencia, ben pola idade do paciente ou pola situación socio-económica persoal e familiar; tamén polas singularidades das súas doenzas.

Temos que recordar neste foro que os terreos sobre os que está construído o hospital son terreos municipais, terreos doados no seu día por un veciño da nosa cidade para que o Concello os destinara a un mester tal como o existente.

Tamén é necesario informarlles da actitude da ONG Cruz Roja para con esta cidade, os seus usuarios e os seus traballadores xa que, a sabendas de que rompían o concerto do Sergas, comunicado a 29 de decembro de 2009 pola ONG, día posterior ó requirimento por parte da Concellería de Urbanismo do noso Concello para a achega de documentación á solicitude de licitación de obras no hospital, continuou coas relacións laborais como se non pasara nada, tramitando xubilacións parciais a traballadores con data 30 de decembro.

Estase a tramitar un ERE nunha situación de desamparo total para os traballadores, xa que é de moi complexa tramitación pola negativa da empresa ás peticións da documentación necesaria por parte deste Comité de Empresa para poder facer o informe pertinente, xa que as contas que presentan non son nin claras nin oportunas para valorar a súa viabilidade. A actitude adoptada por Cruz Roja non é de recibo para unha empresa sen ánimo de lucro.

Co silencio e a negativa a sentarse nunha mesa a buscar unha solución, entendemos que o Sergas non lle está a dar a relevancia que ten o peche dun hospital encargado das tarefas antes salientadas tan específicas no ámbito sinalado e a decisión de botar á rúa a setenta traballadores e a perda de setenta camas hospitalarias que Vigo e comarca precisan.

Por isto solicitamos do noso Concello, coma administración afectada e representante dos aquí presentes, tome as decisións pertinentes e se pronuncie en defensa da continuidade do hospital e dos postos de traballo.

Moitas grazas a todos por me escoitar.

A PRESIDENCIA: Moitas grazas á Sra. Pérez Mosquera, presidenta do Comité de Empresa do Hospital da Cruz Vermella de Vigo. Máis adiante haberá unha moción para que este Pleno da Corporación se manifieste. Agora imos escoitar ós grupos municipais nas súas quendas de dez minutos, de menos a máis. Ten a palabra dona

María Méndez do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

SR. FIGUEROA VILA: Cuestión de orde. Nós imos facer unha intervención conxunta, danos igual que sexa aquí ou logo na moción xa que é o mesmo tema. Sería mellor que se dea máis tempo se así se quere, en vez de dez minutos que sexan quince ou os que sexa pero que ten máis sentido facer o debate conxuntamente para non repetir.

A PRESIDENCIA: Se a propoñente da moción que virá logo non ten problema, propoño que fagamos un debate agora único sobre a situación que nos acaba de expoñer a presidenta do Comité de Empresa máis o tema da moción que no fondo é o mesmo e que cando cheguemos ó apartado da moción sinxelamente votemos sen máis debate posterior.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Como propoñente da moción acepto sempre e cando se teñan en conta os tempos e que hai unha moción.

SR. FIGUEROA VILA: Non temos ningún problema en ampliar os tempos.

A PRESIDENCIA: Imos entón facer unha primeira quenda de dez minutos empezando pola propoñente da moción, logo falarán os grupos municipais, volverá falar a propoñente durante outros cinco minutos, haberá cinco minutos para o Partido Popular e rematará a propoñente da moción durante tres minutos. Non se vai votar a moción porque non estamos no capítulo de mocións pero queda debatido e cando cheguemos á moción sinxelamente lerase e votarase.

Por tanto ten a palabra dona María Méndez durante dez minutos.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Antes de nada quero saudar á xente da Cruz Vermella aquí presente e dende o grupo municipal do BNG darlles ánimos e manifestarlle todo o noso apoio.

A ameaza de peche da Cruz Vermella non é nada novo pois xa no ano 2004, como lembrarán as persoas aquí presentes, houbo unha ameaza de peche pero entre todos e todas fomos quen de frear ese amago. Foi nesta mesma Corporación onde se debateron dúas mocións, unha presentada polo Partido Socialista e outra polo Bloque

Nacionalista Galego, onde nos solidarizábamnos e pedíamos que o Hospital da Cruz Vermella seguise mantendo os mesmos usos.

Como dixen a ameaza non é nada novo pero esta vez parece que esa ameaza é unha realidade dende o momento en que o día 28 de decembro hai unha denuncia do contrato que mantén co Sergas, por certo, hoxe único cliente, e o 3 de febreiro presentan un ERE polo que setenta traballadoras, moitas delas aquí presentes, poden quedar na rúa.

Neste caso a Cruz Vermella aduce que o centro non é un hospital sostible pero hai un informe de contas, precisamente da Cruz Vermella do ano 2008, onde se mira un excedente positivo de 36 millóns de euros.

O secretario de Saúde e Socorro de Madrid, tal como nos informaba o Comité de Empresa, estivo xa coas traballadoras e manifestoulles que queren adicar o hospital a outros usos e iso é algo que a cidade de Vigo non se pode permitir. En primeiro lugar porque non se poden deixar na rúa a setenta persoas, moitas delas que levan traballando trinta ou trinta e cinco anos, nunha idade moi difícil para a súa recolocación.

Nestes momentos estase a desenvolver un plan de viabilidade onde xa se obxectiva que non hai razóns económicas para o peche. A Cruz Vermella ten unha contabilidade conxunta a nivel estatal, ten unha caixa única e ademais ten un fondo de cohesión onde cada ano pon o seu diñeiro para continxencias; o ano pasado por parte da Cruz Vermella de Vigo puxéronse 137.000 euros, cantidade que saíu de todos e de todas porque ó fin e ó cabo o único contratante é o Sergas, en Galicia é o único cliente.

Quero dicir que este hospital foi construído en terreos que cedeu este Concello por un acordo co Ministerio da Gobernación no ano 1943. Por aquel entón o prego de condicións manifestaba abertamente que o edificio "...debe adicarse a uso sanitario, non podendo cambiarse usos nin tampouco propoñerse o seu alleamento coma edificio".

Por isto o peche que se pretende agora non obedece en absoluto a que non cumpra a súa función porque o Hospital da Cruz Vermella sempre está cheo e sempre é necesario. Tampouco obedece a unha cuestión económica senón a unha mera cuestión de querer darlle outros usos que lle poden ser rendibles á Cruz Vermella.

Por iso hai que lembrar á Cruz Vermella que sexa fiel ós seus principios, ós principios cos que se creou na Convención de Xenebra no ano 1843 e que non deixe ós setenta traballadores na rúa nin á cidade de Vigo e a área sanitaria de Vigo sen setenta

camas que neste intre son imprescindibles como recurso socio-sanitario. Polo tanto rexeitamos categoricamente o expediente de regulación de emprego presentado pola Cruz Vermella.

Agora ben, tamén temos que lembrar que o Sergas ten que dicir algo a este respecto. O ano pasado fíxose un concerto de 1.600.000 euros que logo se ampliou por un pacto co Goberno bipartito en 250.000 euros máis, é dicir, que neste momento polo hospital da Cruz Vermella estanse pagando ó redor de 1.900.000 euros e o Sergas neste caso no pode mirar para outro lado e se a Cruz Vermella quere pechar o hospital ten que negociar e asumir a súa xestión. Isto é obriga da Consellería de Sanidade e do Sergas.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Bos días a todos e todas; por suposto repetir o saúdo ós traballadores do Hospital da Cruz Vermella no nome do Grupo Socialista.

Sobre a intervención da presidenta do Comité pouco hai que engadir en canto a cal é a nosa posición polo que respecta a todos os traballadores dese hospital. Sobre a moción coido que é importante salientar que os problemas veñen de hai tempo pero houbo administracións que se preocuparon dos resolver, en concreto a miña compañeira María Méndez fai referencia a un importante compromiso do Sergas co anterior goberno o ano pasado, de xeito que o Sergas si arraxou entón o problema tendo en conta que había que tratar fondamente cal é a situación dese hospital, co seu importante servizo socio-sanitario para toda a nosa ampla comarca do noso contorno e cremos que é moi grave que precisamente o primeiro ano no que cambia unha administración da Xunta de Galicia xurda este problema e pareza que é irresoluble.

Iso é falso, isto ten que ter solución, é obvio que aí entra dun xeito moi claro unha administración que é a Xunta de Galicia, que non pode seguir mantendo a postura de mirar cara o outro lado. É absolutamente imprescindible que o Sergas, máis amplamente a Xunta de Galicia porque ten mecanismos e medios para iso, se senten, por suposto coa Cruz Vermella, falen o que teñan que falar, que se senten cos traballadores, para que haxa a mellor solución que en ningún intre pode pasar polo peche dese hospital que xoga un papel crucial en toda a nosa área.

É absolutamente crucial ese compromiso: que se senten o Sergas, Xunta de Galicia, con Cruz Vermella e os traballadores precisamente para tentar atopar unha solución. Aínda que se pasou sucintamente pola actitude da Cruz Vermella, quero deixar claro

que dende o apoio total a unha ONG que cumpre un papel absolutamente crucial, temos que dicir que non se poden lavar as mans. Nese sentido o Alcalde da cidade, hoxe en Madrid, envioulle un escrito, entendemos que moi duro porque a responsabilidade a teñen que asumir todos os que están implicados, á presidenta da Cruz Vermella de Vigo no que lle advirte claramente da necesidade do esforzo desa organización porque, no caso de que non faga ese esforzo que están en condicións de facer, se lle advirte que o convenio polo que Cruz Vermella está utilizando ese hospital vai rachar co cal nos veríamos na obriga de que ese espacio cedido volvera ó Concello.

É a última das posibilidades que contemplamos pero ten que quedar absolutamente claro que a Cruz Vermella ten que se involucrar a fondo, ten que pensar nesta área metropolitana e nese sentido coido que o apoio da moción por parte do Grupo Socialista é claro, o apoio ós traballadores é rotundamente claro e faremos todos os esforzos para que a Xunta non mire cara outro lado e se comprometa seriamente en buscar unha solución que ten que pasar por manter ese servizo socio-sanitario tan importante na nosa cidade.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Benvidos o voceiro do Comité de Empresa e os traballadores da Cruz Vermella.

Como sabemos o tema da Cruz Vermella é importante na nosa cidade pola transcendencia que ten a actuación desta organización, tanto para os pacientes do hospital como para os traballadores. Non me gustou, Sr. Calviño, esa politización da súa intervención, coido que ata ese momento iamos moi correctamente nas intervencións neste Pleno e teño que dicir que non me gustou a súa intervención no sentido político.

O que debemos dicir é que Cruz Vermella o 23 de decembro de 2009 comunica por escrito ó Sergas a denuncia ó concerto que tiña asinado para a prestación de asistencia socio-sanitaria. De xeito unilateral e pola súa soa vontade a Cruz Vermella decide poñer fin ó concerto que existía e denúnciao un ano antes de rematar. O concerto asinárase no ano 99 renovándose sucesivamente nos anos 2002 e 2007. A decisión da denuncia foi tomada exclusivamente polos organismos reitores da Cruz Vermella de non continuar co concerto e é exclusivamente a Cruz Vermella quen ten que explicar esa decisión unilateral de rescindir.

É unha decisión de xestión desta entidade autónoma que ó mesmo tempo que



denuncia este concerto realiza importantes investimentos noutros centros dos que é titular.

Nos últimos anos o Sergas realizou importantes esforzos de apoio a este concerto coa Cruz Vermella e así foi o incremento da contía do presuposto do concerto ata 1.907.000 do ano 2009 en que se incrementou o concerto na contía de 250.000 euros e a pesar disto a Cruz Vermella decide denunciar en decembro dese mesmo ano.

Mesmo facendo unha comparativa das tarifas da actividade desenvolvida pola Cruz Vermella con outros centros vese que percibe por esas prestacións entre un 9 e un 55% máis que outros centros, é dicir, que a Cruz Vermella percibe polos seus servizos unha contía superior á que reciben outros centros. Non se entende por tanto esta actuación.

A Cruz Vermella presta o seu labor en España dende 1884, como din os seus estatutos "...unha institución de carácter voluntario e de interese público que desenvolve a súa actividade baixo a protección do Estado Español, presidida polos principios de humanidade, imparcialidade, neutralidade, independencia, voluntariado, unidade e universalidade" e que desenvolveu o seu traballo en beneficio público dende a súa creación coa colaboración de voluntarios e de moitos doantes e sen embargo agora decide unilateralmente denunciar este concerto.

Trátase por tanto dunha decisión exclusiva da Cruz Vermella que non quere seguir prestando ese servizo e anúnciao cun ano de antelación. Evidentemente esa denuncia terá consecuencias sobre os traballadores que prestan os seus servizos neste centro e nos usuarios do mesmo. De aí a oposición do Partido Popular á actuación da Cruz Vermella e o rexeitamento á actuación desta entidade polas consecuencias que terá tanto para o cadro do persoal como para os usuarios.

Se a Cruz Vermella decide unilateralmente pechar o hospital dende logo non será por problemas de débedas económicas, xa se dixo aquí que é unha entidade saneada. É certo que hai anos tiña débedas coa Facenda Pública e coa Seguridade Social pero agora é unha entidade moi saneada. No ano 2008, segundo un informe da auditoría, tivo un excedente, non beneficio porque evidentemente é unha organización non lucrativa, de 36.721.000 euros, máis que un banco medio, máis que moitas entidades multinacionais que non teñen eses beneficios.

No ano 2008 tiña un patrimonio neto a Cruz Vermella de 269.641.000 euros; tiña investido en fondos de investimento e imposicións a prazo fixo e os seus depósitos

eran de 102.000.000 euros. Non tiñan ningún ben embargado e a disposición líquida da Cruz Vermella en España era de 117.000.000 euros, é dicir, unha entidade moi saneada con fondos excedentes de máis de 36.000.000 de euros e unha capacidade grande de investimento. Así no ano 2008 realizou investimentos pola cantidade de 64.000.000 de euros.

Non hai por tanto razóns económicas para denunciar o concerto e tampouco é polas contías reducidas das tarifas que cobra polos servizos do Sergas porque xa dixemos que son superiores entre o 55 e o 9% ó que perciben outros centros.

Sen embargo vemos que non hai interese pola Cruz Vermella por este centro e non hai interese porque os investimentos nestes últimos anos non se realizaron. Se comparamos con investimentos noutros centros de titularidade da Cruz Vermella en el ano 98 en Gijón 99-2000 e continúan eses investimentos, en San Sebastián 2002-2003, Palma de Mallorca 2005, Sevilla 2006-2008 e en Vigo non se fixo nada, ata existen denuncias que aquí se recibiron sobre o desvío a Madrid de parte dos fondos que percibe a Cruz Vermella polo concerto.

Por tanto non hai razóns económicas de déficit da Cruz Vermella nin de baixa retribución das prestacións. Sinxelamente denunciaron o concerto porque así o decidiron.

Pero tamén dende este Concello debemos pensar no que podemos facer e non deixando de lado a nosa responsabilidade nin competencias. Non preguntármonos que poden facer outros para manter o centro senón preguntármonos o que pode facer o Concello de Vigo para o manter.

Aquí xa se dixo que os terreos de Vigo foron cedidos para o hospital polo Concello de Vigo no ano 1944. No Pleno do 31 de decembro de 1943 o Concello acordou ceder a censo reservativo á Asemblea da Cruz Vermella un terreo-solar municipal de 520 m<sup>2</sup> na avenida de Cánovas del Castillo. A cesión realizouse de forma condicional, baixo unha condición resolutoria de que en caso de incumprimento podía dar lugar á rescisión. Segundo se establece nese acordo fixa que a Cruz Vermella ven obrigada a construír no solar de referencia un edificio, "... o proxecto de edificio, de acordo co anteproxecto que se indica no número anterior deberá ser aprobado por este Concello de Vigo. A construción do edificio deberá comezar dentro dos tres meses seguintes. O edificio deberá destinarse precisamente a dispensario, sanatorio, albergue de viaxeiros e brigada mixto-sanitaria, non podendo a Cruz Vermella variar o seu destino sen a previa autorización deste Concello de Vigo. O Concello de Vigo

percibirá da Cruz Vermella Española por esta cesión unha pensión anual de cinco pesetas. O incumprimento de calquera das condicións indicadas dará dereito ó Concello de Vigo a anular este censo reservativo”.

Di por tanto que cabe a posibilidade de anulación deste censo. A figura do censo reservativo é unha figura pouco utilizada; dos tres censos, consignativo, reservativo e infitético só este último ten algunha aplicación pero escasa. O censo reservativo implica a cesión do pleno dominio dun inmovible reservándose dereito a percibir do mesmo inmovible unha pensión ou dereito anual que deberá pagar o censuario, neste caso a Cruz Vermella. A cesión a través desta figura pouco aplicada quizais debeu facerse porque non fose unha doazón e tampouco unha compra-venda, o que implicaría para a Cruz Vermella o pagamento dun prezo que no Rexistro da Propiedade aparece como prezo do solar no ano 44 de 276.000 pesetas.

Entregouse por tanto un solar de 520 m<sup>2</sup> no centro de Vigo a cambio do pagamento anual de cinco pesetas e con certas condicións. Aí é onde está a capacidade de actuación e de presión deste Concello. O sábado aparecía que o Concello reclamaría os terreos se cesaban a actividade pero dende o Partido Popular cremos que o Concello debe actuar antes, xa debería estar actuando. Ó anunciaren as demandas no futuro ó demandado, só favorece á Cruz Vermella. As demandas non as hai que anunciar senón que as hai que interpoñer, se advertimos que imos demandar vai ocasionar que Cruz Vermella poida prepara a súa defensa e vixiar e revisar se cumpriu ou non as súas obrigas, por isto consideramos que non foi o máis correcto.

É certo que unha das condicións é destinar o edificio a dispensario, sanatorio, etc., pero outra das condicións é o pagamento da pensión anual. O seu incumprimento daría a posibilidade ó Concello de anular esa cesión a través de censo reservativo. Por iso preguntamos se está a pagar esa pensión anual ó Concello de Vigo a Cruz Vermella, se se ingresa esa cantidade. Descoñecemos se o censo se redimiu, é dicir, se se lle pagou o capital. O pasado martes non aparecía nada no Rexistro da Propiedade.

Tamén coñecemos que na Tesourería Municipal non se ingresou a pensión anual fixada no acordo durante os últimos dez anos. Se non se redimiu o censo e existe a obriga de pagamento da pensión anual pola Cruz Vermella, se non se ingresou esa pensión no Concello nos últimos dez anos, por que non se anula a cesión dos terreos? Dánse por tanto estas dúas premisas e debíanse ter exercitado accións para a anulación da cesión dos terreos á Cruz Vermella e por iso dicimos que é un erro

anuncialo.

Por todo isto dende o Partido Popular consideramos que hai que estudar que pode facer o Concello en relación con estes terreos dos que é titular porque a presentación da demanda significaría que o Concello tería a posibilidade de negociar coa Cruz Vermella a continuación do hospital. A presentación da demanda significaría sobre todo a presión que tería a Cruz Vermella de poder perder o terreo e sobre todo debería facerse de xeito urxente e rápido nese sentido e ter unha posición de forza para negociar e esixir.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: A verdade é que aprendemos moito coa intervención do Sr. López-Chaves, téñolle que agradecer esta intervención que sería digna de estar diante dun xuíz porque coma avogado fixo unha perfecta definición do que é un censo reservativo, aínda que probablemente xa o saibamos os concelleiros e concelleiras aquí presentes, que como el mesmo recoñecía é unha figura que apenas se utiliza e que eu saiba nunca se utilizou nos anais deste Concello.

Houbo unha cousa que esqueceu dicir ó Sr. López-Chaves, só o nomeou ó principio e foi a palabra “Sergas”. Dáse a casualidade que neste caso esa palabra ten unha transcendencia vital, non sei se será porque nestes momentos o Sr. López-Chaves e o seu partido están no goberno da Xunta e non están asumindo as responsabilidades que lles corresponden como tal.

A Sra. Conselleira de Sanidade mandou unha carta á Cruz Vermella e por iso agora o Comité de Empresa pechouse na Delegación da Xunta para pedir unha entrevista porque ata este momento o Sergas, a Xunta de Galicia dirixida polo Sr. Feijoo, mirou cara outro lado. Cando pecha un recurso socio-sanitario coma é a Cruz Vermella, un recurso que ten 70 camas socio-sanitarias onde van esas persoas con graves dependencias funcionais, pacientes crónicos, pacientes VH, pacientes que non hai onde mandalos, non se pode mirar cara outro lado.

O Sergas non pode mirar cara outro lado cando o único recurso socio-sanitario da provincia de Pontevedra, o único hospital de crónicos definido como tal, vai pechar. Nestes momentos mira cara outro lado cando xa unicamente quedan 45 pacientes na Cruz Vermella, cando están gastando os recursos sanitarios como son as camas dos hospitais de agudos e as camas dun hospital como é o Nicolás Peña onde hai oito pacientes neste momento en espera de traslado á Cruz Vermella.

Está a trasladar a algúns pacientes que levan alí algún tempo, co consentimento ou

ás veces forzando un pouco dende a Cruz Vermella, a outros lugares e o Sergas permite que estes pacientes vaian mesmo para residencias privadas. Sr. López-Chaves, preguntolle: Ten o Sergas interese en encher as residencias privadas que hai ó redor de Vigo?

Outra pregunta que se nos ocorre é se se pode endebedar a sanidade pública en 350.000.000 de euros que temos que pagar todos os contribuíntes durante trinta anos a unha UTE privada para facer un hospital en Vigo e non pode asumir o Sergas 3,5 millóns de euros que son necesarios para o seu arranxo.

Outra pregunta que se me ocorre respecto do Sergas e se non podemos asumir unha xestión do único centro socio-sanitario que hai en Vigo e imos deixar a setenta traballadoras na rúa. Pódese facer iso, Sr. López-Chaves?

O único que se me ocorre agora é que o Sergas ten que asumir as responsabilidades cousa que non está a facer. Neste intre o Sergas non se pode permitir o luxo de perder un hospital destas características. Ademais asumir a xestión deste centro sae moito máis barato que mandar ós pacientes a residencias, pacientes que dentro de pouco van ingresar no hospital e dou fe porque traballei no sector e son pacientes que teñen que estar nun hospital, non nunha residencia da que logo volverían ir a urxencias e terían que asumirse nun hospital de crónicos.

Nestes momentos se está a pagar polo hospital da Cruz Vermella 73 euros/día. Imaxínese canto se está a pagar por esa mesma cama nun hospital de agudos: 150 euros día ou 200 euros día. É dicir, a Cruz Vermella resultarlle ó Sergas un recurso barato.

Non miren cara outro lado, asuman responsabilidades e non digan cousas como que se está politizando unha moción cando se lle está a pedir ó Sergas que asuma responsabilidades.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Insisto no que comentamos antes de que a intención da Cruz Vermella é pechar o hospital a pesar de ter beneficios por 36 millóns de euros. A pesar de recibir doazóns, porque non só ten ingresos a través dos concertos, por 57 millóns de euros de administracións públicas, tanto do Estado e comunidades autónomas como de particulares. A pesar de ter fondos nas súas contas correntes de 107 millóns de euros. A pesar de ter un patrimonio de máis de 300 millóns de euros e a pesar de ter 62 millóns de euros de investimento o ano pasado.

A Cruz Vermella é unha organización moi saneada que se nutre con fondos non só

por achegas das administracións públicas, senón por doazóns de particulares o que levou a unha situación de equilibrio e de beneficio patrimonial que outras entidades non teñen. A pesar disto, sen razóns económicas e do que supón para esta cidade, para os traballadores e para os usuarios, decidiu o peche. Trátase por tanto dunha entidade non con ánimo de lucro pero si unha entidade privada que a pesar de ter eses beneficios tan amplos se os comparamos con outras entidades, mesmo multinacionais, decidiu o peche e ela á a responsable e a quen hai que premer.

Por iso insisto no que dixen antes: pode o Concello facer algo? Pode premer o Concello? Pode o Concello mirar cara outro lado sendo el tamén titular e doante?

Isto é unha nota sinxela do Rexistro da propiedade do pasado martes e nela aparece aínda o censo reservativo, aparece a obriga desa cantidade ou canon que debería ser aboado. Segundo informe da Tesourería deste Concello non se ingresou esa cantidade nos dez últimos anos. O non ingreso desa cantidade podería levar consigo a resolución das condicións o que significaría a posibilidade de que o Concello puidese pedir a devolución dos terreos, o que habería que facer inmediatamente porque xa antes dixen que non se anuncian as demandas, senón que se interpoñen porque se as anunciamos a Cruz Vermella poderá estar revisando ese convenio e poderá aboar esas cantidades de forma inmediata ou sobre todo prepararse para defender a súa postura no caso de que sexa demandada por este Concello.

Coidamos que dende o Concello se debería actuar aínda que sexa cunha mínima posibilidade que exista de éxito desa demanda porque por parte do Concello significaría o risco máximo de perder as costas e pola parte da Cruz Vermella suporía a posibilidade de perder o terreo.

Por isto o que pedimos é que por parte do Concello, que si ten medidas de presión e capacidade sobre a Cruz Vermella, se exerciten todas as accións de forma inmediata e urxente para poder ter un xeito de poder premer á Cruz Vermella esixíndolle e senón continuar con esa demanda. A Cruz Vermella corre o risco de perder os terreos e iso sería un xeito importante de presión por parte do Concello que nese sentido ten capacidade para iso.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Xa vemos o que lle importa a sanidade pública ó Partido Popular. Xa vemos como o Partido Popular deriva dicindo que toda a culpa é da Cruz Vermella. Non sei se o Sr. López-Chaves que é avogado e ademais experto neste tema do Dereito, resulta que está a propoñer que o Concello actúe xa, é dicir, o ERE

remata o día 3 de marzo, os traballadores están a facer un plan de viabilidade e o único que se lle ocorre é que nestes momentos o Concello entre en discordia e solicite que se anule a concesión dos terreos. Esa é a típica solución de agachar a cabeza baixo a á que é o que fai o Partido Popular cando goberna.

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presentou xa na Xunta de Galicia unha proposición non de lei e unha serie de preguntas sobre varias cuestións. Díciase: "...Parece defendible dende o punto de vista sanitario e de asistencia social o peche deste hospital?" A Xunta aínda non respondeu, ninguén saíu responder esta pregunta. "Ten avaliado o goberno galego a repercusión na comarca de Vigo desta decisión no caso de levarse a cabo? Cales son as consecuencias? Ten feito algunha xestión para que sega activo este hospital?" Vostede di que as faga o Concello. "De telas feito, cales foron?" Ningunha, contéstolle eu. "No caso do seu peche que decisión vai tomar a medida para implementar o goberno galego para substituír a prestación que viña desempeñando a Cruz Vermella no seu hospital de Vigo? Cales son os prazos e os medios que vai poñer en marcha?"

Estas preguntas fágollas eu, fixéronllas á Xunta e vostedes non foron quen das resolver. Neste momento o que vostede está a facer é formular estas mesmas cuestións ó Concello de Vigo. O que pode facer o Concello de Vigo evidentemente é apoiar e iso é o que está a facer. Pero o Sergas, a conselleira de Sanidade e o Sr. Feijoo non poden mirar para outro lado porque repito que neste intre é moito máis barato asumir a xestión da Cruz Vermella que derivar os pacientes a outros hospitais que é o que están a facer agora.

Asuman as responsabilidades, Sr. López-Chaves e señores do Partido Popular. Non deixen ós traballadores na rúa porque vostedes tamén son responsables.

De novo dende aquí a solidariedade cara os traballadores.

A PRESIDENCIA: Aquí remata o debate. A moción lerase no capítulo de mocións cando lle corresponda e votarse tal como quedamos. Gracias ós tres grupos polas súas explicacións e moitas gracias unha vez máis a dona Hortensia Pérez Mosquera como presidenta do Comité de Empresa. Saudamos e damos o noso parabén polo traballo que veñen desenvolvendo nestes anos todos traballadores e traballadoras da Cruz Vermella e manifestar o apoio unánime e sen ningún tipo de fisuras de este Goberno municipal e creo e espero que de toda a Corporación, a nosa solidariedade cos seus problemas e para que esta cidade non perda un elemento tan importante coma é un

hospital destas características. Gracias a todos.

CUESTIÓN DE ORDE.- SR. FIGUEROA VILA: Cuestión de orde, Sr. Alcalde. Quixeramos que conste en acta o noso malestar porque con datas 19 e 25 de xaneiro hai escritos de entrada en Rexistro Xeral doutro colectivo para comparecer neste Pleno. Na Xunta de Voceiros rexeitouse dicindo que só podía intervir un colectivo. Nós estabamos dispostos a aceptar as dúas intervencións e espero que isto só fose un erro e que esa intervención, que está solicitada por parte da Federación de Asociación de Veciños Eduardo Chao, veña tratarse no próximo Pleno sen ningún tipo de discusión. Coidamos que tanto se é para ben como para mal as comparecencias solicitadas neste Pleno deben ser atendidas.

A PRESIDENCIA: Que se recolla en acta e que tamén se recolla que por parte do Goberno non houbo ningún tipo de boicot ou de veto á intervención da Federación Veciñal. O único que aconteceu é que dada a gravidade e a urxencia do tema dos traballadores e traballadoras da Cruz Vermella creuse que este era o momento de tratar este tema e posteriormente haberá outras intervencións no Pleno, non só a da Federación de Veciños senón algunha máis que está pedida.

### 3.- (22).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións da Alcaldía entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 28 de decembro de 2009 e 22 de febreiro de 2010.

### 4.- (23).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 28 de decembro de 2009 e



22 de febreiro de 2010.

- 5.- (24).- DAR CONTA DE SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO RCA NÚMERO PA.372/2005, INTERPOSTO POR POMPAS FÚNEBRES SANTA CRISTINA, S.L., RELATIVA A ILEGALIDADE DO ART. 18-3º DA ORDENANZA MUNICIPAL FUNERARIA DO ANO 2000.

ANTECEDENTES.- Con data 6 de novembro de 2009, a Sección 2ª do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no RCA número PA.372/2005, interposto por Pompas Fúnebres Santa Cristina, S.L., relativa á ilegalidade do artigo 18.3º da ordenanza municipal funeraria do ano 2000, ditou sentenza número 01138/2009 co seguinte fallo:

“Que debemos estimar a cuestión de legalidade presentada pola xuíz do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo, no PA372/05 e, en consecuencia, declaramos a nulidade do apartado 3º do artigo 18 da ordenanza xeral reguladora da actividade mortuoria de Vigo, de data 30 de setembro de 2000, publicada no BOP do día 15 de novembro de 2000; sen custas”.

*Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.*

- 6.- (25).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA ITE. EXPTE. 2803/428.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de outubro de 2009, a arquitecta xefe da oficina da ITE e o técnico de administración xeral, coa conformidade da xerente de Urbanismo, emiten o seguinte informe:

“I.1.-O art. 9 da L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA), obriga ós propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións a destinalos ós usos permitidos polo planeamento urbanístico e a mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

-----  
S. Ordinaria 22.02.10

En termos semellantes exprésase tamén hoxe o art. 9 do RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei de solo.

2.- Ademais, o art. 200 da LOUGA estableceu o deber dos concellos galegos de regular mediante ordenanza municipal a obriga de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

3.- A ordenanza deberá establecer as edificacións que quedan suxeitas a esa obriga en función da súa antigüidade e, en todo caso, incluíranse todas as edificacións catalogadas ou de antigüidade superior a 50 anos, os prazos e as condicións nas que deba realizarse a inspección técnica das edificacións (ITE) a cargo de facultativo competente.

4.- En sesión ordinaria do 01.04.2005, o Pleno desta Corporación acordou aprobar definitivamente a «Ordenanza municipal reguladora da inspección técnica de edificacións do Concello de Vigo» (exp. nº 936/400; BOP nº 93, do 16.05.2005); ordenanza que entrou en vigor o 01.01.2006 (Disposición Final 2ª).

5.- A ordenanza é aplicable a todos os propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións e construcións situadas no termo municipal de Vigo, con independencia do seu uso ou destino (vivenda, oficinas, industrial, comercial, etc.), con excepción das edificacións e construcións declaradas en situación de ruína por resolución firme e as sometidas a expediente contradictorio de ruína.

## II.- NORMATIVA EXAMINADA

- CE (Constitución española de 1978).
- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LOE (L.38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LMMGL (L.57/2003, do 16 de decembro, Medidas para a modernización do goberno local).
- TRRL (RDLex.781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).
- RSCL (D. 17.06.1955, Regulamento de servizos das Corporacións locais).
- RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (AD Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: AD Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).

- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo).

### III. XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN PROPOSTA

1. Tres anos despois da entrada en vigor da ordenanza, a experiencia práctica acumulada na súa aplicación, concretada en máis de 8.500 ITEs presentadas no período 2006-2009, aconsellan introducir no seu texto determinadas correccións, orientadas todas elas a acadar, do mellor xeito posible, o seu obxectivo principal: velar polo mantemento das condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade e habitabilidade das edificacións suxeitas a esta obriga.

Trátase tamén, ó mesmo tempo, de clarificar e simplificar a realización dos informes de ITE e de dotar dunha maior eficacia á resposta dos cidadáns naqueles casos en que sexa necesario adoptar medidas urxentes pola existencia dunha situación de risco ou perigo inminente.

2.- Ó mesmo tempo, a entrada en vigor do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo de 2008 (PXOM) xustifica a adaptación da ordenanza da ITE ás novas determinacións do planeamento; acomodación normativa xa prevista, por certo, na súa Disposición Final 1ª.

Así, por exemplo, a esixencia de acreditar o cumprimento das condicións de protección contra incendios (art. 2.3.4 NNU) traducirase na obrigatoria incorporación dun novo informe que garanta o cumprimento daquelas condicións e afectará ó contido dos arts. 1 e 5 da ordenanza, ó anexo II - Informe "D" (apdo. "D.2") e ó ditame.

Ademais, a distinción que realiza o PXOM entre as situacións de fóra de ordenación total e parcial ("*fóra de ordenación*" e "*fóra de ordenanzas*", respectivamente: arts. 2.7.20 e 2.7.22 NNUU), recóllese agora na ordenanza no seu anexo I («Ficha técnica da edificación»), páxina 2 («situación urbanística»).

3.- As principais modificacións que se propoñen son, en síntese, as seguintes:

- 1) Establécese o contido mínimo do informe de ITE e a obriga de levar a cabo os estudos previos necesarios para determinar a existencia ou non de danos na edificación. Para estes efectos, obrígase a realizar probas, calas ou catas no caso de que existan indicios que leven ó técnico a supoñer a existencia dun dano oculto.
- 2) Clarifícase o contido mínimo dos informes desfavorables e elimínase o informe "E", relativo ó estado xeral dos elementos comúns (portais, escaleiras, etc.), xa que este soamente resultaba de aplicación para os edificios de vivenda colectiva ou de oficinas e o seu contido debía incluír obrigatoriamente xa nos demais informes.
- 3) Asegúrase unha maior eficacia na adopción por parte da propiedade, baixo a dirección dun técnico competente, das medidas inmediatas de seguridade esixidas diante dunha situación de perigo inminente. A adopción destas medidas urxentes quedarán debidamente xustificadas, técnica e documentalmente, no informe de ITE. Así, no art. 9 da ordenanza establécese a

obriga de presentar, xunto co informe de ITE, un compromiso de execución inmediata das medidas urxentes necesarias e, á súa finalización, un documento que acredite a correcta execución destas.

- 4) Simplifícase o contido dos informes en dous (2) modelos, dependendo de que o resultado da inspección sexa favorable ou desfavorable. Así, se o resultado fose favorable non será necesaria a presentación de todos os informes senón soamente do ditame favorable.
- 5) Modifícase a ficha técnica da edificación (anexo I) para posibilitar a introdución dun maior número de referencias catastrais e doutros datos relativos ó réxime propiedade.

#### IV. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

1.- Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materias tales como a disciplina urbanística, o patrimonio histórico-artístico, a protección do medio ambiente e da salubridade pública (art. 25.2.d], e], f] e h] LRBRL e art. 80.2.d], e] e arts. 81.d] e 86.1.i] LALGA ).

2.- As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (arts. 84.1.a] LRBRL e 5 do RSCL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos arts. 4.1.a] da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local (LRBRL) e do RD.2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e 6.1.a) da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

3.- Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, ós principios de legalidade, igualdade de trato, proporcionalidade e congruencia cos motivos e fins que xustifiquen a potestade e o respecto á liberdade individual (Arts. 286 LALGA e 2, 4 e 6 do RSCL).

4.- As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non podendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero si tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (arts. 4, 286 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos arts. 139-141 da L.57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local.

5.- A teor do disposto na precitada L.57/2003, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (art. 127.1.a] LRBRL) e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (art. 123.1.d] LRBRL); atribución esta última tamén recollida nos arts. 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF. Ademais, conforme co art. 8.m] en relación co art. 3 dos Estatutos da XMU, correspóndelle ó Consello de Xerencia propoñerlle ó Pleno da Corporación a adopción de acordos en todos aqueles asuntos nos que a competencia se reserva a este.

6.- De acordo cos arts. 49 da LRBRL e 56 do RDLex. 781/86, do 18 de abril (Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local: TRRL), a aprobación da modificación desta ordenanza axustarase ó seguinte procedemento:

- a) Aprobación do proxecto de ordenanzas pola Xunta de Goberno Local ao amparo do artigo 127.1.a da Lei 7/1985.
- b) Aprobación inicial polo Pleno, previo ditame da comisión informativa.
- c) Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- d) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.
- e) De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

7.- Conforme co previsto nos arts. 70.2 e 65.2 da LRBRL e 196.2 do ROF, a ordenanza deberá publicarse integramente no BOP e entrará en vigor ós quince (15) días hábiles da súa publicación completa.”

Polo anteriormente exposto, os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 21 de decembro, acordou aprobar o proxecto de modificación da ordenanza.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 28 de xaneiro, ditamina favorablemente a proposta citada anteriormente.

(Está ausente o Sr. Caballero Álvarez do Grupo Socialista e máis o Sr. González Sagarra e a Sra. Iglesias Bueno do Grupo Popular)

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación parcial da ordenanza municipal reguladora da inspección técnica de edificacións (ITE) do Concello de Vigo, elaborada pola Oficina da ITE da Xerencia Municipal de Urbanismo, co texto transcrito ó final do presente acordo.

Segundo.- Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Terceiro.- Declarar que, consonte co establecido no artigo 49.c] da LRBRL (L.7/1985), de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto

-----  
S. Ordinaria 22.02.10

íntegro do Ordenanza no BOP; ordenanza que entrará en vigor ós quince días da súa publicación completa.

O texto íntegro da ordenanza, que incorpora as modificacións propostas (en negriña e cursiva) é o seguinte,

## **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS (ITE) DO CONCELLO DE VIGO**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

#### **I. XUSTIFICACIÓN**

Congruente co concepto xeral de propiedade privada acollido pola Constitución Española de 1978 no seu artigo 33, «como un haz de facultades sobre las cosas, pero también, y al mismo tiempo, como un conjunto de derechos y obligaciones» (STC 37/1987, do 26.03.1987, FX 2º), o contido normal do dereito de propiedade urbana está integrado non só por un conxunto de facultades senón tamén de deberes, entre os que se atopa o deber básico dos propietarios de manter as edificacións en debidas condicións de seguridade e salubridade.

Este deber de conservación, positivizado na lexislación urbanística e da edificación, constitúe unha das manifestacións típicas da «función social da propiedade» (art. 33.2 CE), delimitadora do contido do dereito de propiedade privada en atención á finalidade ou utilidade social que, neste caso a propiedade inmobiliaria, debe cumprir.

Dende hai tempo, vense constatando unha crecente preocupación social polo estado de conservación das edificacións e, en especial, polas consecuencias negativas derivadas do incumprimento polos propietarios das condicións de seguridade esixibles; causa en ocasións de graves danos para os bens e tamén, lamentablemente, de perda de vidas humanas.

Para facer fronte a esta situación é preciso que os poderes públicos e, en primeira instancia, as Corporacións locais, sexan capaces de instrumentar medios de control preventivo e de fomento que complementen eficazmente as técnicas ordinarias de intervención restauradora (p.ex. ordes de execución) e as tradicionais -e imprescindibles- tarefas de policía administrativa vencelladas á vixilancia do mantemento daquelas condicións básicas de conservación.

No marco dunha necesaria cultura da rehabilitación e o mantemento, a inspección periódica ou técnica das edificacións (ITE) configúrase hoxe no dereito urbanístico autonómico e nas ordenanzas locais como un instrumento de tutela preventiva idóneo para potenciar o papel que a conservación debe xogar no mantemento da cidade e para evitar a progresiva degradación do patrimonio edificado, o deterioro urbanístico e social de determinadas áreas e a perda de identidade urbana asociada.

A realización de inspeccións técnicas periódicas deberá permitir coñecer se as edificacións están a ser conservadas e mantidas correctamente e non presentan

síntomas aparentes que indiquen unha falta de seguridade nas mesmas, posibilitando unha mellora substancial dos niveis de conservación xeral e que se acometa a tempo a execución de medidas inmediatas que eviten tanto riscos para a seguridade das persoas como a necesidade de afrontar reparacións máis complexas e custosas.

Ademais de permitir un maior coñecemento e control do estado de conservación das edificacións de Vigo, obxectivo principal que se reflectirá no Rexistro da ITE, a Ordenanza debería contribuír tamén a dotar de maior seguridade xurídica e técnica ós usuarios do mercado inmobiliario de vivendas de certa antigüidade ou rehabilitadas.

## II. FUNDAMENTO LEGAL

O artigo 200 da L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) determina o deber dos concellos galegos de regular mediante ordenanza municipal a obriga de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

A ordenanza deberá establecer as edificacións que quedan suxeitas a esa obriga en función da súa antigüidade e, en todo caso, incluíranse todas as edificacións catalogadas ou de antigüidade superior a 50 anos, os prazos e as condicións nas que deba realizarse a ITE a cargo de facultativo competente, que consignará os resultados da súa inspección expedindo un informe no que describirá os estragos apreciados no inmovible, as súas posibles causas e as medidas prioritarias recomendables para asegurar a súa estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais ou para manter ou rehabilitar as súa dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas.

Así mesmo, deixará constancia do grao de realización das recomendacións expresadas con motivo da anterior inspección periódica. A eficacia deste informe esixe remitirlles copia do mesmo ó Concello e ó colexio profesional correspondente.

A Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo poderá esixir dos propietarios a exhibición dos informes actualizados de inspección periódica de edificacións e, se descubriese que estas non se efectuaron, poderá realízalas de oficio a custa dos obrigados.

No artigo 217.4 do mesmo texto legal tipifícase como infracción urbanística leve o incumprimento da obriga de realizar a inspección periódica das edificacións, sancionable con multa de 300 a 6000 € (art. 220.1.a)).

## III. COMPETENCIA MUNICIPAL

De acordo coa lexislación de réxime local, o Concello de Vigo conta, no desenvolvemento das súas funcións de policía urbana, coa habilitación legal precisa para exercer competencias en materias tales como disciplina urbanística (arts. 25.2.d] LRBRL e 80.2.d] LALGA), patrimonio histórico-artístico (arts. 25.2.e] LRBRL e 80.2.e] LALGA), protección do medio ambiente (arts. 25.2.f] LRBRL), protección civil (arts. 25.2.c] LRBRL e 80.2.c] LALGA) e protección da salubridade pública (art. 25.2.h] LRBRL).

#### IV. CONTIDO E ALCANCE DA ORDENANZA

A «Ordenanza municipal reguladora da Inspección Técnica de Edificacións (ITE) do Concello de Vigo» establece a obriga formal dos propietarios de edificacións de acreditar o cumprimento do deber de conservación imposto pola normativa urbanística e a propia ordenanza mediante a obtención dun informe de inspección técnica da edificación expedido por técnico competente, co contido, na forma e nos prazos sinalados nela.

Esta obriga alcanza a todos os propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións situadas no termo municipal de Vigo, con independencia do seu uso ou destino, agás as declaradas en situación de ruína ou sometidas a expediente contradictorio de ruína mentres non exista resolución firme.

Para todos os edificios existentes á entrada en vigor da ordenanza, os prazos para a presentación do primeiro informe empezarán a contar dende esa mesma data e quedan fixados na forma establecida na Disposición transitoria única, sen que en ningún caso esta disposición poida xustificar o incumprimento dos deberes de conservación e mantemento da edificación.

#### **ARTIGO 1.— FUNDAMENTO E OBXECTO DA ORDENANZA**

1.— Dítase esta ordenanza ó abeiro do disposto, especificamente, no artigo 200 da LOUGA, que establece a obriga dos concellos de regular mediante ordenanza municipal o deber de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

2.— Regúlase nela a obriga formal dos propietarios de edificacións de acreditar o cumprimento do deber de conservación, concretado no mantemento das condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade, consolidación estruturais e condicións de protección ou de seguridade en caso de incendios, así como as de habitabilidade, en función do destino propio da edificación, de acordo co establecido na normativa urbanística aplicable e nesta ordenanza.

3.— Para os efectos da citada inspección, as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade, consolidación estruturais e de seguridade en caso de incendios, así como as de habitabilidade en que deben manterse as edificacións en función do seu uso, serán as seguintes:

- a) Seguridade, estabilidade e consolidación estruturais, de xeito que non se produzan no edificio ou partes do mesmo danos que teñan a súa orixe ou afecten á cimentación, ós soportes, ás vigas, ós forxados, ós muros de carga ou outros elementos estruturais e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade do edificio.
- b) Seguridade e estabilidade dos seus elementos construtivos cuxo deficiente estado supoña un risco para a seguridade das persoas, tales como chemineas, varandas, falsos teitos, cornixas, aplacados e elementos ornamentais ou de acabado; en particular, se poden caer á vía pública.
- c) Estanquidade fronte á auga, evitando filtracións a través da fachada, cuberta ou do terreo, en particular se estas afectan á habitabilidade ou uso do edificio ou



- poidan ser causa de falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.
- d) Estanquidade e correcto funcionamento das redes xerais de fontanería e saneamento, de forma que non se produzan fugas que afecten á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa da falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.
  - e) Cumprimento das condicións de protección de incendios que correspondan en aplicación da normativa aplicable no momento da licenza obtida.

4.— O cumprimento das condicións establecidas nos apartados anteriores suporá que a edificación reúne os requisitos de habitabilidade e uso esixibles para os efectos desta inspección técnica.

## **ARTIGO 2.— OBRIGADOS**

1.— Todos os propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións situadas no termo municipal de Vigo, con independencia do seu uso ou destino (vivenda, oficinas, industrial, comercial, etc.) estarán afectados pola obriga formal establecida nesta ordenanza. Exceptúanse as edificacións declaradas en situación de ruína por resolución firme e as sometidas a expediente contradictorio de ruína.

2.— No caso de vivendas ou locais integrados en comunidades de propietarios o deber de realizar a ITE corresponderá á propia comunidade.

## **ARTIGO 3.— INFORME DE INSPECCIÓN TÉCNICA DA EDIFICACIÓN**

1.— A obriga formal de acreditar o cumprimento do deber de conservación da edificación verificarase mediante a obtención por conta e cargo do propietario de informe expedido polo técnico facultativo competente para levar a cabo esta función que el mesmo designe. O contido, forma e prazos de presentación do informe serán os establecidos nesta ordenanza.

2.— De conformidade co disposto no artigo 200 da LOUGA, para a eficacia deste informe esixirase a presentación de copia do mesmo no colexio profesional correspondente e no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación que se ha constituír na Xerencia.

Poderán presentalo, ademais dos propietarios das edificacións, os presidentes das comunidades de propietarios e os que exerzan o cargo de administrador. Neste último suposto achegarse o título e virtude do cal se ostenta a representación.

3.— Para o caso de edificacións pertencentes ás administracións públicas os informes poderán ser conformados polos seus servizos técnicos competentes.

## **ARTIGO 4.— FICHA TÉCNICA DA EDIFICACIÓN**

Establécese a obriga de realizar unha ficha técnica da edificación, relativa á situación xurídica, arquitectónica, urbanística e ó réxime de ocupación da mesma, segundo o modelo que se xunta a esta ordenanza coma anexo I.

## **ARTIGO 5.— CONTIDO DO INFORME**

1.— A resultados da inspección realizada o informe técnico deberá consignar o resultado da mesma, indicando inequivocamente que o edificio ou edificación reúne as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade, consolidación estrutural e de seguridade en caso de incendios, así como as de habitabilidade en que debe manterse en función do seu uso e fará referencia, necesariamente, ós seguintes aspectos:

- a) Estado da estrutura e cimentación (incluídas a das escaleiras, a estrutura ou armadura da cuberta, muros de carga, ...).
- b) Estado de fachadas interiores, exteriores, medianeiras e outros paramentos; en especial, dos elementos que puidesen supoñer un perigo para a vía pública, tales como petos de terrazas, aplacados, varandas, marquesiñas, entre outros.
- c) Estado de conservación de cubertas e azoteas.
- d) Estado das redes xerais de fontanería e saneamento do edificio e das instalacións e/ou elementos de protección ou seguridade en caso de lume que correspondan en aplicación da normativa aplicable no momento da licenza obtida.

2.— Para o caso de que non se acadasen as condicións citadas anteriormente, o informe deberá expresar claramente o resultado desfavorable da inspección con indicación dos prazos de inicio e de execución estimados para a execución das obras ou medidas indicadas nos mesmos e reflectirá como mínimo o seguinte contido:

- a) Con carácter previo á redacción do informe e sempre que existan indicios dun posible dano, deberán realizarse e describirse no informe todos os estudos previos que a xuízo do técnico inspector sexan necesarios para obter un coñecemento suficiente da edificación: apertura de calas, catas, desmontaxe de falsos teitos, colocación de testemuñas, etc...
- b) Data da visita ou visitas de inspección realizadas.
- c) Identificación do inmovible/s afectado/s pola actuación.
- d) Descrición do sistema construtivo.
- e) Descrición, localización, extensión (afección puntual, parcial, xeneralizada,...) dos danos e/ou deficiencias que afecten á estrutura e cimentación, ás fachadas interiores, exteriores, medianeiras e outros paramentos e ós elementos que puidesen supoñer un perigo para a vía pública, ás cubertas e azoteas, ás redes xerais de fontanería e saneamento do edificio e ás instalacións ou elementos de protección en caso de lume.
- f) Descrición do proceso patolóxico e das súas posibles causas.
- g) Descrición das obras e traballos que, de forma prioritaria, se consideran necesarias para subsanar as deficiencias descritas no apartado e) a fin de evitar que a dita lesión se volva producir. Esas obras serán obxecto de licenza e, polo tanto, deberán ser permisibles de acordo coa normativa vixente.

3.— Así mesmo, deixarase constancia do grao de realización e efectividade das medidas, traballos e obras realizadas para cumprir as recomendacións expresadas con motivo de anteriores inspeccións periódicas.

4.— Comprenderá, así mesmo, a indicación das medidas provisionais inmediatas de seguridade adoptadas, con xustificación de que non admitían demora por motivo de inminente perigo para os ocupantes da edificación ou das lindeiras ou para as

persoas que transiten polas súas inmediacións ou pola vía pública. Esas medidas observarán, en calquera caso, o principio de intervención mínima, correrán a cargo da propiedade, baixo dirección técnica competente, e serán as que o técnico considere imprescindibles para evitar un risco inminente. Poderán consistir en retirada de elementos das fachadas, apeos e apontoamentos puntuais, valados ou outras análogas.

A adopción destas medidas de seguridade urxentes deberá quedar debidamente xustificada técnica e documentalmente no informe de inspección técnica.

En ningún caso se poderán realizar, ó amparo deste procedemento, obras, medidas ou traballos que supoñan a demolición total ou parcial da edificación ou construción, a alteración de elementos protexidos, nin afectar ó réxime de ocupación do inmovible.

5.—O informe presentarse segundo os modelos que se xuntan a esta ordenanza como anexos II ou III, dependendo de que o resultado da inspección sexa desfavorable ou favorable, debidamente cubertos e acompañado de:

- a) Reportaxe fotográfica do exterior e o interior do edificio (en cor e tamaño mínimo 8 x 5 cm), con lendas explicativas expresivas do contido do informe que corresponda. A reportaxe fotográfica asinarase obrigatoriamente polo técnico inspector.
- b) Plano de situación a escala mínima 1:1000. Nel delimitaranse graficamente tanto os límites da parcela como o conxunto de edificacións que fosen inspeccionadas.
- c) Consulta/s descritiva/s gráfica de datos catastrais.

## **ARTIGO 6 . — FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DO INFORME**

1.— O informe deberá presentarse no colexio profesional correspondente e no Rexistro de Inspección Técnica de Edificación da Xerencia, acompañado da ficha técnica da edificación.

2.— O primeiro informe deberá presentarse dentro do ano seguinte a aquel en que o edificio cumpra 30 anos de antigüidade ou dentro do prazo específico de 3 meses se o propietario da edificación fose requirido ó efecto de forma expresa e motivada pola Xerencia.

3.— O informe deberá renovarse periodicamente, dentro do ano seguinte a aquel en que teñan transcorrido 10 anos desde o vencemento do prazo no que debeu presentarse o anterior e entregarse no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación da Xerencia, xunto coa ficha técnica debidamente actualizada, conforme ós modelos establecidos nos Anexos I e II ou III da ordenanza.

4.— Para os efectos desta ordenanza, entenderase como idade da edificación o tempo transcorrido desde a data de terminación total da súa construción. Non obstante, no caso de que se executasen, de acordo coa licencia e autorizacións sectoriais esixidas, obras de reestruturación xeral ou total que afecten á edificación completa, o prazo de presentación do informe así como o das sucesivas renovacións, comezará a contar a partir da data de emisión do preceptivo certificado de finalización de obra.

5.— A idade da edificación acreditarase mediante os seguintes documentos, relacionados por orde de preferencia: (1) certificado final de obras expedido por facultativo/s competente/s; (2) licenza de primeira ocupación; (3) comunicación ó Concello do remate das obras; (4) licenza de obras. En ausencia deles, tomarase como data de terminación a que resulte de calquera comprobación municipal desa situación e, no seu defecto, determinarase por calquera medio de proba admisible en Dereito e, en particular, por estimación técnica en función da súa tipoloxía e características construtivas relacionando os documentos e datos polos que se lle atribúe a dita antigüidade.

6.— Sen prexuízo do anterior, a administración municipal colaborará cos interesados facilitándolles os datos e antecedentes dos edificios que obren nos seus arquivos e rexistros.

#### **ARTIGO 7.— REXISTRO DE ITE E LIBRO DO EDIFICIO**

1.— Para os efectos previstos nesta ordenanza, constituirase na Xerencia un rexistro informático centralizado dos edificios suxeitos a inspección técnica, denominado «Rexistro de Inspección Técnica da Edificación» no que quedará constancia da data de presentación e do contido de cada un dos informes e das fichas técnicas da edificación que se presenten e a data de terminación das obras reflectidas no correspondente certificado técnico.

2.— A función deste Rexistro será o control do cumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza.

3.— Os datos que consten nel serán públicos ós únicos efectos informativos e estatísticos, verificándose o acceso ó mesmo de acordo co previsto no artigo 37 da L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na LO.15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, no que resulte de aplicación

4.— As copias acreditativas da presentación do primeiro e sucesivos informes e as súas correspondentes fichas técnicas xuntaranse ó Libro do Edificio ou, no seu defecto, á documentación técnica do mesmo, e deberán ser conservadas polos propietarios ou polas persoas legalmente responsables nos edificios suxeitos ó réxime de propiedade horizontal e transmitidas ós seus novos titulares en caso de alleamento por calquera título, de conformidade co previsto na L.38/1999, do 5 de decembro, de Ordenación da Edificación (art. 16) e as disposicións posteriores de desenvolvemento da mesma.

#### **ARTIGO 8.— CONSECUCIAS DO INCUMPRIMENTO DA PRESENTACIÓN EN PRAZO DO INFORME**

1.— Se a Xerencia descubrixe que non se efectuaron e presentaron en prazo as inspeccións periódicas da edificación previstas nesta ordenanza, ordenará a realización das mesmas, outorgando ó efecto un prazo de 3 meses.

2.— Transcorrido este prazo sen que se cumprise o ordenado e sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador previsto na LOUGA e no RDU, a Xerencia poderá

realizar a ITE de oficio e a custo dos obrigados. Para estes efectos, notificaráselles a identidade do técnico colexiado designado e o custo estimativo da súa intervención. Os honorarios a percibir polos traballos da ITE serán exaccionados pola Xerencia ós propietarios, podendo recorrer, de ser o caso, á vía de constrinximento.

3.— Coa finalidade de levar a cabo a execución subsidiaria prevista no parágrafo anterior, a Xerencia poderá formalizar convenios de colaboración cos colexios profesionais a fin de que os colexiados que reúnan os requisitos de capacitación e idoneidade técnica necesarios poidan realizar a inspección regulada na ordenanza. A designación dos colexiados a efectuará o respectivo colexio segundo a súa normativa interna.

4.— De non se formalizar estes convenios, a Xerencia poderá organizar unha quenda á que poderán acceder todos aqueles titulados colexiados que reúnan os anteriores requisitos de capacitación e idoneidade técnica. A súa designación farase de forma rotatoria por orde de antigüidade na lista.

5.— En todo caso, a formalización de tales convenios e a contratación dos técnicos para realizar as inspeccións adecuaranse ás previsións orzamentarias da Xerencia.

6.— Non poderán concederse axudas municipais á rehabilitación total ou parcial das edificacións sen cumprir en prazo coa obriga de presentar o informe de inspección técnica da edificación.

#### **ARTIGO 9.— CONSECUENCIAS DO INFORME DESFAVORABLE**

1.— Se o resultado da inspección técnica fose desfavorable, a propiedade deberá solicitar e obter licenza municipal e, de ser o caso, as oportunas autorizacións sectoriais para proceder á execución das obras indicadas no informe nos prazos que no mesmo se determinen o que acreditará co correspondente certificado de finalización das obras emitido polo técnico director.

2.— Cando as obras a realizar non teñan o carácter de urxentes, o prazo para presentar a correspondente solicitude de licenza de obras na Xerencia será de 2 meses.

3.— Se, malia o disposto no artigo 5.4 desta ordenanza, o informe de ITE xustifica a existencia dun perigo inminente para as persoas ou os bens, non solventado conforme ó establecido nese precepto, o propietario deberá acompañar un compromiso de execución inmediata, baixo dirección técnica competente, de todas as medidas provisionais de seguridade recollidas no informe de ITE que de forma precautoria e preventiva eliminen a situación de risco inminente, tales como apeos, apontoamentos, retirada de elementos soltos, etc., presentando, a súa finalización, o documento xustificativo que acredite a correcta execución destas medidas.

A sinatura dese compromiso implica que a propiedade asume plenamente as responsabilidades de toda orde que se puidesen derivar da falla de mantemento en condicións de seguridade do edificio, sen prexuízo de que, en calquera momento, a Xerencia de Urbanismo poida ditar unha orde de execución conforme ó previsto no artigo 10 desta ordenanza.

4.— A subsanación das deficiencias observadas farase constar, en todo caso, no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación.

#### **ARTIGO 10.— ORDES DE EXECUCIÓN POR NON REALIZAR AS OBRAS PREVISTAS NO INFORME**

1.— De se incumprir o disposto nos apartados 9.1., 9.2. e 9.3. do artigo anterior e con base no informe da ITE, os servizos técnicos e xurídicos da Xerencia emitirán informe propoñendo o órgano competente da Xerencia o inicio de procedemento para ditar unha orde de execución ou incoar de oficio o expediente de declaración de ruína do inmovible, de resultar procedente a adopción desta medida.

2.— As ordes de execución que se diten a resultados do informe da ITE e dos informes técnicos e xurídicos municipais deberán conter a determinación concreta das obras que fosen precisas para restablecer as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade, en función do destino propio da edificación, e fixar os prazos de comezo e execución para o cumprimento voluntario do ordenado polo propietario; prazos que estarán en función da importancia, volume e complexidade das obras por realizar.

3.— Igualmente, determinarase se a entidade das obras esixe a redacción de proxecto técnico e de estudo de seguridade e saúde e a existencia de dirección facultativa.

#### **ARTIGO 11.— RÉXIME SANCIONADOR**

1.— O incumprimento do propietario da súa obriga de presentación do primeiro e sucesivos informes no tempo e a forma establecidos nesta ordenanza, así como das ordes de execución das obras resultantes da inspección técnica, constitúe, de acordo co artigo 217.4 da LOUGA, infracción urbanística leve, que será sancionada con multa de 300 a 6000 € (art. 220.1.a] LOUGA).

2.— Conforme co preceptuado no artigo 223 da LOUGA, a potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido na lexislación do procedemento administrativo. O prazo para resolver o procedemento sancionador será dun ano contado dende a data da súa iniciación. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución, producirase a caducidade do procedemento. No suposto de que a infracción non prescribise, deberá iniciarse un novo procedemento sancionador.

3.— No tocante ós órganos competentes para a imposición das sancións e ós prazos de prescrición de infraccións e sancións estarase expresamente ó disposto sobre o particular na LOUGA.

#### **ARTIGO 12.— RÉXIME XERAL DO DEBER DE CONSERVACIÓN**

1.— O cumprimento da obriga formal establecida nesta ordenanza entenderase sen prexuízo do réxime xurídico ordinario do deber de conservación regulado na lexislación vixente e das facultades de inspección urbanísticas atribuídas á Xerencia.

2.— No exercicio desa potestade municipal de policía urbanística poderá ordenar en calquera momento, de oficio ou por instancia de parte e de acordo co procedemento previsto nos artigos 26 e seguintes do RDU, a execución das obras requiridas para o cumprimento dos deberes de conservación, adoptando ou ordenando ós propietarios a adopción das medidas provisionais e urxentes que, de ser o caso, resulten necesarias para garantir a eficacia da resolución que puidese recaer e evitar ocasionar danos ás persoas e ós bens.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA: Documentación dos proxectos técnicos.**

Os proxectos técnicos de edificación que se presenten a partir da entrada en vigor desta ordenanza para a obtención da correspondente licenza municipal deberán incluír obrigatoriamente na súa documentación as especificacións técnicas e detalles construtivos relativos ós elementos exteriores da edificación (fachadas interiores e exteriores, paramentos e cuberta) e ós demais elementos arquitectónicos susceptibles de desprenderse e caer sobre a vía pública ou afectar a terceiros (cornixas, gárgolas, aleiros, canles, embornais, peitorís, galerías, balcóns, ménsulas, orlas, impostas, escudos, etc.); en especial cando se prevea a execución dos revestimentos das fachadas mediante chapados ou aplacados.

Incluirase, igualmente, a xustificación técnica da seguridade deses elementos de acordo coas regulamentacións aplicables.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA: Convenios de colaboración.**

Ademais dos convenios que se poidan formalizar ó abeiro do disposto no artigo 8.3 desta ordenanza e nos que se concretará a posible colaboración dos colexios profesionais nos procedementos de execución subsidiaria nos supostos de incumprimento polos propietarios da obriga de realizar a ITE, a Xerencia poderá realizar outros, con eses mesmos colexios ou coas organizacións e asociacións profesionais do sector interesadas, nos que se establezan mecanismos de coordinación e de intercambio de información útil e se prevexa a organización de xornadas técnicas e de difusión da ordenanza, cursos de formación e especialización para profesionais, campañas divulgativas entre a poboación e demais medidas tendentes a facilitar o cumprimento das obrigas derivadas da súa aplicación.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA: Réxime de subvencións.**

O Concello de Vigo poderá establecer, de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias, un réxime de subvencións do que poderán beneficiarse os propietarios que acrediten fidedignamente a carencia de recursos económicos suficientes para sufragar o custo da inspección técnica da edificación regulada nesta ordenanza. En todo caso, o outorgamento das axudas axustarase ós criterios vixentes para o acceso á vivenda protexida, de forma que a súa contía estea en función dos ingresos da unidade familiar.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA**

1.— As disposicións desta ordenanza serán aplicables ás edificacións en función da súa antigüidade, debendo someterse á primeira inspección nas seguintes datas:

- a) As edificacións construídas ata 1919, durante o ano 2006.
- b) As edificacións construídas entre 1920 e 1939, durante o ano 2007.
- c) As edificacións construídas entre 1940 e 1949, durante o ano 2008.
- d) As edificacións construídas entre 1950 e 1959, durante o ano 2009.
- e) As edificacións construídas entre 1960 e 1969, durante o ano 2010.
- g) As edificacións construídas entre 1970 e 1980, durante o ano 2011.
- i) As edificacións construídas en 1981, durante o ano 2012.

2.— Unha vez presentado o primeiro informe, a preceptiva renovación efectuarase conforme ó réxime xeral previsto no artigo 6.3 desta ordenanza.

3.— En ningún caso esta disposición transitoria poderá xustificar o incumprimento dos deberes de conservación e mantemento da edificación.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA**

Queda derogada expresamente a «Ordenanza municipal reguladora da inspección técnica de edificacións do Concello de Vigo» aprobada definitivamente en sesión plenaria do 01.04.2005 e publicada no BOP nº 93, do 16.05.2005, que entrou en vigor o 01.01.2006.

### **DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA**

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ó desta ordenanza que afecten ás materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da ordenanza.

### **DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA**

Conforme co establecido no artigo 70.2 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, esta ordenanza será obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e entrará en vigor ós quince días hábiles, rexendo en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

7.- (26).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO GALLO DO DÍA DA MULLER TRABALLADORA O 8 DE MARZO.

ANTECEDENTES.- Os voceiros dos Grupos municipais Sra. Méndez Piñeiro, polo Grupo do BNG, Sr. López Font, polo Grupo do PSdeG-PSOE, e Sr. Figueroa Vila, polo Grupo Popular, presentan a seguinte declaración institucional co gallo do día da Muller Traballadora o próximo 8 de marzo:



“O Día Internacional da Muller celébrase o 8 de marzo e está recoñecido pola Organización das Nacións Unidas. Neste día conmemórase a loita da muller pola súa participación, en pé de igualdade co home, na sociedade e no seu desenvolvemento íntegro como persoa.

A decisión de proclamar o Día da Muller como homenaxe ao movemento en favor dos dereitos da muller e para axudar a conseguir o sufraxio feminino universal, foi aprobada de xeito unánime pola conferencia da Internacional Socialista, reunida en Copenhague, coa participación de máis de 100 mulleres procedentes de 17 países, entre elas as tres primeiras mulleres elixidas polo parlamento finés. Este acontecemento tivo lugar en 1910, xa que logo, este ano estamos celebrando o centenario desta importante decisión. Tamén celebramos este ano o centenario da Real Orde do 8 de marzo de 1910 que autorizou o acceso das mulleres á Universidade en España, ao pouco de ser nomeada conselleira de Instrución Pública Emilia Pardo Bazán, quen dende décadas viña loitando pola alfabetización e educación das mulleres. Ademais este ano é o 125 aniversario do pasamento de Rosalía de Castro, relevante por recuperar a tradición escrita da nosa lingua, mais tamén por ser precursora do pensamento feminista en Galicia. A súa obra contén unha preocupación pola condición das mulleres e o seu papel na historia e na sociedade, mais tamén unha denuncia do papel subordinado e discriminado das mulleres naquela altura.

Tantos anos despois as mulleres experimentamos moitos avances, tanto no terreo social como no laboral ou no político, pero aínda é moito o que queda por conquistar e sobre todo nestes momentos dunha crise económica que ameaza especialmente aos colectivos máis vulnerábeis e polo tanto ás mulleres. Non é esaxerado dicir que esta crise ten sobre todo cara de muller, posto que xera máis desigualdade entre homes e mulleres. É unha crise que se reflicte no descenso da ocupación feminina, na persistencia da segregación laboral e da discriminación salarial. Outro indicador relevante é o desigual reparto das tarefas derivadas do coidado. Así todos os estudos revelan que son maioritariamente as mulleres quen asumen estas tarefas, con consecuencias negativas no seu desenvolvemento persoal e laboral. Son maioritariamente mulleres quen abandonan os seus postos de traballo ante a necesidade de atender a menores ou persoas dependentes, quen utilizan os -escasos- recursos de conciliación da vida laboral e persoal, quen son penalizadas no acceso ao emprego remunerado nos períodos “potencialmente” reprodutivos... Unha situación inxusta que precisa de accións correctoras.

É necesario continuar avanzando para acadar unha igualdade real e efectiva para todas as mulleres e homes, tamén como resposta sostible para os retos do futuro. Cómpre aumentar a participación e a representación das mulleres nos niveis máis altos de responsabilidade e toma de decisións, actualmente moi escasa, especialmente no eido da economía e da política, xa que actualmente o aumento do nivel formativo das mulleres non se corresponde coa súa presenza nos espazos de toma de decisións, incluídos os postos directivos das grandes empresas e aqueles nos que se xera novo coñecemento. Este déficit de representación supón, ademais dun déficit democrático, unha perda do talento

das mulleres para o conxunto da sociedade. Esta foi tamén unha das conclusións do II Cumio Europeo de Mulleres no Poder celebrado recentemente en Cádiz, coincidindo coa presidencia española da Unión Europea e a instancias dos gobernos de España e Reino Unido, no que se aprobou a “Declaración de Cádiz, cara a unha sociedade máis eficaz e sostible” subscrita por ministras e líderes políticas dos Estados membros da UE na que se recolle a necesidade de ser conscientes de que en tempos de crise aparecen oportunidades para o cambio, xa que a igualdade entre mulleres e homes é unha condición previa para o crecemento sostible, o emprego, a innovación, a competitividade e a cohesión social.

Por todo isto, o Concello de Vigo adhírese á Declaración de Cádiz e comprométese a actuar a prol da igualdade das mulleres e os homes e a demandar o mesmo compromiso doutras administracións e da sociedade en xeral:

- Para asegurar unha participación equilibrada de mulleres e homes en todos os espazos de responsabilidade.
- Para promover a corresponsabilidade de mulleres e homes.
- Para incorporar a igualdade entre homes e mulleres como obxectivo de todas as políticas públicas, especialmente aquelas establecidas como resposta á crise económica, financeira e de emprego, tendo en conta o distinto impacto que esta a ter en mulleres e homes.
- Para atender de maneira especial ás mulleres que sofren unha dupla discriminación como as mulleres inmigrantes ou as mulleres con discapacidades.
- Para garantir o mantemento e a mellora dos servizos sociais públicos de calidade que permitan ás mulleres desenvolverse persoal e profesionalmente, liberándoas da penalización que supón do reparto desigual das tarefas de coidado.”

A Xunta de Voceiros municipais, na súa sesión do 18 de febreiro, acordou incluír a presente declaración na orde do día do Pleno ordinario.

*A secretaria xeral do Pleno procede a ler o texto da declaración institucional que se transcribe nos antecedentes deste acordo.*

(Está ausente o Sr. Caballero Alvarez, preside o Pleno o Sr. Domínguez Olveira. Así mesmo están ausentes o Sr. González Sagarra e a Sra. Iglesias Bueno).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

-----  
S. Ordinaria 22.02.10

ACÓRDASE:

Aprobar a moción institucional asinada polos voceiros dos Grupos municipais con motivo da celebración do Día da Muller Traballadora o próximo 8 de marzo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, toda a Corporación e máis as persoas presentes no salón de Plenos postos en pé gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.*

8.- (27).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Ó PECHE DO HOSPITAL DA CRUZ VERMELLA. DOC. 100021166.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 11 de febreiro de 2010, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sr. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“O hospital da Cruz Vermella foi construído en terreos deste Concello en virtude dun acordo asinado no 1943 entre o Ministerio da Gobernación e o Concello. No prego de condicións consta que o edificio debería adicarse a uso sanitario e casa de pasaxeiros, non podéndose cambiar os usos, nin o alleamento do edificio.

Actualmente este Hospital, como centro concertado pola Xunta de Galicia (consellería de Sanidade), presta os seus servizos á poboación da Área Sanitaria Sur e particularmente á de Vigo, como centro socio-sanitario e como tal ten como obxectivo a atención de persoas maiores con enfermidade e dependencia funcional, así como a enfermos crónicos con déficits funcionais que precisan asistencia continua a longo prazo.

O envellecemento da poboación e o aumento do número de persoas con discapacidade física ou mental contribúen a que este tipo de centros se fagan imprescindíbeis na cobertura socio-sanitaria, máis nunha poboación como a galega, onde a porcentaxe de maiores de 65 anos acada o 22%.

O Hospital de Cruz Vermella, con 70 camas e 70 traballadores, con formación específica para atender este tipo de pacientes, pola gran experiencia acumulada é un recurso punteiro en canto a eficiencia e custo/eficacia, e está considerado como o primeiro recurso socio-sanitario da área de Vigo.

É por isto que solicitamos ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

- Que este Pleno manifeste a súa oposición ao peche do hospital da Cruz Vermella.
- Reclamar á Xunta de Galicia que realice as xestións precisas para que o centro continúe prestando os seus servizos na rede sanitaria pública.
- Manifestar o apoio deste Pleno a todo o cadro de persoal.”

A Comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 15 de febreiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

*De conformidade co acordado no punto 2 da orde do día, a relatora da moción, Sra. Méndez Piñeiro, procede a ler a parte resolutiva da moción.*

*O voceiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, propón votar separadamente os puntos da moción ó que se nega a Sra. Méndez Piñeiro alegando que a moción se presenta no seu conxunto.*

(Está ausente o Sr. Caballero Alvarez, preside o Pleno o Sr. Domínguez Olveira. Así mesmo están ausentes o Sr. González Sagarra e a Sra. Iglesias Bueno).

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González e Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

**ACÓRDASE:**

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, relativa ó peche do Hospital da Cruz Vermella en Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

9.- (28).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE INSTANDO FORMULAR Á XUNTA DE GALICIA DIVERSAS PETICIÓNS RELACIONADAS CO DESEMPREGO E A DINAMIZACIÓN ECONÓMICA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 17 de febreiro de 2010, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte moción:

“Tras case un ano de goberno do PP e do Sr. Feijóo non coñecemos que políticas de emprego e dinamización económica pretende levar a cabo o Sr. Feijóo no 2010 para conseguir que en lugar de crecer o número de parados na metade que no Estado, como no anterior goberno, o faga un 8% máis.

Vigo non é allea a actual crise financeira mundial con 27.844 desempregados en xaneiro de 2009. Aínda así rexistra unha taxa de paro por debaixo da media de Galicia e da media nacional e iso é debido ao compromiso e á prioridade que para o Alcalde da cidade, Abel Caballero, ten o emprego: creación de 7.500 empregos en dous anos, Plan E, PME e o Concello, que fan que tamén sexa a cidade galega na que se rexistra a taxa de desemprego mais baixa.

Pero ademais destas actuacións é necesario que a Xunta de Galicia destine os recursos que corresponden a Vigo para políticas de emprego xa que a Xunta de Galicia ten todas as competencias en materia de emprego e dinamización económica.

Feijóo e o PP en lugar de facer fronte ao desemprego con medidas para paliar a difícil situación de moitos traballadores e traballadoras e moitas familias, recortaron nos orzamentos para o ano 2010 os fondos para o emprego nun 8% cando o paro no que leva de mandato creceu nun 44%.

ACORDO:

O Pleno do Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia a:

1.- Investir prioritariamente no Concello de Vigo recursos de dinamización económica e emprego para dar resposta eficaz ás empresas e reducir o desemprego.

2.- Incrementar na partida Programas de Cooperación da Xunta de Galicia co Concello de Vigo en 1.000.000 de euros como corresponde pola súa poboación e número de desempregados, o que representaría un investimento de 2.600.000 euros no ano 2010.

3.- A creación dun programa industrial específico para a cidade de Vigo que

atenda á súa singularidade como referente mundial da automoción, da construción naval e da pesca.

4.- Dotar ao comercio vigués así coma ás Pymes e autónomos dun plan de axudas directas para fortalecer a súa posición nun momento de dificultade económica e de financiamento como o que se está a vivir nestes meses.”

*Ó non estaren ditaminada a presente moción por ningunha comisión informativa, a Presidencia somete a votación a declaración da urxencia para a ratificación da súa inclusión na orde do día.*

(Está ausente o Sr. Caballero Alvarez, preside o Pleno o Sr. Domínguez Olveira. Así mesmo están ausentes o Sr. González Sagarra e a Sra. Iglesias Bueno).

VOTACIÓN DA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA: Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito acórdase a inclusión da presente moción na orde do día.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Todos coincidimos en que a prioridade neste momento é o emprego para os nosos concidadáns e como co novo goberno da Xunta de Galicia presidido polo Sr. Núñez Feijóo estamos a ver a ausencia de políticas de emprego e de dinamización económica, competencias exclusivas de seu, esa ausencia plásmase nos orzamentos da Xunta de Galicia.

Nestes últimos meses inverteuse a tendencia do paro en Galicia. Co bipartito a media do desemprego en Galicia era inferior á media do desemprego no Estado e a día de hoxe estamos por riba desa media estatal nun 8%. Como tamén nos importa a nosa cidade decatámonos de que Vigo non é allea tampouco á actual crise financeira mundial e a realidade é que está golpeando a máis de 27.000 desempregados e desempregadas na nosa cidade neste último mes de xaneiro de 2010. Aínda así a nosa cidade rexistra unha taxa de desemprego por debaixo da media de Galicia e tamén da nacional e isto, como reflectimos na moción, é debido entre outras cousas ó compromiso do alcalde da cidade, don Abel Caballero, creándose 7.500 empregos nestes dous últimos anos a través do Plan de Dinamización Económica, chamado Plan E, do Plan Municipal de Emprego e tamén do propio Concello. Estes plans fan que Vigo sexa a cidade galega que rexistra a taxa de desemprego máis baixa.

O presidente da Xunta e o Partido Popular en lugar de facer fronte ó desemprego con medidas para paliar a difícil situación de moitos traballadores e traballadoras e de moitas familias da nosa cidade, recortou nos orzamentos do 2010 os fondos para o emprego nun 8% cando no que leva de mandato o desemprego medrou un 15%, pasando de 200.000 a 231.000 desempregados. Documentamos a nosa moción facendo referencia a que nos orzamentos de 2009 estaban destinados 419 millóns de euros e nos de 2010 contéplase destinar 385 millóns de euros ás diferentes políticas de emprego, isto supón unha redución do 8,1% con respecto ó 2009 e 34 millóns de euros. Temos que subliñar aquí que ó haberen un menor esforzo investidor hai máis desemprego. Ou o que é o mesmo, de haberen un esforzo investidor en políticas activas de emprego e tamén en investimentos públicos, haberá máis emprego e polo tanto menos desempregados.

Reducen ademais partidas moi salientables. Voume referir só a tres. A primeira delas refírese ó emprego estable. O fomento do emprego estable redúceno nun 17%, máis de 15 millóns de euros. Tamén os investimentos en economía social, falamos de autónomos ou de cooperativas, redúcenos en máis de tres millóns de euros. Outra cousa moi importante e moi sentida polos traballadores e traballadoras é que se reduce na seguridade e na saúde no traballo e o que xa é un feito é que nesta etapa do Partido Popular xa hai máis accidentes mortais, consecuencia directa e real da redución deses orzamentos en materia de emprego para o 2010.

Ademais redúcense fondos cando se lle está a reclamar máis ó goberno do Estado e aquí temos que dicir que o goberno do Sr. Zapatero incrementou en 17 millóns a cantidade destinada a transferencias para comunidades autónomas, un total de 256 millóns de euros que transfíre o Estado para a Comunidade Autónoma de Galicia, é dicir, un 3,3% máis que no ano 2009 para que a Xunta de Galicia actúe en materia de emprego, reduza o número de desempregados e axude, dinamice e tamén promociione a economía das nosas empresas.

Pedimos polo tanto que se gasten estes cartos, que haxa orzamento e que de verdade se fagan políticas activas para Galicia e fundamentalmente tamén, coma di a moción, para a nosa cidade.

Unha última reflexión: en cooperación Goberno-Xunta de Galicia-entidades locais, neste caso co Concello de Vigo, no 2008 a Xunta de Galicia destinou 2.200.000 euros para cooperación, para a contratación de desempregados e desempregadas no Concello de Vigo. Foi o último ano do goberno bipartito. No 2009 en cooperación, o

novo goberno do Sr. Núñez Feijóo e do Partido Popular destinou 1.600.000 euros, é dicir 520.000 euros menos que no 2008 contando con maior número de desempregados.

Que os parados e paradas de Vigo saiban polo tanto que nun número importante deixaron de poderen estar contratados neste Concello porque a Xunta de Galicia non só non cumpriu co que lle correspondía a este Concello, senón que nos rañou 520.000 euros.

Pedimos polo tanto para o 2010 para cooperación 2.600.000 euros que nos corresponden tal e como di a Orde de 2009, porque hai unha porcentaxe por número de desempregados, unha por variación de poboación e unha por variación do paro, polo tanto é unha cantidade que se xustifica por esa Orde.

Dou por lidos os catro puntos da moción xa que está en poder de todos os concelleiros e concelleiras.

SRA. VELOSO RÍOS: Á referirme ás cifras do paro ás que se fai mención nesta moción, pero como o Sr. Rodríguez Díaz xa relatou as da nosa cidade e as do noso país, non vou afondar máis nesta cuestión, pero si quero facer referencia ó que fan as administracións públicas fronte esta situación, fronte esta crise que estamos a vivir.

O Concello de Vigo por primeira vez na historia concede unhas axudas directas ó consumo no pequeno e mediano comercio da nosa cidade, un dos sectores máis afectados pola crise, de 1.200.000 euros en 2009 e a mesma cantidade en 2010, das que se beneficiaron xa máis de 1.000 comercios o ano pasado e este prevese que a cifra aumente considerablemente. Este é un exemplo de axudas directas que se perciben pola parte da cidadanía, que teñen repercusións reais nos sectores económicos.

Fronte a este tipo de accións atopámonos coas accións da Xunta de Galicia fronte á crise. O mes pasado o presidente da Xunta e o conselleiro de Economía presentaron o plan "Reforza 2010" co obxectivo de incrementar a competitividade das empresas galegas. Anúncianse 346 millóns de euros en 2010 fronte os 306 do pasado ano (tampouco é un aumento precisamente para botar foguetes), porén non hai máis datos, como cantos empregos se pretende crear, se haberá incentivos para a creación de postos de traballo, como influirá o plan para os traballadores, etc. Tampouco se aclara como coñecerán os pequenos empresarios, que son os máis afectados por esta crise, este plan e como poden acceder ás axudas, que canles de



comunicación vai utilizar a Xunta de Galicia para facer chegar a información sobre estas axudas. Supoño que é porque isto é o que considera o goberno do Sr. Núñez Feijóo propaganda e niso non se gastan cartos. Entón, se non se coñecen e non se solicitan, cartos que se aforran.

O que si quedou claro é que o obxectivo é mellorar a competencia, a competitividade e a internacionalización das nosas empresas e o conselleiro de Economía dixo que lle gustaría que o IGAPE, Instituto Galego de Promoción Económica, fora facilitador da competencia máis ca subvencionador da competencia.

Nós tamén contamos con iso, esperamos que se facilite a competencia, sempre dixemos que non queremos ser un país subvencionado. Contamos con iso e quizais o propio director do IGAPE considere que o seu salario de máis de 90.000 euros anuais inclúe a visita porta a porta ás pequenas empresas galegas para informar destas axudas da Xunta e asegurármonos que chegan a quen teñen que chegar.

Unha das cuestións que deixou claro o conselleiro foi que a internacionalización é unha prioridade. Eu, que teño un máster en negocios internacionais, sei perfectamente a oportunidade competitiva que supón para calquera empresa a internacionalización pero hai que recoñecer que hoxe máis ca nunca para as empresas galegas é preciso que busquen un negocio fóra. Niso insiste tamén o Sr. Guerra, insiste en que nos orzamentos xerais da comunidade hai uns cálculos económicos de crecemento dun 0,7% que pivotan sobre o Xacobeo.

Pero ese crecemento non vai repercutir nas empresas galegas; é mellor que busquen negocio fóra porque polo menos no que atinxe á contratación da Xunta arredor do Xacobeo todos os contratos fainos con empresas de fóra, non con empresas galegas. Un contrato de medio millón de euros para o anuncio de promoción do Xacobeo a unha axencia madrileña, "Ruíz Nicola Lineas" que contratou á produtora da directora vasca, Gracia Querejeta. Xa vimos na entrega dos últimos Premios Goya que claro, é que na nosa cultura audiovisual ensimesmada non temos nada que facer. A industria audiovisual galega non ten nada que lle ofrecer á Xunta de Galicia para promocionar ó noso país.

Un plan estratéxico de comunicación de 440.000 euros para a axencia madrileña "Llorente y Cuenca" e un contrato de xestión de medios de 6 millóns de euros para a empresa madrileña "Carat" vinculada, por certo, a Miguel Angel Rodríguez que gaña un concurso cunhas condicións establecidas no prego evidentemente inalcanzables para o sector galego, cunhas cifras de negocio nos tres últimos anos que moi poucas

empresas poden presentar. A verdade é que poderíamos agardar máis dun conselleiro que coñece ben o tecido empresarial da nosa cidade, pero vemos que mesmo elimina, sen o anunciar, o plan “Renove” de axudas á compra de coches. A realidade é que dende o 16 de decembro do ano pasado non se concedeu ningunha axuda. Nunha cidade coma a nosa onde hai unha presenza do sector do automóbil tan importante é realmente unha nova preocupante.

Estes son os exemplos do que poden facer as administracións fronte a unha situación de crise. Agardamos que a administración autonómica poida facer algo máis positivo porque se segue facendo algo máis coma o que leva feito ata agora, que Deus nos colla confesados.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Teño que recoñecer que cando me comunicaron que o concelleiro de Emprego presentara unha moción e ademais sen pasar pola correspondente comisión, sorprendeume, o que é lóxico porque coido que levamos case tres anos de lexislatura e debe ser a primeira moción que presenta ou polo menos a primeira dos ámbitos de Emprego e Promoción Económica que son dúas das tres áreas que o alcalde delegou a competencia no Sr. Rodríguez Díaz, coido que a outra é Participación Cidadá e polo que parece tampouco hai demasiada tranquilidade.

Por outra banda vostedes teñen máis sorte ca nós porque presentaron unha moción o pasado mércores, hai tan só cinco días, e estámola a debater hoxe mesmo. Dentro dun rato debateremos unha moción que presentei no mes de outubro, hai cinco meses. Por iso teñen máis sorte, porque os do Partido Socialista debátena en cinco días e os do Partido Popular en cinco meses.

Pero unha vez lido o texto da moción cambiei o sentimento inicial de sorpresa polo de agradecemento e dámoslle as gracias porque nos dá a oportunidade de comentar o que está a facer a Xunta de Galicia para dinamizar a actividade económica e reactivar a creación de emprego.

Cando o Partido Popular chegou ó goberno da Xunta o primeiro que fixo foi un plan de austeridade, reduciu un 25% o número de consellerías e nun 40% o número de altos cargos e todo iso para destinar 144 millóns de euros no segundo semestre e reorientalos en políticas de dinamización da economía porque iso é o que os cidadáns.

Os resultados á vista están. Este plan de austeridade beneficiou a 30.000 parados

galegos e axudou a consolidar 24.800 postos de traballo que estaban en perigo. Pero lle digo máis, este ano 2010 a Xunta vai destinar algo máis de 1.700 millóns de euros a políticas que axuden a saír da crise; 577 millóns para a economía de coñecemento; 745 para dinamización económica e 386 millóns para políticas activas de emprego. Unha política baseada en incidir nos aspectos claves da economía tales coma a internacionalización das nosas empresas que aumenta un 56%, o investimento en I+D+I, sobre todo na innovación empresarial que aumenta un 31% mentres o goberno do Sr. Zapatero redúcea nun 17%; a dinamización empresarial e o apoio financeiro ás empresas que aumenta un 13% e a aposta por un comercio eficiente e competitivo.

Por todo isto e tendo en conta que a Xunta do bipartito prometeunos 167 millóns de euros para emprego que ninguén sabe onde foron, eu comprendo que vostedes teñan unha papeleta bastante complicada e difícil para defender o indefendible e atacar o inatacable. Pero a iso estamos máis que acostumbrados.

O lamentable é que este alcalde, Sr. Caballero, prometeu pleno emprego na cidade de Vigo, pero está preocupado por outras cuestións que son meras cortinas de fume e semella que non atendeu a ese primeiro e grande obxectivo.

Nós estamos moi preocupados porque hai dous anos e oito meses en Vigo había 10.053 persoas que non buscaban traballo porque estaban traballando e agora mesmo están nas listas do paro. O Sr. Caballero e o Sr. Zapatero son os líderes do paro. O Sr. Caballero aumentou o paro na cidade un 57%.

Sr. Rodríguez Díaz, é falso iso que di de que a taxa do paro en Vigo é menor ca de Galicia e ca de España. Por suposto é menor ca de España porque esta é do 18,83% porque xa estamos en 4.300.000 parados, pero non é menor ca de Galicia. Ademais Vigo é a cidade de Galicia onde máis paro hai, tanto en termos absolutos coma en relativos. En Vigo hai 27.844 parados. Se temos en conta que en Vigo hai censadas 205.000 persoas en idade de traballar entre 16 e 64 anos e 180.000 persoas activas que segundo o Instituto Nacional de Estatística para os datos da EPA son os que están dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego, significa que en Vigo hai unha taxa de paro do 15,5% e o último dato publicado da taxa media de Galicia é do 12,9% co que estamos 2,6 puntos por riba da media de Galicia, estamos 1,5 por riba da Coruña, 1,1 por riba de Santiago, un 0,2 por riba de Pontevedra, un 0,1 por riba do Ferrol, un 2,5 por riba de Lugo e un 0,6 por riba de Ourense. Vigo é a cidade de Galicia onde máis paro hai tanto en termos absolutos coma relativos.

Dende que o Sr. Caballero é alcalde todo o mundo sabe que hai 12.300 persoas menos que cotizan á Seguridade Social e 1.200 autónomos menos.

Hai dez días vostedes presentaron aquí o proxecto de orzamentos xerais onde en teoría se reflicten as políticas que van facer na cidade. Saben canto destinan a políticas de emprego? Unha centésima parte do orzamento, un 1,2%. Iso ven demostrar o pouco que lles importa a vostedes o emprego. Con esta aposta non conseguiremos mellorar as cifras de emprego.

Contéstolles algo sobre o Plan E, ese plan español para o estímulo da economía e do emprego. O que de momento supuxo o Plan E na cidade foron 50 millóns de euros de investimento e 2.000 parados máis. Si que significou traballo para algunhas contratas, a maioría de fóra; iso, Sr. Rodríguez Díaz, todo o mundo o sabe.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Cando se ten pouco que dicir do que a Xunta de Galicia fai en emprego, porque non fai nada, perdémonos un pouco falando de que se nós presentamos a moción hai cinco días e vostedes hai cinco meses. Coñecen e teñen vostedes enriba da mesa o borrador de regulamento do Pleno ó que quedaron en contestar en 72 horas e ata o de agora non contestaron aínda que lles solucionaríase o problema. Nós presentamos unha moción de cando en vez, vostedes presentaran moitas e polo tanto saben que teñen que facer cola, pero saben que lles poden dar prioridade cando o desexen, pódenas pasar por diante das outras. O que pasa é que a súa demagogia non ten límites.

Cando fala de que se incrementa o paro co goberno do noso alcalde, Sr. Caballero, doulle datos da súa propia Consellería de Traballo, da súa conselleira que ten unha directora xeral quen por certo é a que ten que velar pola legalidade e semella que se viu inmiscida nalgún xuízo, nalgún tribunal do social por ter xente sen dar de alta na Seguridade Social ou algunha destas cousas...

A PRESIDENCIA: Por favor, Sr. Rodríguez, non nos vaiamos do contido da moción e non saquemos temas que crispem un debate innecesariamente.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: De acordo, gracias. Son os datos da Consellería de Traballo e Benestar Social do Partido Popular os que din que Vigo é a cidade que mellores datos de paro ten e que están por debaixo da media de Galicia.

Pero aquí non se poden contar películas. O Plan E, que é un impresionante

investimento público e que non só consistiu en facer traballos nos concellos, por certo que en todos os concellos governe quen os governe, senón que tivo ata cen medidas para a dinamización económica e para combater o desemprego. Isto non o están a facer vostedes porque por exemplo o investimento público que se fai a través do Plan E, e que tamén fai este Concello a través dos seus orzamentos, fai posible que moitas empresas non teñan que mandar ós seus traballadores e traballadoras ó desemprego e lles permita contratar ademais outros do desemprego. Vostedes coa Xunta de Galicia non teñen contratada aquí practicamente ningunha obra pública, como pretenden dinamizar a cidade?

En canto ós orzamentos vostede poderanos contar aquí o que queira pero rebaixaron os orzamentos en materia de emprego en importantes cantidades. A vostedes non lles importan en absoluto os parados, impórtalles a que empresa lle dan as obras.

O seu presidente, presidente de todos, Sr. Núñez Feijóo, na campaña electoral dixo que nos ía sacar da crise en corenta e cinco días e, Sr. Fidalgo, o goberno do Partido Popular do Sr. Núñez Feijóo ten un 15% máis de desempregados e ademais co seu goberno 200 pequenas e medianas empresas pechan ó día en Galicia. Onde están esas medidas tan cacarexadas de promoción económica?

O Sr. Núñez Feijóo ten 231.600 parados e paradas en Galicia. Que pensa facer reducindo os orzamentos para medidas de promoción económica tal e como o está a facer? Non están tomando ningunha medida nova das que se tomaran polo anterior goberno e ademais moitas delas deixáronas sen dotación económica, como xa dixen antes. Claro que cando tomou posesión do cargo a conselleira dixo que non lle ía tremar a man firmando expedientes de regulación de emprego. Efectivamente, é a que máis expedientes leva asinados pero ademais retirou dos orzamentos as partidas para formación en empresas que evitaran os expedientes de regulación de emprego. Ese é o compromiso do Partido Popular co emprego.

Non nos mintan, non fagan demagogia e póñanse á tarefa para ter menos desempregados e desempregadas, para volver ás taxas que tiñamos anteriormente por debaixo da media do Estado.

Hai un elemento fundamental que eu lles propoño aquí para que llo conten ó goberno autonómico: os pactos territoriais polo emprego, que os dinamicen, que cren os que faltan. O alcalde, Sr. Caballero, ten asinado un pacto local coas tres organizacións sindicais, coa patronal de Pontevedra, coa Asociación de Xoves Empresarios e tamén coa Asociación de Mulleres Empresarias, teno aquí precisamente para contar con

todos e están traballando arreo para mellorar o emprego nesta cidade. Aquí houbo uns investimentos en emprego como nunca, captáronse fondos doutras administracións para poder investir aquí en emprego e así lémbrolles o espazo económico e ampliado de Teis, o Fondo Social Europeo e actuacións en medio ambiente.

Polo tanto vostedes tratan de facer demagogia, agochar os logros e o bo facer do alcalde para tapar as súas carencias e a nula credibilidade que teñen vostedes para nos sacar da crise e para reducir o número de desempregados.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Rodríguez Díaz, queda claro que vostedes están totalmente desconectados da sociedade e por iso non me estraña que se foran á oposición na Xunta de Galicia. Demostran que non entenden ou non saben como funciona o reparto de recursos que dedica a Xunta de Galicia a políticas de emprego. Son unhas convocatorias que se publican no Diario Oficial de Galicia e o Concello de Vigo, coma o resto dos concellos de Galicia, pode solicitar esas axudas pero, atención: en concorrencia competitiva porque ós demais concellos de Galicia tamén lles afecta a crise, esa crise que vostedes negaron e pola que nos chamaban antipatriotas. Esa crise tamén afecta ó resto dos concellos de Galicia, Sr. Rodríguez. Pero esas convocatorias hainas que solicitar, solicitar as axudas, hai que facer os deberes, traballar. Por se non o saben hai tres maneiras de convocar as subvencións: por concesión directa, que son as axudas a dedo que vostedes coñecen moi ben.

A PRESIDENCIA: Por favor, Sr. Fidalgo, repítolle exactamente o mesmo que ó Sr. Rodríguez: non vou permitir que nos saiamos do debate, nin que o crispemos innecesariamente. Imos ó debate da moción. Interromperei calquera momento en que se saian da moción ou tenten crispas este debate.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Eu non saía da moción porque hai tres formas de conceder unha subvención: concesión directa, concorrencia non competitiva cando se resolven as axudas en función do cumprimento dos requisitos e por orde de entrada e as de concorrencia competitiva nas que se bareman os proxectos e quen máis puntos obteña máis posibilidades ten de acadar a axuda e de que esta sexa máis cuantiosa. Como non podía ser doutra maneira, a Xunta de Galicia está tratando con especial sensibilidade ás áreas urbanas e Vigo é unha delas, porque o goberno de Galicia sabe

que cando hai paro hai máis nas cidades e que cando hai emprego, hai máis nas cidades. Precisamente por iso o Concello de Vigo xa está a ser discriminado positivamente en todas as políticas activas de emprego que pon en marcha o goberno de Galicia. Tanto programas de cooperación que, como saben, son programas para desempregados, programas mixtos de formación e emprego, como son as escolas-taller e as escolas-obradoiro, ou os programas de formación.

Xa dixo vostede que o Sr. Núñez Feijóo o pasado ano investiu máis de 2,5 millóns de euros en políticas activas de emprego en Vigo; en plans de cooperación 1,6 millóns de euros; en mulleres vítimas de violencia de xénero 231.000 euros; na Escola Obradoiro Mar de Vigo 678.000 euros. Todo este investimento supuxo 250 empregos en Vigo.

Polo tanto falar de investir con prioridade no Concello de Vigo non é máis que o que xa está facendo a Xunta de Galicia.

Coidamos que o único obxectivo que hai con esta moción é confundir, manipular e sobre todo desviar a atención do fracaso absoluto do seu plan municipal de emprego realizado en 2008 con oito meses de atraso, baseado nun escenario de bonanza económica e sen contar coa opinión do partido máis votado na cidade, opinión que xa lla ofrecemos no 2008 e volvémoslla ofrecer agora para reformular ese Plan Municipal de Emprego porque hai que volver deseñalo, non se pode utilizar ese Plan Municipal de Emprego cando hai dez mil parados máis dende que o Sr. Caballero é alcalde, 28.000 na cidade de Vigo.

Anunciamos que imos votar en contra da súa proposta porque o que piden xa o está a facer a Xunta, porque está a cumprir co compromiso e coa súa obriga de loitar contra a crise tanto no Concello de Vigo como no resto dos concellos.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: O certo é que recoñece que houbo case 600.000 euros menos en comparación co ano anterior, cun número maior de desempregados e desempregadas e con máis poboación. Está recoñecendo polo tanto un menor investimento na nosa cidade e por iso traemos esta moción, para que se recoñeza esta realidade e a Xunta de Galicia invista o que nos corresponde, o que por dereito lle corresponde a Vigo.

Eu sei que hai que dar axudas directas, ó mellor en Ourense por algún congreso e entendemos que teñan que axudar a alguén a gañar alí un congreso pero que non sexa tan escandaloso.

As competencias para pular programas de dinamización, promoción económica e de emprego son da Xunta de Galicia e está reducindo orzamentos para os facer.

En canto ó Plan Municipal que temos, que ademais xa lle dixen que estaba baseado nun pacto local polo emprego, é algo que vostedes aínda non teñen porque pasados xa oito meses, convocaron á patronal e ós sindicatos para falar desta crise? Para cando os van convocar? Para o mes que ven? Para o final de ano van convocar ós sindicatos e á patronal para falar da crise e do emprego, logo de nove meses de goberno.

Nós temos un pacto local polo emprego dende o primeiro día, estamos actuando con todas as medidas que vostedes non tiñan en situación de bonanza, medidas que están a ser moi útiles para a actual situación, están dando resultado, coma di a moción, de 7.500 empregos no Concello de Vigo en empresas privadas e tamén se están traendo fondos doutras administracións para aquí.

Poderá dicir o que queira do Plan de Emprego pero todos os que o coñecen, todos os usuarios valóranos moi positivamente. Pregúntelles a eles.

Reitero a petición da moción de que se teñen que tomar medidas na nosa cidade acordes coa súa realidade e que a Xunta de Galicia tense que poñer dunha vez por todas á faena, atacar a crise e o desemprego en Galicia e fundamentalmente na nosa cidade e deixarse de andar de troula por aí ou deixarse de afirmacións coma a que escoitei hoxe dalgún conselleiro que dicía que cun millón de euros de investimento aquí creaba 5.500 postos de traballo; un fenómeno. É certo que este substitúe a un que ía ser conselleiro desta cousa, non sei se el ou a de facenda, pero non sei que problema tiña nun paraíso fiscal e entón a credibilidade é pouca.

Refírome a que a credibilidade dicindo estas cousas e sabendo de onde veñen, é ningunha.

(Está ausente o Sr. Caballero Alvarez, preside o Pleno o Sr. Domínguez Olveira. Así mesmo están ausentes o Sr. González Sagarra e a Sra. Iglesias Bueno).

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González e Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos en contra dos membros do



Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, instando formulas á Xunta de Galicia diversas peticións relacionadas co desemprego e a dinamización económica, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

10.- (29).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO SE RESTABLEZAN POLÍTICAS DE EQUIPARACIÓN E IGUALDADE ENTRE ESTUDANTES DOS CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS. DOC. 90132945.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16.09.2009, documento núm. 90132945, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. López-Chaves Castro formula a seguinte moción:

“A esixencia de igualdade de trato de todos os estudantes das etapas de ensinanza obrigatoria matriculados nos centros sostidos con fondos públicos esixe que o Concello de Vigo inicie, progresivamente, políticas de igualdade en todos os programas e actividades que se dirixan ós estudantes destas etapas.

Por isto, o Grupo municipal do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Por parte do Goberno Municipal se establecerán progresivamente políticas de equiparación e igualdade entre os estudantes de todos os centros sostidos con fondos públicos.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de setembro de 2009, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SRA. LARRIBA LEIRA: Como di o texto da moción que coñecen todos vostedes, a igualdade de trato dos estudantes das etapas de ensino obrigatorio matriculados nos centros sostidos con fondos públicos esixe do Concello de Vigo que

-----  
S. Ordinaria 22.02.10

se inicie progresivamente unha política de igualdade en todos os programas e actividades que se dirixan ós estudantes destas etapas.

Polo dito, o Grupo Municipal do Partido Popular proponlle ó Pleno da Corporación o acordo de que “Se establezan progresivamente políticas de equiparación e igualdade entre os estudantes de todos os centros sostidos con fondos públicos na cidade”.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Non sei por que se utiliza tanto a palabra “esixencia” porque en realidade este e calquera outro concello ten moi poucas capacidades ou funcións a nivel educativo porque, ademais do que por lei lle corresponde sinxelamente fai algunhas outras actividades de carácter voluntario dando os cartos de todos os cidadáns para axudar e mellorar a educación. Digamos que máis que esixencia se podería considerar que é bo repartir.

Para esixir igualdade hai que estar en igualdade porque se partimos de distintos puntos non podemos pedir igualdade e polo tanto temos que chegar ó mesmo. Certamente os centros concertados e públicos non están en igualdade porque vostedes mesmos son grandes defensores da liberdade de elección e supoño que cando un elixe faino con todas as consecuencias. Polo tanto se supón que as persoas que elixen os centros concertados fano pensando que esas condicións son as que queren para os seus fillos e as persoas que elixen ou sinxelamente aceptan o ensino público fano porque queren que os seus fillos acudan a eses centros.

Partindo de que os concertos se fan única e exclusivamente co goberno autonómico, é nese ámbito onde os centros concertados teñen que esixir posto que son eles e o goberno autonómico quen teñen a relación. Co Concello non é así, tratamos de compensar e non temos nada en contra dos centros concertados pero a nosa obriga está primeiro nos centros públicos.

A cantidade que este ano lles dá a Xunta de Galicia ós centros concertados por ano é de 259 millóns de euros. Ademais non entendo que nos reclamen máis cousas, damos todo o que podemos, supoño que vostedes van optar por un tema onde de momento facemos unha diferenza: o acceso ós programas de inmersión lingüística en Inglaterra. En xeral os demais programas están todos ó seu alcance, a non seren que vostedes teñan algunha información que eu non teña.

Consideramos polo tanto que non é a mesma obriga a que ten o Concello de Vigo cos centros públicos que a que ten cos centros concertados que teñen a única relación coa Xunta de Galicia. Nós non participamos nos consellos escolares dos centros

concertados, nin sabemos nada do seu funcionamento interno e polo tanto non vexo por que esixir igualdade cando non participamos en igualdade.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Sra. Larriba, alégreme que sexa vostede quen defende esta moción porque xa me aclara unha serie de dúbidas que tiña. Dígoo porque eu, que por natureza son ben pensado, cando vin esta moción asinada por un compañeiro do seu grupo aínda que nos ten demostrado que está moi experimentado en temas de dereito e que controla moito o tema da Cruz Vermella, pensei que adoecía de certo descoñecemento de temas de ensino por non seren a súa especialidade.

Os antecedentes da moción é o espazo onde se debe argumentar o por que da proposta que se somete a votación e esta é unha moción que despacha os antecedentes literalmente en catro liñas e ademais nelas non dá nin unha soa argumentación de por que se presenta a moción, limitándose a repetir o que se propón na proposta de acordo. É dicir, non presentan nin unha soa argumentación para a defensa desta moción.

Como xa dixen, eu que son ben pensado, pensei que dalgunha forma se estaban a mesturar “churras con merinas” que ambas son ovellas pero son de distinto tipo. Salvando as distancias, o ensino privado concertado ou non é ensino, o ensino público tamén é ensino, pero son diferentes tipos de ensino e como son tan diferentes necesitan atencións diferenciadas.

Sra. Larriba, teño moi claro que vostede non confunde “churras con merinas” e agora sei que a falla de argumentacións na moción que presentan é porque non hai ningunha de peso que vostedes poidan presentar nesta moción.

A súa moción non é senón unha nova carga en profundidade contra o ensino público que se sustenta nunha fonda posición ideolóxica que pasa por unha concepción absolutamente privatizadora do ensino.

Todos os pais e nais desta cidade teñen o dereito de escolarizar ós seus fillos e fillas nun centro de ensino público e algúns ou bastantes pais e nais teñen a posibilidade de facelo nun centro de ensino privado, é unha liberdade de elección que eu respecto perfectamente pero que se fai valorando o que ofrece un e outro centro. O que non se pode pretender é que alguén que opta por escolarizar ó seu fillo ou filla nun centro de ensino privado pretenda que ademais se lle cubra con diñeiro pertencente ó sector público.

Os centros de ensino privado, concertados ou non, ofrecen un determinado perfil

ideolóxico, moral ou relixioso e ademais están rexidos por uns pater/nais que o que buscan é tamén un fin lucrativo. Coido que non se pode defender en ningún lado que ese lucro proceda de diñeiro público.

O único ensino que é universal, que chega a todo o alumnado independentemente de onde viva é o ensino público, é o único que garante a atención á diversidade e á pluralidade cultural, é o único ensino que ten a absoluta garantía de seren igualitario. O BNG pensa que o diñeiro público debe chegar a ese ensino público, universal e igualitario, a esa estrutura educativa que pertence a todos e a todas.

Dende que vostedes chegaron á Xunta de Galicia puxeron en marcha unha serie de medidas que non son senón recortes para o ensino público mentres que por outro lado aumentan o diñeiro dedicado ó ensino privado. A conselleira de Educación por primeira vez na historia, neste ano 2010 reduce nun 0,9% o seu orzamento, pero curiosamente aumenta nun 1,06% o diñeiro que adica ó ensino privado. Se con menos diñeiro adica máis diñeiro ó ensino privado quere dicir que está a recortar o diñeiro que adica ó ensino público. Acaban vostedes de asinar un convenio co ensino privado que supón que 1.020 millóns de euros vaian a ese tipo de ensino. Esa é a súa aposta e esta moción non é senón máis do mesmo.

O BNG considera que estas enormes desigualdades de trato en favor do ensino privado que vostedes están a levar adiante na Xunta e en contra do ensino público, non deben ter reflexo neste Concello onde si apostamos abertamente por un política educativa e social igualitaria.

SRA. LARRIBA LEIRA: En primeiro lugar, en canto á brevidade na exposición, respecto a moción que se presentou no seu día polo meu compañeiro, D. Ignacio López-Chaves, lémbrolles que leva sendo docente dende hai quince anos, o tema educativo non lle é alleo coma vostedes din.

En calquera caso, referíndome á intervención da concelleira de Educación, efectivamente, Sra. López Atrio, somos conscientes das atribucións que este Concello ten en materia educativa e por iso é obvio que a moción se refire só ós programas educativos do Concello que son un complemento e unhas axudas que se establecen para os cidadáns de Vigo. Como fixemos en ocasións anteriores insisto en que estes dereitos son das familias, non dos colexios.

Non entendo por que o Sr. López Carreira cando falamos destes temas leva sempre o debate ó campo de ensino público-ensino privado, discurso que con todos os

respectos penso que está ancorado no pasado. Estará de acordo comigo en que a nova Lei de educación de Cataluña que é a máis recente en tema educativo e que ademais está feita por un goberno de esquerdas, recoñece como sistema educativo tanto o público coma o concertado, ambos forman parte do sistema educativo en canto que son sostidos por fondos públicos. Entón eu penso que volver aquí con este debate é perder o tempo.

Céntrome nos programas educativos que diseña este Concello. Vostede, Sra. López Atrio, di que esiximos pero estará de acordo comigo en que o Concello de Vigo é consciente, como din moitos documentos que emanan da súa concellería, da importancia da educación coma elemento estratéxico e de progreso da cidade. Por iso promoven dende o Servizo de Educación unha serie de actividades educativas dirixidas á comunidade escolar como instrumento de participación do profesorado, dos alumnos, etc., dereito que non está garantido para todos. Estas experiencias educativas, como vostede di en moitos dos seus programas, teñen o obxectivo de facer de Vigo unha cidade máis culta, máis cívica, pero debe ser que vostede só quere que suceda isto coa metade da poboación. Os outros que se busquen a vida.

Os proxectos educativos que vostedes propoñen ós centros docentes si que teñen en principio unha acción educadora múltiple porque se dirixen tanto a escolares coma a profesores pero, aínda que están concibidos como proxectos flexibles, están centralizados. Non hai participación de ningún tipo na elección dos programas que se van desenvolver, fanse directamente dende o seu servizo e aquí, que tanto estamos no discurso de que estamos a favorecer á empresa privada, todos os programas educativos deste Concello están privatizados, absolutamente todos e como digo están coordinados pero nin sequera fan unha xestión centralizada destes.

Esta formulación que vostedes teñen supón tres cousas. A primeira é que a participación da comunidade educativa de Vigo nestes programas está reducida a colaborar ou opinar sobre as actuacións que vostedes propoñen e dígolle que corren o risco de que non teñan a aceptación suficiente precisamente por esa falla de diálogo coa comunidade educativa da cidade.

Por outra banda non se implica suficientemente ás institucións, organismos ou empresas no deseño e financiamento dos programas educativos municipais o que sería de grande axuda nestes momentos de crise económica.

Por último, os fins de formación, promoción e desenvolvemento de todos os cidadáns que se perseguen con estes programas contrastan coa extensión que se fai deles,

porque deixan fóra á metade dos escolares que están matriculados en centros concertados e que constitúen a metade dos alumnos de Vigo.

Sorprendeume moito a afirmación que acaba de facer e o Grupo municipal do Partido Popular congratúlase de que vostedes se acheguen ás nosas posicións e en concreto na materia das bolsas de inmersión en lingua inglesa porque como consta na documentación cambiaron o criterio. Na proposta que se fai ó 20% de programas de carácter social do Fondo de Investimento Local 2010, constan as bolsas deste programa PILI e vostedes indican aí que este programa vai dirixido a nenos matriculados en centros públicos e centros concertados. Esta é unha novidade e para nós unha satisfacción.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Os programas educativos que fai a Concellería de Educación están moi pensados, están ademais planificados de forma que non sexan para un momento, un ano ou un goberno concreto. Quizais están pensados para que poidan durar no tempo, son programas de música, de animación á lectura..., todos eles están pensados para seren operativos e non para seren puntuais.

En canto a que sexan empresas privadas, comprenderá vostede que saen todos eles a concurso público así que as ofertas se poñen en coñecemento de todo o mundo. Como é posible que vostede diga que se son seleccionados ou dirixidos por nós? É un concurso público do programa de música, de teatro, de danza, polo tanto non sei de que nos acusa cando vostedes neste campo son verdadeiros especialistas.

En canto á igualdade nas bolsas sinto moito dicirlle que non teño esa idea, a idea é que teña prioridade o ensino público. Ten que comprender que para nós o ensino concertado, con todo o respecto do mundo, é algo elixido voluntariamente polos pais e ten unhas condicións e un concerto coa Xunta de Galicia.

Por outra banda están tamén ó dispor dos centros concertados os programas e só os teñen que solicitar como os demais. Se non lles interesa non os solicitan, pero dos querer están ó seu dispor. Non é certo que non teñan dereito a solicitar os programas complementarios. Por outra banda, iso que me di de que ó mellor non son valorados suficientemente, pois se non os valoran non os solicitan. Iso pode pasar tanto no ensino público como no concertado, pero non sei que sistema podería haber para xuntar a todo o mundo opinando deste tema. É imposible, Sra. Lariña, non é factible. De todos os xeitos poñerémolo de inmediato no Consello Escolar Municipal para que se poidan dar alí as pautas que vostede coida que non damos dende a Concellería de

Educación.

Non entendo por que uns programas lle parecen tan malos e outros tan bos. A inmersión para unhas cousas non lles parece a vostedes adecuada e si para outras; na lingua galega Deus nos libre de que Galicia propoña a inmersión. Pon vostede coma exemplo Cataluña cando ten unha inmersión en catalán tanto no que é o concertado como no público. En troques en Galicia non se pode un achegar á inmersión en galego.

Polo tanto non vexo as relacións que puntualmente fan vostedes segundo lles conveña. Todos sabemos que o ensino concertado ten outra función ademais da ensinar ós rapaces porque son empresas privadas, por suposto non están traballando coma ONGs senón que están para gañar os cartos.

Coido que non é xusto que vostedes acusen de que non nos portamos axeitadamente co ensino concertado porque tampouco eles teñen connosco ningún tipo de relación máis que cando voluntariamente queren.

SRA. LARRIBA LEIRA: Non sei se estamos a vivir en cidades diferentes. Eu teño aquí unha lista de todos os programas educativos que organiza o Concello e algún se lle oferta á cidadanía en xeral, pero hai outros que só se ofertan ós colexios públicos e así o di explicitamente a convocatoria.

O ensino regulado efectivamente establece unha serie de concertos educativos con colexios privados, pero estou a falar desa formación a maiores, dese complemento que en moitos casos non ten un carácter estritamente académico senón de motivación, de achegamento ás artes musicais, visuais, etc., que é un complemento que oferta o Concello de Vigo e que debería ofertar fóra do que é o ensino regulado a todos os cidadáns da cidade que son os que pagan os impostos.

Non me quero referir a ningún programa en concreto porque non é o momento de valoralos, pero vostedes non piden a opinión dos colexios sobre as necesidades de programas complementarios. A iso refírome cando digo que os deseñan e os convocan vostedes, non existe un diálogo. Di agora que vai consultar ó Consello Escolar Municipal. Tarde choveu pero pode ser a opción, é dicir, probablemente a comunidade escolar lles poida trasladar as necesidades, os temas en conflito na comunidade educativa para que vostedes oferten algo ó respecto. Ese diálogo non existe.

Para o Grupo Municipal do Partido Popular o ensino público é unha obriga en canto ás

axudas porque me refiro tamén ás axudas de transporte, para comedores, etc., que vostedes deixan fóra, agás unha parte das axudas que se dan dende a Concellería de Benestar Social. É certo, Sra. López Atrio, porque o convenio é con FOANPAS que non representa a todas as asociacións de pais de alumnos do Concello de Vigo, pero vostedes o convenio de comedores escolares só o negocian coas ANPAS dos colexios públicos cando esta é unha axuda a maiores do ensino regulado.

(Está ausente o Sr. Caballero Alvarez, preside o Pleno o Sr. Domínguez Olveira. Así mesmo están ausentes o Sr. González Sagarra e a Sra. Iglesias Bueno).

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González e Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

**ACÓRDASE:**

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. López-Chaves Castro, instando que se restablezan as políticas de equiparación e igualdade entre os estudantes dos centros sostidos con fondos públicos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

**11.- (30).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á ELIMINACIÓN DE MULTAS POR NON IDENTIFICACIÓN DO CONDUTOR. DOC. 90146395**

**ANTECEDENTES.-** Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14.10.2009, documento núm. 90146395, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:



“Estes días estamos asistindo ás novas por parte do Goberno Municipal no que respecta á retirada das multas pola non identificación do condutor nas sancións de tráfico dende o día 2 de setembro do presente ano.

Dende o Partido Popular estamos de acordo en que nos casos menores se poda eliminar a sanción por non identificación ao ser desproporcionada respecto á sanción principal.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que ,dado que o Goberno Municipal ten previsto eliminar as multas por non identificación do condutor:

- 1.- Que se fagan as consultas precisas e as modificacións legislativas necesarias para poderse aplicar esta medida de ser o caso;
- 2.- Que no caso da XER se eliminen as mesmas non só dende o 2 de setembro, senón dende a instauración do servizo da XER e que por tanto se atendan mesmo as peticións de devolución das indebidamente pagadas de oficio.
- 3.- Que por parte do Goberno Municipal se sinale o procedemento a seguir a partir de agora para a retirada destas sancións.”

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 19 de outubro de 2009, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Ó contrario que o meu compañeiro, Sr. Fidalgo Iglesias, eu alégrome de que esta moción chegase neste intre e isto é así porque pensei que logo de tantos meses a podería retirar por estaren arranxado o tema, pero desgraciadamente non é así. Estamos asistindo unha vez máis a un novo engano e entristéceme ademais que o Alcalde non estea hoxe aquí, que preferira asistir a unhas xornadas parlamentarias sobre Seguridade Vial que estar como máximo representante da Corporación no Pleno.

Xa lles digo eu que é absolutamente inxusto, que é unha barbaridade e non o decidimos en Vigo. Hai unha lei estatal que di que cada vez que se recada unha multa para os efectos dos puntos, etc., hai que identificar ó condutor e se este se nega haille que aplicar unha multa de 300 euros. Para facer isto serían necesarias unha serie de modificacións legislativas.

Nós estamos de acordo en que ter unha multa de 30 ou 60 euros e non identificar ó condutor leve aparelado que te impoñan como mínimo unha sanción de 300 euros, é

desproporcionado, por iso presentamos ó Pleno da Corporación esta moción nun plano positivo e no sentido de que se fagan as consultas e as modificacións lexislativas necesarias para poderen aplicar esta medida; que no caso de que se eliminen as mesmas non se faga dende a data anunciada do 2 de setembro, senón dende a instalación do servizo do XER e que se atendan os pedimentos de devolución das debidamente impagadas e que se faga mesmo de oficio. E que por parte do goberno municipal se sinale o procedemento a seguir a partir de agora para a retirada destas sancións.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Empezar coa historia de que o Alcalde prefira estar nunhas xornadas do Congreso dos Deputados sobre seguridade vial, cousa que tamén vai co tema, paréceme absolutamente ridículo. Xa sei que vostedes pensan que a nosa cidade e o noso Alcalde non pesan nada, pero hai dous, tres ou cinco alcaldes que van estar nestas xornadas nunha mesa redonda representando ás grandes cidades nun tema do que en Vigo estamos especialmente orgullosos que é ter traballado arreo na seguridade vial nas rúas e na nosa cidade de xeito xeral.

É moi difícil coller de principio a fin a súa moción. Sei que é un tema complexo mesmo xuridicamente, pero vostede sabe perfectamente que en efecto hai unha lei que obriga a que se identifique ó condutor porque a lei non prexulga quen é o condutor dun determinado vehículo, por iso é obrigado identificar. Cando iso sucede hai que requirir ó propietario do vehículo, non hai outra maneira a non seren que se trate dunha sanción que pon directamente un policía e que obviamente pode notificar no acto.

Consecuencia diso as multas que reciben os propietarios dos vehículos indicábano dun xeito bastante claro e precisamente unha das medidas que tomamos no Concello foi modificalo ó decatármonos de que había un elevado número de multas por non identificar ó condutor.

As multas que se recibiron ata setembro deixaban perfectamente claro que caso de pagar a denuncia non é necesario identificar ó condutor, está moi claro. De todos os xeitos o encabezamento é algo dubidoso porque fala de carta de pagamento. Teño aquí o modelo novo, o antigo poñía “requirimento do condutor, carta de pago” e modificámolo de xeito que no propio encabezamento estivera absolutamente claro: “Carta de pago: se paga a multa non é necesario identificar ó condutor”. Isto dino absolutamente todas as sancións que se reciben nos domicilios.

A partir de aí está claro: a lei obriga a poñer unha sanción por infracción moi grave que pasa a ser de 301 euros ós que non pagaran a multa nin identificaran ó condutor. Que quede claro que o obriga a lei, esta é unha nova sanción, autónoma, non cabe falar dun recargo da primeira multa, é unha multa absolutamente nova, é un segundo procedemento. Quen reciba posteriormente esa multa de 301 euros pareceralle unha inxustiza, é a primeira reacción da calquera, mesmo a miña. Está claro que por unha multa, sexa leve ou grave, o importe é o de menos, se teña que pasar logo a unha segunda multa de non identificaren ó condutor, aparentemente nunha primeira lectura parece unha medida claramente inxusta.

Por iso cando nos decatamos de que estaba a aumentar sensiblemente ese número de multas tomamos a decisión de facilitar dentro da legalidade e podendo favorecer ó maior número de cidadáns que poidan ter unha segunda oportunidade de, identificando ó condutor, poder considerar o pagamento da primeira multa e evitaren así o segundo procedemento.

Por iso fixemos que a todos os titulares dos vehículos cando estiveran ausentes ou fosen descoñecidos se lles comunicara no domicilio legal, logo se quere lles dou todas as explicacións porque tamén niso fixemos un enorme esforzo dende que nos decatamos dese número importante de multas. Pero non só comunicamos nos domicilios nos que obriga a lei, senón que buscamos e rebuscamos posibles domicilios utilizando o padrón municipal ou calquera outra vía para que o maior número de propietarios de vehículos poidan recibir dende o primeiro momento esa sanción.

Pois ben, ós que están ausentes ou descoñecidos facilitámoslles que poidan identificar ó condutor no segundo procedemento, é dicir, dámoslles máis facilidades para resolver a primeira sanción. Iso non significa modificar a lei, é unha interpretación da lei máis favorable para o cidadán que é o que pretendiamos porque entendemos que aqueles que por calquera razón non recibiran a comunicación axeitadamente, a maioría das veces por negligencia dos propietarios dos vehículos que non comunican os seus cambios de domicilio en moitas ocasións e así polo tanto resultasen ausentes ou descoñecidos, a eses dámoslles a posibilidade no segundo procedemento de poder recoñecer ó condutor e, pagando a primeira multa, librarse da sanción de 301 euros que responde á non identificación. Iso é o que fixemos e pódolle asegurar que está absolutamente dentro da legalidade e con toda a claridade.

Paso a analizar polo miúdo os puntos da súa moción, aínda que seguro que na segunda intervención podereille dar máis datos.

O punto primeiro “Que se fagan as consultas precisas, as modificacións legislativas necesarias” é algo que fai o Congreso dos Deputados e vostede sabe que está aprobada unha nova lei dende o 24 de novembro de 2009 onde, entre outras cousas, a obriga do titular do vehículo de comunicalo pasa a ser do condutor habitual do mesmo. Esa é unha lei que nos seus aspectos non favorables ó cidadán se vai aplicar a partir de maio deste ano pero ata agora se aplica só na parte que pode ser favorable ó cidadán, mesmo en ocasións cunha retirada de puntos menor. Esa modificación legislativa xa está e, por certo, para os casos graves de non identificación do condutor, a non identificación pasa ser moito máis cara porque aí é onde están as trécolas dos recalcitrantes que queren evitar perda de puntos. Esa modificación legislativa xa está, xa hai unha nova lei que entre outras cousas contempla este tema dun xeito diferente.

No segundo punto, cando vostede fala de que no caso do XER se faga non dende o 2 de setembro senón dende antes, vostede sabe que a retroactividade de calquera norma que pretenda ser legal é absolutamente imposible, non se poden retrotraer as multas. Os pedimentos de devolución que vostede fai é unha barbaridade porque se tramitaron con sometemento pleno á legalidade e sería totalmente arbitrario.

É curioso que fale vostede do XER, será porque agora por primeira vez funciona como ten que ser, hai prazas de rotación e se poñen multas ós que non rotan, cando neste Concello durante anos e anos e mesmo neses tres anos que vostedes gobernaron non chegaba ó 1% de multas por esa razón. É unha das explicacións de que agora aumentara moito a multa de identificación do condutor porque a irresponsabilidade anterior fixo que unha ordenanza, unha norma, non se aplicara polos gobernos e influíra nun tema tan importante como é o funcionamento dese servizo.

O principio de igualdade refírese a que esa posibilidade de identificar ó condutor sexa para calquera tipo de multa, sexa leve ou grave, sempre que non supoña perda de puntos o que xa ten outro trámite diferente. É absolutamente para todas, non se pode facer un procedemento diferente para o XER das outras multas.

Dende que se tomou esta decisión, o 2 de setembro, en todas as multas leves ou graves que non supuxeran perda de puntos, pódese identificar ó condutor no segundo procedemento e pagando esa multa evitarse a dos 301 euros.

O punto terceiro explicareillo na segunda intervención que terei tempo porque debe ser que este procedemento, aínda que ó principio non se entendeu dun xeito claro por seren un tema realmente complexo, está claro que outra xente si que entendeu o proceso porque lle podo dar os datos de todos os cidadáns que se libraron de pagar esa multa de non identificación do condutor de acordo con este axuste a dereito que se aplica dende o mes de setembro polo goberno municipal.

SR. CONDE GIL: Con todos os respectos, parece que inventáramos nós este tema, Sr. Calviño. Setembro de 2009: “O Concello suprime a multa de 300 euros por non identificar ó condutor en denuncias do XER”. “O Concello elimina o recargo nas multas de aparcamento por non identificar ó condutor”. “A oposición avisa que Caballero non poderá parar as multas de 300 euros”. “A Policía Local anulará os 300 euros por non identificar ó condutor en todas as multas”.

Así poderíamos seguir e seguir. O que está claro é que cando nós pedimos que se fagan as consultas precisas e necesarias por se hai que facer algunha modificación legislativa, facémolo porque sabemos que coa lei actual non se podería suprimir ningunha destas multas. Non se está facendo neste Concello a eliminación destas multas agás, como dixo vostede nunhas declaracións ós medios, nos casos en que non puidera ser localizado o cidadán por estar enfermo ou por non se atopar no domicilio. Pero iso xa se facía antes porque non se pode seguir ningún procedemento sancionador contra ninguén se non foi previamente notificado. Ese é un dos principios básicos de todo procedemento sancionador.

Dixo unha serie de cousas como: “A primeira comprobación fixémosla o mesmo venres da rolda de prensa. Nas ventás da lonxa do Concello informáronnos de que non tiñan constancia de tal orde e que o pagamento dos 300 euros era obrigatorio para todos os condutores que non se identificaran, tivesen sancións que implicasen a retirada de puntos ou non, ou xustificasen un cambio de domicilio. Mesmo quen estivesen dispostos a pagar a multa deberían completar primeiro o trámite de identificación do condutor”. Repetimos a comprobación o seguinte venres cunha multa real e a resposta foi a mesma pero esta vez non só se nos deu a nós, senón ata a outras seis persoas que quixeron facer o mesmo trámite.

Sr. Calviño, non se pode facer este tipo de anuncios dunha maneira irresponsable e logo non atender as demandas dos cidadáns. Precisamente nós presentamos esta moción ó Pleno para que se faga con amparo legal esta retirada de multas que, como

vostede recoñece e tamén nós, pode chegar parecer desproporcionada. Non é normal que por unha multa de 40 ou 60 euros que se poidan dar este tipo de sancións por non identificar ó condutor. Lembremos que os coches non infrinxen as normas de tráfico, son os condutores e de aí a obriga de identificalos.

Por outra banda falaba vostede do tema das datas. Sr. Calviño, as datas non as puxemos nós, non falamos nós da retroactividade, foron vostedes quen anunciaron a data do 2 de setembro, non sei se o lembra e senón lle podo facilitar os recortes de prensa. Foron vostedes quen falaron desas datas, o que nós dicimos é que no caso destas sancións que eran ás que se referían vostedes no anuncio dos xornais, que non se fagan dende o 2 de setembro, se son ilegais que se fagan dende sempre. Ou é que só pode haber retroactividade ata a data que anuncian vostedes?

Fala vostede agora da reforma lexislativa do Congreso dos Deputados. Efectivamente, pero como ben recoñece non se eliminan estas multas como por outra banda anunciaran vostedes, senón que a contía das mesmas, como dixo vostede agora, increméntase e mesmo nos casos de estacionamento en zona azul poden ser retirados os vehículos polo guindastre.

O que non poden é estar enganando continuamente ós cidadáns, nin declararse insubmisos á hora de aplicar unha lei. De aí precisamente que pidamos que se fagan as modificacións lexislativas necesarias para que unha vez que teñamos ese amparo legal, se poida levar a cabo a retirada destas multas que poderíamos considerar un pouco esaxeradas para o tipo de infracción cometida.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: É certo que os titulares dos xornais van moitas veces ó que é fundamental e o fundamental é o esforzo de atención ó cidadán buscando medidas legais que permitan corrixir o que entendemos que é unha inxustiza. Por iso os titulares son o que son pero na letra miúda e no pequeno quedaba absolutamente claro que o que estabamos a facer, aínda que os primeiros días houbera un certo despiste, ó mellor posiblemente provocado pola miña explicación dada a rigorosidade xurídica do tema, era que o trámite procedemental oportuno para identificar ó condutor a que fai referencia a lei, sei que é nomenclatura xurídica que nos aburre un pouco, considerar a posibilidade de que ese trámite se faga no segundo procedemento, que cando se teña esa multa por non identificación do condutor se poida identificar de todos os xeitos nese intre e, por suposto, unha vez identificado e pagando a primeira multa se puidera librar desa segunda.

É o único que fixemos e obviamente necesitabamos un soporte xurídico, un informe que deixara absolutamente claro o tema e foi aí cando empezamos a actuar a prol da cidadanía para evitaren as situacións inxustas que obviamente entendemos que son aquelas nas que na primeira sanción estaban ausentes ou descoñecidos. Vostede sabe que os que están ausentes ou descoñecidos nos domicilios nos que se deixe a notificación, a lei marca que se faga unha publicación por un edito no Boletín Oficial da Provincia que é un trámite legal que de seguro non len moitos cidadáns malia os avances de internet. Iso é o legal, o procedemento cúmprese totalmente sempre que se publique no Boletín Oficial da Provincia. Con iso están cumpridos os trámites que marca claramente a lei.

Pódolle asegurar que o que fixemos foi absolutamente legal, non se podía facer con retroactividade e de todos os xeitos o máis importante do asunto é que o resultado é que dende o 2 de setembro do ano pasado 2.453 cidadáns puideron acollerse a esta medida pensada para corrixir esa certa inxustiza malia que tivera un carácter legal. Infórmolle que eses 2.453 cidadáns que se libraron desta multa de 301 euros supuxeron deixar de recadar 738.052 euros e iso con ese afán recadador que din vostedes que temos. Parece que valeu para algo dentro do que é a absoluta legalidade, todo o que puidemos facer porque ilegalidades e prevaricacións non se podían facer.

Queda absolutamente claro que corrixindo esa certa inxustiza estamos pensando nos cidadáns. Con isto coido que queda claro que os cidadáns xa coñecen o procedemento e é importante que coñeza toda a cidadanía que cando se dea esa situación queda sempre a posibilidade do segundo procedemento de identificar ó condutor e pagar a primeira multa co que se resolve o problema. É máis, nalgúns casos nos que no seu momento recibiran a notificación da primeira denuncia, de haber unha causa de forza maior acreditada documentalmente explicando a ausencia ou a causa de non recibir a notificación, de houberen unha causa xustificada tivémola en conta.

Sempre pensamos no cidadán porque nada máis lonxe da nosa intención que considerar que as multas por infraccións sexan para engordar as arcas municipais senón para outra cousa vital: para incrementar a seguridade vial e facer que os que cumpren coa lei teñan as súas recompensas e os que non paguen por elo.

SR. CONDE GIL: Xa falaremos no seu día, cando veña a Conta Xeral do ano 2009 do

tema da recadación por multas, teremos tempo de falar.

Fala vostede agora dunha causa xustificada e doutra serie de cousas. Efectivamente, sería unha irresponsabilidade deste goberno que habendo unha causa xustificada non se anulase a sanción porque iso obrigaría ós cidadáns a acudir ós tribunais e por riba se lle imporían as costas ó Concello. Iso si que sería unha irresponsabilidade pero tamén o é que vostede estea sentado aquí, unha auténtica irresponsabilidade e leo as súas declaracións na prensa porque ó final aquí están os papeis.

Xulio Calviño, luns, 4 de novembro de 2009: “O recargo de 300 euros segue vixente xa que o Concello non o pode eliminar, sería prevaricar”. O martes rectificánlle. O Sr. Alcalde, o seu xefe, di: “Existe vontade política de anular estas multas. Sinxelamente coa presentación dun recurso garanto a súa anulación”. Pero tivo unha segunda oportunidade: “O único que podemos facer é en casos xustificadas, ausencia por enfermidade ou dirección errónea, é retrotraer o expediente sen xeneralizar”. Se unha persoa está hospitalizada e non recibiu a sanción o lóxico é que se lle dea a oportunidade de retrotraer o seu expediente porque senón sería nulo de pleno dereito. Pero o desmentiron: “Non se van anular só nestes casos puntuais, son tan xeneralizados que falamos dun millón de euros. Ratifico que a multa é inxusta e que aquí non a imos aplicar”.

Está vostedes contradicindo todas as declaracións que se fixeron con anterioridade. Ademais anunciáronnos no seu día que por parte da Asesoría Xurídica desta Casa se ía realizar un informe xurídico no que se ía dar cobertura legal a este tema. Onde está? Mostre o papel que lle dea a gana, pero sabe de sobra que non está porque se nós o reclamamos e non nolo entregaron será por algo.

Aínda que non é obxecto deste debate, o día que queira falamos do tema do XER e de todas as sentenzas que está a haber anulando as multas do XER. Á saída entregareille unhas cantas que coñece vostede perfectamente.

(Está ausente o Sr. Caballero Alvarez, preside o Pleno o Sr. Domínguez Olveira. Así mesmo están ausentes o Sr. González Sagarra e a Sra. Iglesias Bueno).

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González e Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira,



Méndez Piñeiro, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Coello Bufill, relativa á eliminación de multas pola non identificación do condutor, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

## 12.- (31).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Ó NOVO MODELO DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO. DOC. 901146402

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14.10.2009, documento núm. 90146402, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

“Dende que en novembro do ano 2004 a Federación Española de Municipios e Provincias aprobouse a Carta de Vitoria, con motivo do 25 aniversario dos Concellos Democráticos, e demandaba "un novo Estatuto do Goberno Local", dentro dos principios de autonomía local contidos na Carta Europea de Autonomía Local, que contemplase, entre outras materias, o "ámbito competencial propio" dos municipios, provincias e illas e a súa conexión cos "medios adecuados para exercitalas", moito se ten falado e escrito sobre a materia: compromisos electorais dos partidos políticos, resolucións do Congreso, Senado e Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas; mocións aprobadas en Concellos, Deputacións, Cabildos e Consellos Insulares, declaracións do Presidente do Goberno e os seus Ministros, etc.

Todo iso continúa un denominador común; a imperiosa necesidade de elaborar e aprobar unha nova lexislación en materia de Goberno Local, adecuación do seu financiamento en función das competencias asumidas e a necesidade de que este novo modelo de financiamento das Entidades Locais se realizase de maneira urxente e simultánea ao das Comunidades Autónomas; e todas elas desatendidas ou incumpridas por quen ten a responsabilidade de goberno: o Goberno socialista do Sr. Rodríguez Zapatero.

Sería longa a lista de promesas e incumprimentos que neste tempo se viñeron producindo en materia de financiamento local; basta con sinalar o contido do programa electoral co que o hoxe Presidente do Goberno concorreu ás Eleccións

Xerais do ano 2004 e adquiriu, entre outros, un compromiso para a "elaboración dun novo modelo de financiamento local máis xusto e estable, que garanta a suficiencia financeira, o equilibrio e a converxencia territorial, a autonomía e a estabilidade das facendas locais".

O PSOE, no seu programa marco elaborado con motivo das Eleccións Municipais e Autonómicas do ano 2007, insistiu sobre esta materia e comprometeuse a "impulsar a reforma do financiamento local á vez e en coherencia coa reforma do financiamento autonómico" (páx. 11); e ao referirse ao cumprimento do Goberno cos Concellos, e "froito do diálogo cos Concellos e a FEMP" afirmaban asumir "abordar de forma simultánea o financiamento autonómico e o municipal" (páx. 138).

O Presidente e outros membros do Goberno insistiron en numerosas ocasións sobre esta liña de actuación. Sirvan como exemplos a intervención realizada polo Sr. Rodríguez Zapatero con motivo do debate de investidura, realizado tras as Eleccións Xerais do ano 2008, na que referíndose ao financiamento local afirmou que "ademais do novo sistema de financiamento autonómico é necesario abordar a discusión da situación financeira das entidades locais e a súa necesaria reforma", concluíndo con que a súa situación financeira "require unha reforma máis estruturada vinculada á do sistema xeral de financiamento autonómico"; ou as palabras do anterior Vicepresidente segundo e Ministro de Economía, na sesión plenaria realizada polo Congreso dos Deputados o 11 de xuño de 2008, cando afirmou que "durante a anterior lexislatura comprometemos coa FEMP que a reforma do financiamento local se faría en paralelo coa reforma do financiamento autonómico".

Nin os compromisos adquiridos poden ser máis expresivos, nin as actuacións levadas a cabo polo Goberno do Sr. Rodríguez Zapatero poden ser máis contraditorias e decepcionantes.

Sen ir máis lonxe e unha vez que o Goberno xa pechou no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira o novo modelo de financiamento autonómico e proximamente aprobará o proxecto de Lei que o aplicará, o Vicepresidente terceiro e Ministro de Política territorial anunciou o pasado 21 de xullo que antes de 2011 non haberá un novo modelo de financiamento local.

Esta decisión do Executivo é absolutamente inxusta e pon en serio risco a capacidade de financiamento das competencias municipais e a prestación dos servizos públicos e sociais que demandan os cidadáns. As facendas locais están véndose seriamente afectadas polo efecto da crise económica na evolución da recadación e no incremento dos gastos asociados ao funcionamento do Estado de benestar en tempos de crise. Tanto é así que determinados concellos están a verse obrigados a realizar expedientes de regulación de emprego.

Así as cousas, é necesario insistir ao Goberno sobre o urxente cumprimento da moción aprobada por unha ampla maioría dos membros do Congreso dos Deputados, na sesión realizada o 24 de xuño de 2008, en materia de

financiamento local e ampliar os seus contidos para dar unha máis ampla resposta ás demandas do municipalismo.

O Goberno debe cumprir cos seus compromisos e presentar ante a Cámara, de forma simultánea á reforma do financiamento autonómico e no marco de negociación cos partidos políticos representados na Federación Española de Municipios e Provincias, a reforma do goberno local e o novo modelo do seu financiamento.

Á tardanza en acometer esta reforma súmase á irresponsable política orzamentaria do Goberno, que vai provocar que os Concellos teñan que devolver parte das entregas a conta adiantadas polo Ministerio para o exercicio 2008.

O exceso de optimismo e a vontade de ocultar a situación real da economía por parte do Goberno provocou que os dous últimos proxectos de lei de orzamentos elaborados polo executivo estivesen especialmente fundamentados nunhas previsións macroeconómicas irrealistas.

Ditas previsións permitiron ao Goberno contemplar nos orzamentos xerais do Estado para 2008 e 2009 unhas estimacións de ingresos que se mostraron moi superiores á realidade.

Así, en 2007, o Goberno estimou un crecemento dos ingresos non financeiros nos orzamentos xerais do Estado para 2008 do 5,1%, mentres que segundo os datos oficiais de liquidación da Intervención Xeral da Administración do Estado, reducíronse máis dun 11%, supoñendo unha diminución de ingresos con respecto ao total orzado de case 29.000 millóns de euros.

De igual forma, para 2009, o Goberno estimou un crecemento dos ingresos non financeiros do Estado do 0,8% con respecto ao avance de liquidación do exercicio anterior e, segundo os últimos datos oficiais, os ingresos non financeiros están a reducirse máis dun 12% con respecto ao mesmo dato do ano anterior.

Estas previsións optimistas de ingresos permitiron ao Goberno adiantar uns anticipos ás Entidades Locais moi superiores aos que corresponderían en caso de realizar unha previsión real.

As Entidades Locais realizaron os seus orzamentos anuais en base ás devanditas previsións optimistas de ingresos, e comprometeron gasto atendendo aos recursos facilitados polas entregas a conta do Ministerio de Economía e Facenda.

Unha vez realizada a liquidación definitiva de 2008, cuxo resultado é negativo, Entidades Locais, así como as Comunidades Autónomas veranse obrigadas a reintegrar parte dos ingresos a conta recibidos polo Estado por non se ter cumprido as súas previsións de recadación.

Así, atendendo ás declaracións da Vicepresidenta Segunda do Goberno e Ministra de Economía e Facenda, as CCAA terán que reintegrar 6.000 millóns de euros ao

Estado en concepto de liquidación definitiva negativa do exercicio 2008.

Ao igual, as Entidades Locais veranse obrigadas a reintegrar parte dos ingresos a conta recibidos polo Estado por non se ter cumprido as súas previsións de recadación. Con todo, mentres que as CCAA, en virtude do novo acordo para a reforma do modelo de financiamento, disporán dun prazo de mouro dun ano e poderán facer periódica a cancelación da débeda en catro anos, as Entidades Locais estarán suxeitas ao sistema ordinario de liquidación.

Esta distinción entre unhas e outras administracións territoriais resulta completamente inxusta e pon en risco a capacidade das Entidades Locais de afrontar os gastos das competencias, en gran parte de contido social, que veñen exercendo.

Por todo iso, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno do Concello a aprobación dos seguintes acordos:

Primeiro.- Reclamar ao Goberno de España que remita á Cámara, de maneira inmediata e simultánea coa presentación do proxecto de Lei que aplicará o novo modelo de financiamento autonómico, os correspondentes proxectos de lei de Goberno Local, que defina o seu marco institucional e competencial, e de Financiamento Local, que responda aos principios de autonomía e suficiencia das Entidades Locais, permitindo así facer efectivo o contido do Capítulo Segundo do Título VIII da Constitución, e o financiamento adecuado de servizos públicos básicos que prestan.

Segundo.- Esixir ao Goberno da Nación que aplique transitoriamente ás entidades locais o sistema de moratoria no reintegro das liquidacións negativas de exercicios anteriores que se vai aplicar ás Comunidades Autónomas de réxime común a raíz do recente acordo para a reforma do modelo de financiamento autonómico.

Terceiro.- Dar traslado destes acordos ao Presidente do Goberno, á Vicepresidenta Segunda do Goberno e Ministra de economía e Facenda, ao Vicepresidente Terceiro do Goberno e Ministro de Política Territorial e aos Voceiros Parlamentarios no Congreso e Senado.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de outubro de 2009, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Dende que en novembro de 2004 a Federación Española de Municipios e Provincias aprobara a Carta de Vitoria co galo do vinte e cinco aniversario dos concellos democráticos, vense demandando un novo estatuto de goberno local dentro dos principios de autonomía local contidos na Carta Europea de Autonomía Local que contemplase, entre outras materias, o ámbito de competencias

propio dos municipios, provincias e illas e a súa conexión cos medios adecuados para as exercitar.

No ano 2004 o presidente do Goberno, Sr. Rodríguez Zapatero, prometeu elaborar un novo modelo de financiamento local "...máis xusto e estable que garanta a suficiencia financeira, o equilibrio e a converxencia territorial, a autonomía e a estabilidade das facendas locais" tal como dixo o Presidente. O propio Partido Socialista no seu programa marco que elaborou con motivo das eleccións autonómicas e municipais do ano 2007, insistiu sobre esta materia e comprometeuse a pular a reforma do financiamento local á vez que en coherencia coa reforma do financiamento autonómico.

No seu debate de investidura do ano 2008 o Sr. Rodríguez Zapatero afirmou que "...ademais do novo sistema de financiamento autonómico é necesario abordar a discusión da situación financeira das entidades locais e a súa reforma (...) a súa situación financeira require unha necesaria reforma máis estruturada vinculada á do sistema xeral de financiamento autonómico".

O caso é que estamos no ano 2010 e ren de ren, papel mollado unha vez máis. Mesmo habería que insistir ó goberno do Estado sobre o urxente cumprimento dunha moción aprobada por unha ampla maioría dos membros do Congreso dos Deputados, na sesión realizada o 24 de xuño do ano 2008, en materia de financiamento local e ampliar os seus contidos para lle dar unha máis ampla resposta ás demandas do municipalismo.

Por todo o dito presentamos a este Pleno unha moción na que pedimos en primeiro lugar reclamar ó goberno de España que remita á Cámara de maneira inmediata e simultánea... Isto témolo que modificar porque a moción é do 14 de outubro, estamos a finais do mes de febreiro do ano 2010 e nós diciamos que se levase tamén como novo modelo de financiamento autonómico que como xa sabemos esta aprobado.

*Deseguido o concelleiro Sr. Conde Gil procede a ler o texto da parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.*

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis non sei como cualificar a moción do Sr. Conde, podería ser unha tomadura de pelo, pero estamos falando dun tema moi serio que é o financiamento dos concellos. Esta moción é para criticar que o Sr. Rodríguez Zapatero non presentara ata o momento un novo modelo de financiamento local tal e

como se comprometeu cando fixo o seu discurso de investidura.

O que non di o Sr. Conde é que o actual modelo de financiamento, o que temos agora e o que o Sr. Rodríguez Zapatero comprometeuse a cambiar, é o modelo aprobado polo Partido Popular aprobado polo Partido Popular, por D. Cristóbal Montoro cando era ministro de Facenda, D. Javier Arenas cando era ministro de Administracións Públicas e por D<sup>a</sup> Rita Barberá cando era presidenta da Federación Española de Municipios e Provincias. Agora, cando todos dixemos que ese modelo non ía funcionar e que había que cambialo o Sr. Conde pregúntase por que o Sr. Rodríguez Zapatero non o cambia.

As consecuencias dese modelo aprobado polo Partido Popular foron que na cidade de Vigo no ano 2003 ingresáronse de menos por parte do Estado seis millóns de euros. As consecuencias dese modelo de financiamento que agora está criticando o Sr. Conde pero que se aprobou polo seu partido, supuxo para esta cidade seis millóns de euros menos nas arcas municipais e polo tanto seis millóns de euros menos para facer políticas e para axudas cara todos os vigueses e viguesas. Agora por fin recoñecen que o hai que cambiar.

Esta é unha demanda que ven de moito antes. Eu teño aquí artigos do presidente da Deputación de Barcelona onde se di: “Levamos xa máis de dez anos pedindo un novo modelo de financiamento autonómico”. É dicir, xa no goberno do Sr. Aznar pedían un cambio de modelo de financiamento autonómico. Tamén teño aquí as declaracións de D<sup>a</sup> Teófila Martínez, deputada do Partido Popular, que di que levan trinta anos pedíndoo. Levarán ese tempo pedindo outro modelo pero nos oito anos nos que estiveron gobernando non fixeron un novo modelo máis favorable ás cidades, senón que pola contra lles quitaron competencias, autonomía e financiamento.

Fronte a isto o Sr. Rodríguez Zapatero, unha vez que tomou posesión e decatándose dese mal modelo de financiamento, incrementou nun 34% as dotacións ós concellos, compenrouse a supresión do imposto de actividades económicas, creouse un fondo de solidariedade municipal para garantir un financiamento mínimo, facilitouse crédito e dotouse de liquidez ás entidades locais, creouse un Fondo Estatal de Emprego e Sostibilidade local por 5.000 millóns de euros que se engade ó Fondo de Investimentos local de 8.000 millóns de euros do ano 2010.

É dicir, o Partido Popular en catro anos, entre 2000 e 2004, destinou ás cidades 650 millóns de euros e en 2 anos o Partido Socialista, entre 2009 e 2010, destinou ás cidades 13.000 millóns de euros e como ben di xa está aprobado por fin o

aprazamento e fraccionamento das entregas a conta.

Isto é o que fixo o goberno do Sr. Rodríguez Zapatero en seis anos que non fixo o Partido Popular nos oito anos que estivo. Aínda por riba tivo que recompoñer dalgún xeito ese modelo que aprobaron os membros do Partido Popular. A maiores xa está nestes momentos en conversas coa Federación de Municipios e comprometida para o ano 2011 a nova lei de goberno local e a lei de financiamento local que precisamente lle vai dar máis autonomía financeira e máis suficiencia ós concellos.

De novo o que esquece o Sr. Conde é que os financiamentos dos concellos non só dependen dunha administración coma a xeral, non só do goberno do Sr. Rodríguez Zapatero, senón que as administracións locais dependen doutros organismos coma é a Xunta.

Quero ler unha resolución da Federación Española de Municipios e Provincias de hai uns meses: "A unidade dos municipalistas require dunha resposta dende a lealdade institucional por parte dos responsables do Ministerio de Economía e Facenda, Ministerio de Administracións Públicas e gobernos das Comunidades Autónomas. Unha vez pechado o acordo de negociación deste proceso debe formularse a continuidade nos ámbitos territoriais entre os gobernos das comunidades autónomas". As comunidades autónomas tamén se teñen que implicar no financiamento dos concellos. Falaba vostede das demandas da FEMP; eu fállolle de máis demandas da FEMP e así léolles uns titulares: "A FEMP reclama ás Comunidades Autónomas recursos tanxibles para fornecer os investimentos locais". "A FEMP pide ás Comunidades Autónomas un fondo incondicionado equivalente a 70 euros por habitante".

Eu teño o compromiso do Sr. Rodríguez Zapatero de que no 2011 haberá un novo modelo de financiamento local, pero o que non teño da Xunta é ningún fondo condicional que me garanta que se me van pagar competencias que estou a asumir da Xunta. Eu non teño nada da Xunta onde se diga que tamén se compromete coas entidades locais, que sabe que as entidades locais necesitan financiamento, que os concellos están a asumir competencias que son da Xunta e polo tanto que a Xunta nos vai transferir fondos. Eu non teño absolutamente nada diso, Sr. Conde.

É máis, aprobouse un novo modelo de financiamento autonómico polo que absolutamente todas as autonomías recibiron máis diñeiro. A Xunta recibiu máis diñeiro, onde está ese diñeiro? Canto dese diñeiro reverteu nos concellos? Canto no Concello de Vigo? Nin un só euro máis. A Xunta de Galicia recibiu millóns e millóns de

euros do Estado co novo modelo de financiamento e o Concello de Vigo non recibiu absolutamente nada.

Se tan necesario é ese modelo de financiamento local, por que cando a Xunta estaba a negociar ese modelo de financiamento autonómico non dixo que se pensara tamén nas entidades locais? Porque ó mesmo tempo que se aproba un novo modelo de financiamento autonómico tamén lle habería que dar máis competencias e máis financiamento ós concellos. Onde está iso? Nalgún momento o Sr. Núñez Feijóo dixo iso? Non, estivo de acordo co modelo de financiamento autonómico, con recibir máis diñeiro do Estado pero non lle deu nin un só euro a esta cidade de Vigo.

Pero non é a única administración implicada no financiamento local. Diciamos que temos a o Estado que está comprometido cun novo modelo de financiamento local e que remendou o mal modelo de financiamento local que fixo o PP; temos á Xunta que non está a facer nada polo financiamento local e por suposto queda a Deputación. As deputacións teñen a obriga de investir nos concellos, para iso se crearon, para infraestruturas, para mellorar a calidade de vida de todos os Concellos. Dos 200 millóns de investimentos da Deputación de Pontevedra, canto se investiu en Vigo? Cero euros. Ese é o investimento da Deputación en Vigo.

Polo tanto o que está a defender este goberno e o Partido Socialista é que todas as administracións se involucren nunha mellora do financiamento local. Si queremos un novo modelo de financiamento local, unha nova lei de goberno local con máis autonomía, máis financiamento e máis autosuficiencia e xa temos o compromiso do goberno do Sr. Rodríguez Zapatero de que isto o imos ter no 2011. Pero eu non teño o compromiso da Xunta de que nos vai dar ese fondo incondicionado que está a pedir a FEMP de 70 euros por habitante. Tampouco teño ningún compromiso da Deputación de que se van investir en Vigo fondos proporcionais ó tamaño da cidade de Vigo.

Por iso eu recollo a súa moción e eméndoa pedindo a todas as administracións. Recollo o seu primeiro punto que di “Instar ó goberno de España a que remita o máis axiña posible os proxectos de lei de goberno local e de financiamento local”. Pedimos o mesmo, que o Estado se implique, pero tamén: “Instamos á Xunta de Galicia a que cre un fondo incondicionado para os concellos equivalente a 70 euros por habitante tal e como demanda a FEMP”. É dicir, que a Xunta se implique. En terceiro lugar: “Instar á Deputación de Pontevedra a que financie un plan de investimentos nos municipios no que o Concello de Vigo teña asignados fondos en proporción ó seu tamaño de poboación e económico”. É dicir, que a Deputación tamén se implique,



que todas as administracións que teñan competencias nas cidades se impliquen. Esa é a emenda que nós presentamos e agardamos que xa que se trata de mellorar o financiamento da cidade e polo tanto os servizos que lles imos dar ós cidadáns, se aprobe tamén polo Partido Popular.

SRA. VELOSO RÍOS: Estamos de acordo en que hai unha insuficiencia financeira que afecta ás entidades locais no noso Estado que ten carácter estrutural. É dicir, este é un modelo de financiamento local que é incapaz de garantir agora mesmo a suficiencia dinámica dos recursos no ámbito local. Podemos falar agora mesmo dun raquitismo orzamentario estrutural das facendas locais.

Hai distintos factores que provocan esta situación, dalgún xa falou a concelleira pero os temos que lembrar porque realmente agora mesmo os concellos no Estado español teñen atribuídas e asumidas unha serie de competencias que non se ven acompañadas dos recursos necesarios para as financiar axeitadamente. Ademais hai un incremento das demandas da cidadanía que evidentemente sempre chegan en primeiro lugar á administración máis próxima que é a local. Por outra banda hai unha asunción de gastos que lles corresponderían a outras administracións, como moi ben explicou xa a Sra. Díaz. No noso caso podemos falar dunha serie de gastos que temos que asumir dende este Concello porque non se asumen dende a administración autonómica nin dende a provincial.

Esta situación de carácter estrutural vese agravada neste momento de crise económica que evidentemente tamén afecta ós ingresos municipais. Podemos falar da redución dos ingresos por unha menor recadación do IBI, ou por unha redución das licenzas municipais por mor do estoupido da burbulla inmobiliaria, ou á redución das achegas do Estado como consecuencia da redución da participación nos ingresos do Estado que reciben as entidades locais.

Estamos todo o mundo de acordo en que é precisa unha reforma global do financiamento local, non unha moratoria ou medidas puntuais pero que realmente non solucionan un problema de tipo estrutural como o que sofren os concellos agora mesmo. Unha reforma que ten que avanzar na descentralización do Estado necesariamente, igual que se descentralizan as competencias téñense que descentralizar tamén as cuestións relativas ó financiamento local.

O que si hai que ter en conta e coido que iso diferencia claramente a postura do Bloque Nacionalista Galego con respecto á postura tanto do Partido Socialista como

do Partido Popular, é que nós temos moi claro que esta situación non afecta do mesmo xeito a todos os concellos. As características sociais, demográficas e económicas de Galicia fan que esta situación non afecte por igual ós concellos galegos ca outros doutras partes do Estado e por iso nós temos unha proposta con respecto a esta reforma que ten en conta a situación real e os problemas concretos dos concellos do noso país.

Agora mesmo o sistema non contempla os custos reais que supón a prestación de servizos e polo tanto non se contemplan os elementos que encarecen a prestación deses servizos, só se ten en conta a poboación -un 75%-, o esforzo fiscal -12,5%- e o inverso da capacidade tributaria -12,5%- no reparto da participación dos ingresos do Estado. Pero non se teñen en conta factores que encarecen o custo de gran parte dos servizos que subministran os concellos como é o caso da dispersión de poboación que é unha característica do noso país, a superficie de cada municipio ou o envellecemento da poboación.

Estes son elementos non recollidos agora mesmo no sistema de financiamento local e que no BNG pensamos que é imprescindible que se recollan se nesta reforma estrutural do financiamento local queremos mellorar a situación dos concellos do noso país. Mentres non se aborde a reforma global do sistema en todo caso faise urxente e necesario reformar este aspecto posto que nos concellos onde estes factores contan cun peso relevante a situación de insuficiencia vese claramente agravada.

O Bloque Nacionalista Galego a través dos seus dous deputados no Congreso, D. Francisco Jorquera e D<sup>a</sup> Olaia Fernández Davila, presentou este mes unha proposición de lei de modificación do decreto da Lei reguladora de facendas locais que propón unha corrección destes elementos, engadindo tres novos criterios de reparto para a distribución do importe total da participación nos ingresos do Estado. Por unha banda a poboación maior de 65 anos cunha ponderación do 15%, a dispersión da poboación cun peso do 3% e a superficie territorial cunha porcentaxe na participación do 2%.

A postura do Bloque Nacionalista Galego está moi clara. Nós estamos de acordo con que é precisa unha reforma global. Iso si, nós temos en conta en que país vivimos, cales son as nosas características e que necesidades temos. Presentamos esta proposición de lei no Congreso dos Deputados e escoitando a intervención do Sr. Conde supoño que o Partido Popular estaría disposto a apoiala e realmente non

podemos senón apoiar tamén a emenda do Partido Socialista porque pensamos que esta reforma estrutural non se pode limitar a unha reforma dende o Estado, senón a un compromiso de todas as administracións do noso territorio.

SR. CONDE GIL: Non é que esteamos criticando ó Sr. Rodríguez Zapatero, Sra. Díaz, é que el foi quen prometeu todo isto. Se vostede quere desviar a atención facendo unha mestura coa Xunta de Galicia, Deputación ou quen queira, alá vostede, fágao, pero lle insisto en que 2004, 2007, 2008, moción do 2008, promesas do Sr. Rodríguez Zapatero e de ninguén máis e non sei polo tanto a que ven dicir iso. Agora anuncia que o Sr. Rodríguez Zapatero comunicoulle a vostede que vai haber un novo modelo no 2011. Está ben que a chamara e que llo dixera pero a verdade é que dende o 2004 xa pasou tempo.

Falou da Xunta de Galicia pero, quen ten a competencia de facer a modificación da lei para un novo financiamento local? Tena o goberno central e por iso quen ten a responsabilidade do facer é o goberno do Sr. Rodríguez Zapatero, nin máis nin menos, quen terá que negociar coas comunidades autónomas as súas responsabilidades será o goberno central. Non intente vostede confundir á cidadanía. Que o Sr. Rodríguez Zapatero faga os deberes e que presente un novo proxecto porque logo de seis anos, dende o 2004, xa tivo tempo de redactar non sei cantos modelos, supoño que tantos como parados, polo menos puido facer cinco millóns de modelos e non os fixo. Que no marco de negociación do modelo de financiamento fale coas comunidades autónomas e que se poñan de acordo en de quen é a responsabilidade.

Logo falou da Deputación. Como sempre, é vostede especialista en falar da Deputación. Hoxe non falou de Madrid, que raro, igual o fai agora. Lémbrolle que a Deputación ofreceu investir en Vigo 25 millóns de euros en Navia e vostedes dixeron que non. Comprometeuse a arranxar o Colexio Alemán e vostedes dixeron que non. Onde está a vontade de seu de que a Deputación invista en Vigo? Na súa mente porque noutro lado dende logo que non a vemos.

Quen prometeu a reforma do sistema de financiamento foi o Sr. Rodríguez Zapatero e ese sistema valeu ata que entramos nesta situación de crise. Os ingresos foron axeitados ata o momento no que entramos nesta situación de crise que vostedes negaron por activa e por pasiva e para a que agora crean unha comisión. O certo é que os concellos, con esa irrealidade da política do Sr. Rodríguez Zapatero, co Sr.

Solbes no ano 2007, agora coa Sra. Salgado, fixeron unhas estimacións nos seus orzamentos en base á gran mentira que viña de Madrid, non do Concello de Madrid, senón da Moncloa. Fixeron esas previsións e agora nos atopamos co que dicía vostede, que as comunidades autónomas e os concellos van ter que devolver ó Estado máis de 6.000 millóns de euros; os concellos uns 1.500 millóns de euros dos que xa falamos o outro día. Como os imos devolver? Di vostede que hai unha moratoria pero o certo é que ó final os hai que devolver.

Dixo vostede que a gran achega deste goberno foron os 13 millóns de euros dos Fondos de Investimento Local I e II . Desaproveitáronse na nosa cidade.

Nós non imos admitir a emenda que vostede anuncia porque entendemos que isto é responsabilidade do goberno da nación e é a el a quen en todo caso lle corresponde negociar coas comunidades autónomas e cos concellos a forma de financiamento local.

Non veñan con lérias, traballen e esíxanlle ó presidente do goberno, xa que é do seu partido, que a promesa do 2004 non agarde ó 2011 para volver prometer porque xa sabemos onde quedan as promesas do Partido Socialista: na papeleira.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Cada vez me sorprende máis o Sr. Conde. Sempre comeza sementando dúbidas sobre se ese compromiso por parte do Sr. Rodríguez Zapatero existe ou non, ou se chamou ou non por teléfono. Non fai falla que faga chamadas telefónicas, lea os xornais ó igual que lía hai uns días titulares: “En palabras do secretario de Estado o desexo do Executivo é que o 2011 sexa un ano marcado municipalista, o que significará que teremos sementado no 2010 a nova lei de autonomía local e o novo modelo de financiamento”. Estas son palabras nin máis nin menos que do secretario do Estado reunido na Comisión Executiva da Federación Española de Municipios e Provincias. Claro que como o Partido Popular non acode a estas comisións é lóxico que non se decate pero o compromiso está aí dito polo secretario de Estado.

Dixo logo que de quen é o compromiso, que só ten que ver o Estado e non as comunidades autónomas e fala da Carta de Vitoria. Si, pero tamén está a Declaración de Elche que el non nomea e esta di: “As comunidades autónomas teñen que poñer en marcha fondos incondicionados a favor dos gobernos locais que completen o financiamento que reciben do Estado por unha contía equivalente a 70 euros por habitante. Estes recursos permitiríanlles ós concellos financiar os gastos que asumen

pola prestación de servizos que son de competencia autonómica". Sinxelamente estamos esixíndolle á Xunta que nos dea o diñeiro para lles poder dar ós cidadáns os servizos que tiña que prestar a Xunta, é o único que estamos a dicir.

Di vostede que non admite a emenda porque non é responsabilidade da Xunta? Aquí estanse a prestar servizos que ten que prestar a Xunta, está a prestalos este Concello e o que estamos dicindo é que a Xunta o faga, que nos dea o financiamento necesario para poder prestar eses servizos que necesitan os cidadáns. O problema é que a Xunta non entende que hai cidadáns que necesitan servizos que tiña que prestar e como ela no o fai faino o Concello. O Concello dille o cidadán que lle presta o servizo porque sabe que o necesita e dálle o financiamento que saca de financiamento local, cando tiña que ser de financiamento autonómico. Non escorran o vulto.

Cando vostedes rexeitan a emenda o que non queren é que a Xunta se comprometa coa cidade de Vigo dando o diñeiro que saben que é para os cidadáns de Vigo e non queren que a Deputación invista na cidade de Vigo. Eu quero saber cal foi a resposta do Sr. Louzán á carta que se lle enviou dende o Concello de Vigo pedindo a humanización de rúas como a rúa Coruña. A resposta da Deputación foi que non; dito dun xeito moito máis politicamente correcto a resposta foi que non se inviste un euro nesta cidade e de xeito a rúa Coruña fíxose con orzamentos municipais porque a Deputación se negou a investir na cidade.

O motivo de que rexeiten a emenda é ese porque a emenda sinxelamente di instar ó goberno da nación a que faga o modelo de financiamento local, pero tamén que a Xunta e máis a Deputación se impliquen. Por que rexeitan a emenda se a primeira parte é exactamente igual, que o goberno faga o que ten que facer porque é o modelo de financiamento? Porque non queren o outro. Vese que o Partido Popular segue sen querer defender a Vigo.

Dende que D. Abel Caballero é alcalde a Deputación escapou e agora o está a facer a Xunta de Galicia que tamén está a escapar, por iso se negan a aprobar unha emenda que di o mesmo que o Partido Popular, que o Estado se implique, que dea máis financiamento, pero que tamén dea máis financiamento a Xunta e que tamén se implique a Deputación. Que todos se impliquen porque teño aquí datos que din que o 30% das competencias que asumen os concellos son das comunidades autónomas.

Sinceramente me dá mágoa que o Partido Popular non aprobe unha emenda coma a que veño de presentar porque sinxelamente é dicir que todos colaboren no

financiamento das cidades, que todos presten servizos ás cidades e o único que quere o Partido Popular é que se molle o Sr. Rodríguez Zapatero pero que non se mollen nin o Sr. Núñez Feijóo, nin o Sr. Louzán.

SR. CONDE GIL: Á Sra. Díaz ultimamente dánlle mágoa moitas cousas. Por certo, aínda non pediu desculpas polo que dixo o pasado Pleno, de teren un pouco de elegancia faríao.

Falou do anuncio do secretario de Estado pero quen é máis, o secretario de Estado de Economía ou o presidente do Goberno? Por un principio de xerarquía na organización maxino que como quen elixe ó secretario de Estado é o ministro do ramo e a este elíxeo o presidente do Goberno, debe ser máis o presidente de goberno e xa lle dixen que este fixo o anuncio no 2004, no 2007, no 2008 e agora anuncian o 2011.

Tamén falou da Deputación. Sempre insisto en que a Deputación ofreceu investir nesta cidade 28 millóns de euros; 25 millóns para o proxecto deportivo de Navia e 3 millóns para o colexio alemán e vostedes dixeron que non. Entón non veña aquí mentir, dicir que a Deputación non ten o compromiso con Vigo cando son vostedes os que queren poñer o pau na roda dos investimentos da Deputación.

Novamente falou da Xunta de Galicia pero, de onde ven o financiamento? O financiamento e a lei son estatais, quen ten que facer a lei é o Congreso dos Deputados, as Cortes Xerais, é o Estado. Non intente vostede distraer a atención de onde debe estar que é no Goberno da Nación.

Imaxino que igual vostedes teñen a ocorrencia de crear unha comisión para estudar este tema pero lle lembro o que dixo Napoleón porque, non sei se sabe vostede e senón a informo de que o Código Civil e mesmo o que temos en España é de orixe napoleónico e Napoleón cando fixo o Código Civil francés decatouse de que unha serie de estudosos ían facer unha comisión e o que dixo foi: "Deus meu, o meu código está perdido". Pois como fagan unha comisión como a que van facer esta semana o financiamento local vai estar tamén perdido como o estivo dende o ano 2004 cando o Sr. Rodríguez Zapatero fixo o primeiro anuncio. Seguimos anuncio tras anuncio con cada vez máis crise e menos ingresos para as entidades locais pola súa irresponsabilidade.

A PRESIDENCIA: Antes de votar gustárame, Sr. Conde Gil, darlle unha información. O concelleiro de Deportes desta cidade emitiu un escrito ó presidente da Deputación,

Sr. Louzán, dicíndolle que estaba disposto cando el quixera a que viñera aquí e asinar un convenio para investir nesta cidade eses 25 millóns de euros. Estamos agardando esa resposta. Esa é absolutamente a verdade.

*Deseguido a Alcaldía-Presidencia procede a ler o texto da emenda formulada pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. Díaz Vázquez, que se transcribe a continuación.*

Emenda de substitución formulada por escrito de data 22 de febreiro pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. Díaz Vázquez:

Primeiro.- Instar ó Goberno de España a que remita, o máis axiña posible, os proxectos de lei de Goberno Local e de Financiamento Local.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a que cree un fondo incondicionado para os Concellos equivalente a 70€ por habitante, tal e como demanda a FEMP.

Terceiro.- Instar á Deputación de Pontevedra a que financie un plan de investimentos nos municipios e no que o Concello de Vigo teña asignados fondos en proporción ó seu tamaño de poboación e económico.

Cuarto.- Dar traslado destes acordos ó Presidente do Goberno, ó Presidente da Xunta de Galicia e ó Presidente da Deputación de Pontevedra.

(Está ausente o Sr. Caballero Alvarez, preside o Pleno o Sr. Domínguez Olveira. Así mesmo están ausentes o Sr. González Sagarra e a Sra. Iglesias Bueno).

**VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLA CONCELLEIRA SRA. DÍAZ VÁZQUEZ:**

Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González e Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, acórdase:

Aprobar a emenda de substitución formulada pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. Díaz Vázquez, e xa que logo

-----  
S. Ordinaria 22.02.10

ACÓRDASE:

Primeiro.- Instar ó Goberno de España a que remita, o máis axiña posible, os proxectos de lei de Goberno Local e de Financiamento Local.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a que cree un fondo incondicionado para os Concellos equivalente a 70€ por habitante, tal e como demanda a FEMP.

Terceiro.- Instar á Deputación de Pontevedra a que financie un plan de investimentos nos municipios e no que o Concello de Vigo teña asignados fondos en proporción ó seu tamaño de poboación e económico.

Cuarto.- Dar traslado destes acordos ó Presidente do Goberno, ó Presidente da Xunta de Galicia e ó Presidente da Deputación de Pontevedra.

13.- (32).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTAR Ó MINISTERIO DE INDUSTRIA O APOIO Ó SECTOR DO AUTOMÓBIL GALEGO. DOC. 90146405

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14.10.2009, documento núm. 90146405, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

“A industria da automoción viguesa precisa axuda. O Plan de Competitividade da Automoción foi cualificado como “decepcionante” polo director de Citroën en Vigo, Pierre Ianni, xa que a proposta que presentaron xunto co Cluster de Empresas da Automoción (CEAGA) nun claro exemplo de cooperación inter-empresarial, non recibiu a resposta que merecía.

Das 38 empresas da industria auxiliar que se animaron a solicitar axudas, o goberno de Zapatero só vai apoiar a 14 delas con 16,8 millóns, un ínfimo 11% do importe que pedían.

Citroën, que leva sendo varios anos consecutivos a maior fábrica de vehículos de España, e cuxo futuro en Vigo pasa por crear un centro de prototipos para o cal necesita 1.062 millóns ata o 2012, vai recibir este ano 71,5 millóns en préstamos a interese cero.

Empresarios e sindicatos coincidiron en que nestas axudas do Estado, prevaleceron criterios políticos e non se valorou o esforzo por non presentar un expediente de regulación de emprego en PSA, como si se presentaron en Cataluña ou Valencia, as grandes beneficiadas da convocatoria.

-----  
S. Ordinaria 22.02.10



Pero a industria do automóbil da cidade non se vai quedar parada mentres o Goberno Central impulsa outras plantas menos produtivas como Renault, Opel, Seat ou Ford, por iso, este Grupo Municipal, propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ó Ministerio de Industria a apoiar de forma clara ó sector do automóbil galego, impulsando ó plan industrial de Citroën e da industria auxiliar na próxima convocatoria de axudas para o 2010”

A comisión informativa de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, en sesión do 19 de outubro de 2009, ditamina favorablemente.

*O concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.*

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Esta é unha moción que hoxe está resolta e afortunadamente o Goberno do Estado do Sr. Rodríguez Zapatero está pulando tamén para este ano 2010 axudas para o sector do automóbil.

Hai que felicitar ó Goberno do Estado porque dentro do Plan E, Plan Zapatero, achegou para o sector do automóbil deste país 800 millóns de euros no 2009. Evidentemente Citroën, con bo criterio, solicitaba 1.062 millóns, cantidade que con moito excedía deses 800 millóns.

Pero eu lles quero lembrar ó Partido Popular e ós cidadáns que nese ano 2009 a convocatoria ía suxeita á fabricación dun vehículo eléctrico ou de eficiencia enerxética e que por iniciativa do alcalde desta cidade, D. Abel Caballero, este Concello estivo representado na Mesa do Ministerio de Industria en varias xuntanzas onde tamén estaba o director xeral de Citroën e a Xunta de Galicia, gobernada daquela polo bipartito, para avalar o proxecto industrial de PSA-Citroën e tamén dos fabricantes de compoñentes para o ano 2009.

Neste ano 2010 e novamente para apoiar o plan industrial de Citroën produciuse xa un encontro na factoría de PSA-Citroën de Vigo entre a secretaria e o director xeral de Industria, o alcalde desta cidade, D. Abel Caballero, a Dirección de Citroën e o seu Comité de Empresa. Nós coñecemos realmente como está a funcionar esta factoría, a primeira de Europa e modelo de produción.

Saiban vostedes que ó igual que foi determinante a actuación do noso alcalde para a

consecución das axudas para o 2009, vaino ser tamén para este 2010. A dotación económica para a nosa factoría foi a terceira en importancia das trece comunidades do Estado tras Cataluña e a Comunidade Valenciana, mesmo representa unha porcentaxe dun punto por riba en relación ó emprego que ocupa o sector do automóbil nesta cidade.

Este goberno municipal e o seu alcalde cremos nas nosas empresas e tamén nos traballadores da nosa cidade e por iso nos comprometemos con eles. A pregunta é: onde está a Xunta de Galicia no apoio ó noso sector do automóbil, no apoio ós seus plans de competitividade?

Ademais desas axudas, dos case 17 millóns de euros ás industrias de compoñentes, vostedes tamén saben que hai grupos industriais como Antolín, Faurencia, etc., que tamén tiveron axudas que van repercutir na nosa cidade e comarca.

Señores do Partido Popular, o goberno central actúa, toma medidas e apoia con millóns de euros ó noso tecido produtivo e tamén ó emprego; apoia a grandes, pequenas e medianas empresas e tamén ós autónomos porque para nós, os socialistas, para este goberno municipal é prioritario mellorar a competitividade da nosa economía e tamén fomentar a creación de emprego. Ademais hai que aproveitar estes investimentos en política industrial para que redunden na renovación do noso modelo produtivo e para nós o sector do automóbil é competitivo e tamén exportador de primeira magnitude na nosa comarca.

Isto é así cando tamén se anuncia por parte do goberno central axudas directas de 100 millóns de euros para a compra de automóbiles. Tamén é casualidade que xusto o día que se debate esta moción a Xunta nos anuncia por medio do conselleiro de Industria que retira sen previo aviso as axudas ó automóbil. Isto é o que fai o goberno do PP do Sr. Núñez Feijóo para apoiar ás nosas industrias, ó emprego dos homes e mulleres da nosa cidade; iso é o que fai. O goberno do PP do Sr. Núñez Feijóo na Xunta de Galicia non serve para nada, empeoramos día a día con eles, temos máis paro, menor produto interior bruto con respecto ó Estado, pechan 200 PEMES ó mes. Ese é o resultado do goberno de vostedes, do Partido Popular, do goberno do Sr. Núñez Feijóo.

Pero como sempre para vostedes a culpa é dos demais, ata do Xacobeo a culpa é dos demais. Eles teñen os orzamentos, os cargos, montan *chiringuitos* pero ó final a culpa é dos demais. O Partido Popular nunca ten a culpa e o Sr. Núñez Feijóo segue de turismo paseando por aí aínda que a realidade é que en Galicia e na nosa cidade

con este goberno seguimos empeorando día a día.

Pero como nós queremos o mellor para a nosa cidade, invitámoslles a que se engadan a este goberno municipal para esixir do Ministerio de Industria máis e mellores dotacións para o noso tecido industrial, pero tamén que se engadan connosco a que a Xunta de Galicia poña cando menos as mesmas medidas cuantificadas en cartos que pon o goberno do Estado.

Propoñemos polo tanto unha emenda conxunta do goberno municipal, dos grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE que di así: “Instar ó Ministerio de Industria e á Xunta de Galicia a apoiar de forma clara ó sector do automóbil galego impulsando o plan industrial de Citroën e da industria auxiliar na próxima convocatoria de axudas para o 2010”.

SR. ALONSO PÉREZ: Coido que se hai alguén que amosou coherencia neste asunto foi o BNG. Eu prefiro falar do que fixo o BNG porque estivo na oposición e no goberno, para que se vexa a coherencia do que se di cando un está na oposición e cando está no goberno.

O BNG presentou na Mesa do Congreso dos Deputados de Madrid con data 19 de xaneiro deste ano, unha iniciativa na que explica a importancia que o sector do automóbil ten en Galicia: 30.000 persoas entre empregos directos e indirectos, o que supón máis do 14% do emprego industrial de Galicia e o seu peso económico equivale ó 18% do PIB galego. Ademais, como todo o mundo sabe, Peugeot-Citroën xoga un papel motor para todo o sector da automoción.

Na Mesa do Congreso o BNG presentou unha iniciativa que pregunta que axudas prevé o goberno para o sector da automoción en Galicia. Cales son os criterios que utilizará o goberno para repartir os 250 millóns de euros que destinará á industria do automóbil no 2010 e, neste sentido, se comparte o goberno que no reparto do 2009 se discriminou ó sector do automóbil en Galicia e en concreto á planta de Peugeot-Citroën xa que malia producir o 18% dos vehículos só recibiu o 9% das axudas. Ve o goberno e ten en conta no reparto das axudas o importante peso da industria de automoción en Galicia en termos de emprego? Esa é a nosa posición de demanda en Madrid.

O BNG tivo a responsabilidade de goberno na Consellería de Industria e demostrou o que hai que facer, polo tanto o Partido Popular na Xunta non ten máis que copiar, que seguir co que estaba facendo o goberno anterior. As axudas do sector da automoción

durante o mandato no que tiña a Consellería de Industria o BNG, dende I+D+i foron moi intensas, superaron os 10 millóns de euros anuais de subvencións, mobilizaron máis de 60 millóns de euros de investimento privado, as subvencións concedidas de innovacións no ano 2008 foron para PSA máis de 3 millóns de euros polo que o esforzo propio da Dirección Xeral de Industria en I+D+i para o sector da automoción acadou máis de 50 millóns de euros en axudas directas a fondo perdido. Todas buscaban fixar coñecemento, aumentar a autonomía das plantas de produción propia, conservar, incrementar e cualificar o emprego.

Ademais dende o goberno se traballou na consecución de recursos externos para os que era precisa non só a acción política activa, senón tamén construír propostas competitivas como o Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes para o que se fixo un convenio con Vivenda para poder adquirir, planificar e construír o terreo contiguo no CTAG e outro convenio co Ministerio de Ciencia e Innovación a través do que conseguimos para esta actuación 10 millóns de euros que se transferiron ó CTAG no 2008.

Esa é a liña a seguir. Ademais de continuar coas axudas ó sector, estas axudas deben ir a I+D+i e para formación e así garantir emprego estable e futuro. Esa foi e é a posición do BNG sendo oposición e sendo goberno.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Todo o mundo coñece a importancia do sector do automóbil en Vigo e en Galicia, hai aproximadamente 30.000 empregos e constitúe o 18% do PIB. Aquí estámonos facendo eco dunha necesidade e dun risco que corre a industria do automóbil en Galicia con Citroën á cabeza.

É certo que a deputada do BNG no Congreso, D<sup>a</sup> Olaia Fernández Davila, pediu que non se discriminara de novo a Citroën nas axudas do 2010, pero con isto nos está dando a razón e o motivo desta moción é que no 2010 as axudas sexan un pouco máis xenerosas que as de 2009 que non se corresponderon co peso específico que ten Citroën como primeira planta de produción de automóviles en España.

O sector do automóbil está en serio risco. No mes e medio que levamos deste ano presentáronse na Xunta expedientes de regulación de emprego que afectan a máis de 2.000 traballadores. Xa dende o último ano e medio, cando a crise se fixo máis notoria, perdéronse en Citroën 2.700 postos de traballo porque, por se non o saben, as axudas que recibiu Renault Valladolid, que é unha planta moito máis pequena ca de Citroën, foron o dobre o ano pasado. Citroën recibiu 71 millóns de euros para o

coche eléctrico e Renault Valladolid 150 millóns de euros. Como o Sr. Rodríguez Zapatero é de preto de Valladolid ó mellor ten algo que ver en todo isto.

Preguntoume que fixo a Xunta de Galicia polo sector da automoción e eu dígolle que poñer axudas. As axudas á venda de vehículos non as puxeron vostedes, púxoas o goberno do Sr. Núñez Feijóo. O Plan Remóvete non o inventaron vostedes. Todo o mundo dicía, tanto o Sr. Sebastián, como o Sr. Touriño, que había que incentivar a venda de vehículos, vender vehículos e non pensar en coches eléctricos, nin en grandes proxectos que non ían dar resultado a curto e medio prazo. O Plan Remóvete da Xunta, que se dotou con 17 millóns de euros, fixo que as vendas de vehículos que durante os primeiros cinco meses do ano 2009 caían ó 27% en Galicia, aumentasen finalmente un 62%, dun 27% menos a un 62% máis. Mesmo esta primeira quincena de febreiro de 2010 as vendas de automóviles en Galicia seguiron aumentando un 41%.

A Xunta non só puxo un Plan Remóvete para a venda de vehículos particulares e industriais, puxo tamén en marcha un Plan Remóvete industrial con nada menos que 60 millóns de euros para a industria auxiliar, o que negou o ministro, Sr. Sebastián, que tomou o pelo a Citroën e ó cluster e que parece que só se preocupa por Opel Figueruelas, Renault Valladolid, Seat Barcelona, etc.

Ademais co apoio da Xunta se vai crear moi pronto a universidade da automoción, asinouse un convenio co Instituto Tecnolóxico de Massachusetts para cambiar o modelo de creación de riqueza, para transformar o que é unha planta produtiva nunha planta de deseño e desenvolvemento de produtos.

Dicía vostede, Sr. Rodríguez Díaz, que cren nas empresas. Eu dígolle que teñen unha forma moi particular de crer porque están en contra da pequena e mediana empresa cando, por exemplo, lles chama especuladores ós promotores, ou cando actúan de forma irresponsable na folga do metal, que todo o mundo sabe que se foron da cidade, que non estaban.

Sen comentarios. O único que quero salienta é que quen prexudica á pequena e mediana empresa como o están a facer vostedes, prexudica tamén ós traballadores.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Cando non se ten nada ou pouco que dicir se buscan estas historias como as do seu remate, Sr. Fidalgo.

Nós apoiamos ás pequenas e medianas empresas, ós autónomos e tamén ás grandes empresas. Ademais sabemos da responsabilidade de PSA-Citroën en Vigo e tamén

das súas organizacións sindicais para evitaren EREs e repito tamén que a súa conselleira de Traballo e Benestar Social cando chegou ó cargo dixo que non lle ían tremar as mans ó asinaren expedientes de regulación de emprego. Así teñen agora vostedes ás portas 2.000 para regular, á parte dos que xa regularon.

En canto ó de evitaren EREs, se non retiraran vostedes o fondo para formación en empresas do presuposto da Consellería de Traballo evitarían moitos destes dous mil expedientes de regulación de emprego. A eses traballadores o Partido Popular e o Sr. Núñez Feijóo estanlles a dicir que van ir ó paro moi pronto e sen solución.

Contradinse de forma permanente e ademais están na política de anuncios e anuncios, pero ninguén atopa nin os cartos, nin por outra banda os efectos positivos que a todos nos gustaría obter.

Para o ano 2010 o goberno central achega 250 millóns de euros e están solicitados 2.749 millóns de euros. Evidentemente que non se vai cubrir toda esta demanda pero si vai facer posible que se favoreza á industria do automóbil e ó seu posicionamento estratéxico, que poida facer unha aposta por investimentos e actuacións punteiras que aseguren a súa continuidade nos lugares onde está localizada, neste caso Citroën e a industria de compoñentes en Vigo e na súa área, e ademais que poidan anticipar os segmentos de mercado máis competitivos no futuro como coches híbridos, eléctricos e tamén de reducidas emisións de CO2. Pero que ó mesmo tempo estes investimentos contribúan a mellorar os procesos actuais de produción, que sexan máis eficaces ó longo da súa cadea de valor e que tamén teñan unha maior sostibilidade enerxética.

Cando fala vostede da planta de Valladolid téñolle que dicir que hai que seren obxectivos e non mentir ou faltar á verdade, dáme igual. En Galicia a achega de 2009 dos 800 millóns de euros foi de 88.432.694 euros e en Castilla-León foi de 77.000 euros, é dicir 9 millóns de euros menos. Non minta, Sr. Fidalgo, non trate de confundir á opinión pública porque eses datos e esas axudas están publicadas nos correspondentes sitios. Vostedes só confunden e non sei se é por descoñecemento ou ó mellor por querer meter nunha lea á nosa industria do automóbil, pero cando vostede fala de que as axudas dos 800 millóns de euros do goberno do Estado foron para un coche eléctrico sabe que iso non foi así.

Falouse dun coche de eficiencia enerxética para que a nosa factoría se puidera acoller a eses 800 millóns de euros. Hai que dicir toda a verdade. Iso sábeno os traballadores e traballadoras da nosa cidade. Que veñan ademais dicir que o Sr.

Núñez Feijóo e o Partido Popular inventaron o “Remóvete”... Sexan serios porque todas as comunidades autónomas xa estaban dando axudas para a merca de vehículos e vostedes non tiñan ningunha. Son todas axudas para mercar os vehículos, non vale unha soa e a proba é que os fondos do Estado de 2009 para merca de vehículos se esgotaron en tres meses.

Teño aquí os datos das axudas que vostedes dan ó sector do automóbil, á economía e ó emprego da nosa cidade. Retiran sen previo aviso e por sorpresa as axudas para compra de automóbiles. O PP e o Sr. Rodríguez Feijóo estannos levando cada vez peor, non temos goberno, imos á deriva.

Póñanse en marcha, traten de facer algo e xestionen mellor os nosos impostos, os cartos de todos os galegos e de todos os vigueses e viguesas.

SR. FIDALGO IGLESIAS: É increíble o debate demagóxico porque vostedes non teñen ningunha credibilidade, os socialistas son os fabricantes de parados, levamos 4.300.000 parados en España, 28.000 en Vigo, 10.000 deles co Sr. Caballero. Pero o perigo está aí. Citroën non está para perder diñeiro e están a perder, no 2009 perdeu 1.161 millóns de euros, no 2008 343 millóns de euros; as empresas non están para perder diñeiro e de non lles axudar, como se lle está axudando a Opel-Figueruelas ou Renault-Valladolid, corremos o risco de que pase algo con Citroën. Vostedes, o goberno socialista do Sr. Rodríguez Zapatero, dos 800 millóns do ano 2009, que por certo eran préstamos a interese cero, hainos que devolver, este ano só hai 250 millóns de axudas, un 31% da cantidade do ano pasado. Estarán gastándoo en cambiar baldosas.

Pero o importante agora é estar ó carón de Citroën. Esta semana ou a que ven van anunciar se lle conceden á planta de Vigo os dous novos prototipos polos que pelexa. Iso é o importante e é vergoñoso que o ministro de Industria, Sr. Sebastián, veña aquí en campaña para axudar ó Sr. Touriño dicindo que o futuro de Citroën está garantido e logo lle dá unha esmola nas axudas. Os socialistas, tanto o Sr. Sebastián como o Sr. Caballero, están poñendo o futuro de Citroën en risco.

Emenda de substitución formulada por escrito de data 22 de febreiro polos voceiros do Grupo Municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, e do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font:

Instar ó Ministerio de Industria e á Xunta de Galicia a apoiar de forma clara ó

-----  
S. Ordinaria 22.02.10

sector do automóbil galego, impulsando o plan industrial de Citroën e da industria auxiliar na próxima convocatoria de axudas para o ano 2010.

(Está ausente o Sr. Caballero Alvarez, preside o Pleno o Sr. Domínguez Olveira. Así mesmo están ausentes o Sr. González Sagarra e a Sra. Iglesias Bueno).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLA VOCEIRA DO GRUPO DO BNG E MÁIS O VOCEIRO DO GRUPO SOCIALISTA: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González e Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, acórdase:

Aprobar a emenda de substitución formulada pola voceira do Grupo do BNG, Sra. Méndez Piñeiro e máis o voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, e xa que logo ACÓRDASE:

Instar ó Ministerio de Industria e á Xunta de Galicia a apoiar de forma clara ó sector do automóbil galego, impulsando o plan industrial de Citroën e da industria auxiliar na próxima convocatoria de axudas para o ano 2010.

14.- (33).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO INCREMENTAR AS MEDIDAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO E CAMPAÑAS PARA A SENSIBILIZACIÓN SOCIAL. DOC. 90146408.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14.10.2009, documento núm. 90146408, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

“Este ano 2009 máis de 50 mulleres morreron a mans das súas parellas. Imos en aumento con respecto a anteriores anos.



A situación na cidade de Vigo deixa moito que desexar, o xulgado de violencia de xénero atende tres casos de maltratadas ao día e no II informe anual do observatorio estatal de violencia sobre a muller deste 2009 indica que Galicia é a sexta comunidade autónoma con máis denuncias por malos tratos.

A ausencia da casa de acollida durante dez meses, a falta de transparencia na xestión, na infraestrutura e no proxecto do novo centro de emerxencia, unido ás decisións aleatorias de peche do recurso, fan latente o desinterese na política de fomento da igualdade e de loita activa contra os malos tratos.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno Local para:

- 1.- Incrementar a sensibilización social a través de axeitadas campañas.
- 2.- Aumentar a partida orzamentaria para o presuposto de 2010.
- 3.- Propoñer cales son as alternativas reais ante o novo peche do servizo.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 19 de outubro de 2009, ditamina favorablemente a anterior moción.

*A relatora da moción, concelleira do Grupo Popular Sra. García Míguez, manifesta que, dado o atraso na inclusión na orde do día, retira a moción.*

15.- (34).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE MEDIDAS PARA ARRANXO DOS DESPERFECTOS PRODUCIDOS POLAS CONSTRUTORAS DAS HUMANIZACIÓNS NOS ARREDORES DO CASCO VELLO. DOC. 90146411.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14.10.2009, documento núm. 90146411, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

“Coa realización das humanizacións nos arredores da Praza do Berbés, estanse producindo numerosos desperfectos na propia praza pola falta de coidado das propias construtoras e ao mesmo tempo pola falta de coidado dos vixiantes .

Estes desperfectos por veces están causando situacións incomodas para os nenos que usan o parque, nais que pasean cos carriños pola zona e mesmo aquelas persoas que se encontran disputando algún deporte nas inmediacións.

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido Popular propón o Pleno da Corporación do Concello de Vigo para a súa aprobación:

- 1.- Que se produza un control por parte da empresa adxudicataria da obras de vixilancia no Casco Vello.
- 2.- Que os desperfectos producidos na Praza del Berbés debido ás obras acometidas nos seus arredores sexan reparados polas empresas licitadoras.
- 3.- Que se produza unha limpeza máis exhaustiva en toda a praza.
- 4.- Que se acondicionen os lugares destinados a actividades deportivas para que se poidan desenvolver con total normalidade.”

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 19 de outubro de 2009, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: A mesma perda de actualidade da moción da miña compañeira sucédelle a parte desta moción porque incluía unhas obras que xa se executaron, pero polo desleixo deste goberno outra parte dela segue actual e por iso imos debatela.

O Sr. Caballero encargoulle a unha empresa o control das obras do Casco Vello por unha cantidade de 60.000 euros; posteriormente encargoulle ós sindicatos o control das obras na cidade de Vigo cun custo de 80.000 euros. Estas cantidades eran para controlar Vigo, non entendemos que se separase o Casco Vello da cidade de Vigo, ou é que non forma parte da cidade? Esta é unha pregunta que se fan todos os cidadáns que viven no Casco Vello e concretamente estamos a falar da Praza do Berbés que coas últimas obras converteuse nun depósito de entullos e para o demostrar traio unha reportaxe fotográfica do lugar.

Na Praza do Berbés hai todo tipo de entullos das obras que se realizan nos arredores: madeiras, tubos e pedras tirados. Estanse realizando obras na rúa Poboadores e utilízase como depósito de entullos a Praza do Berbés. Isto é vergoñoso e máis aínda cando hai dúas empresas contratadas para controlar as obras.

A transformación que sufriu a Praza do Berbés non é tan só visual, senón que houbo un total e absoluto deterioro das lousas de pedra existentes arredor da praza, lugar que os vehículos cargados de material das obras da rúa Poboadores utilizaban ás súas anchas rompendo as lousas. Nestes momentos gran parte das lousas están movidas e algunha delas están rotas resultando perigosas para as xentes que

pasean, mesmo con cadeiras de rodas ou carros de nenos.

Debido ás obras que se realizaron nos arredores, máis exactamente as realizadas na rúa Poboadores, o deterioro da Praza do Berbés é absoluto, pero o que nos preguntamos é quen o vai arranxar, é dicir, agora, logo de que as empresas marcharan, quen vai arranxar este deterioro? Van ser os cidadáns de Vigo, os que pagamos os impostos e así resulta que as empresas levan os cartos por facer as obras e os cidadáns pagamos o que eles esnaquizan. Non ten sentido.

Este problema non só afecta a unha soa concellería, senón a case todas. Parece que a Praza do Berbés non existe para este Concello, non sei se é porque está fóra do que é a parte bonita de Vigo ou que non lembramos o emblemática que esa praza foi para a cidade.

Hai que ser consciente do deterioro da Praza do Berbés e para iso trouxen unha reportaxe fotográfica porque quero que se vexa con exactitude o que está pasando na Praza do Berbés. O deterioro é absoluto, moitas das vivendas están apuntaladas con vigas de ferro, con madeiras, separadas por medio de arames; como tamén é increíble a situación na que se atopan os teitos que en calquera momento poden caer enriba de alguén. Que non sexa na cabeza dun neno como xa pasou nalgún lugar de España porque entón xa sería clamoroso. Esa situación dáse tamén ó carón da casa que está ocupada nestes momentos polo barbeiro, os lindeiros están completamente derruídos, en calquera momento pódese vir abaixo, esperemos que non sexa cando está cortando o pelo a alguén porque a responsabilidade sería grande.

A realidade é que ninguén fai nada. Nestes momentos a Praza do Berbés parece unha maqueta das películas do Oeste, só hai fachadas, son espazos abertos nos que se poden caer as persoas como xa denunciou algunha asociación.

Pero tampouco pasa nada no tocante á limpeza. Hai un parque de cativos e as persoas que utilizan os soportais para facer as súas necesidades e outras cousas tamén utilizan os parques para iso e a limpeza non se dá. As papeleiras están rotas ou dobradas, as árbores soltan un zume que ensucia toda a Praza pero só se limpa con auga unha vez á semana aínda que iso non abonde. Tamén se fixo unha remodelación dunhas barcas que están varadas na zona e aquilo converteuse nun parque para goce das gaivotas que teñen auga, zona verde e por riba o xogo das barcas; é completo, é o gran parque para as gaivotas.

Pero o gran problema ven dado polo departamento de Vías e Obras porque é curioso que teñamos unha praza tan emblemática que teña unhas lousas rotas e que estean

para reparar dende o verán, pero non se reparan. Xa se ve o interese que ten o alcalde pola xente do Casco Vello e en concreto pola que vive nesta Praza. Ningún.

O xoves foron reparar as lousas seguro que porque a moción viña ó Pleno do luns, pero aínda así non chegan, non é que cheguen tarde ou cedo, é que non chegan porque seguen sen se arranxar todas as lousas rotas que están alí.

Outra cousa importante é a zona de deportes porque o campo de fútbol-sala que se atopa alí ten unhas porterías que dan mágoa, están completamente rotas.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Seguramente quere falar logo a concelleira de Vías e Obras porque algunhas das cousas ás que fai referencia a moción teñen que ver co seu departamento.

Sr. Martiño, estabamos dispostos a votar a favor a primeira parte da súa moción porque coido que aínda que se estivera facendo o traballo de inspección que creo que se fixo moi ben por parte dos técnicos municipais e das persoas que traballaron, sempre é insuficiente por moita vixilancia que haxa.

Esas fotos que vostede fixo seguramente teñen tanto tempo como a moción porque hoxe a Praza non ten nada que ver con iso. Coma eu son educado e respectuoso non quixen traer unhas contra fotos porque coido que os cidadáns precisan xente responsable, tanto na oposición como no goberno, e preferín non o facer. As fotos xa as teño e en todo caso coido que calquera cidadán normal que pase por alí hoxe verá indubidablemente unha Praza con problemas, logo falaremos diso, pero esa situación á que vostede fai referencia en canto ó estado das obras non se corresponde coa realidade.

Dicíalle que estabamos dispostos a votar esa moción porque a vixilancia sempre é insuficiente.

O que aconteceu foi que se estableceu un espazo para o aprovisionamento das obras porque non había outro lugar; ese espazo que sempre é complexo establecer, durante algúns días non reuniu as condicións axeitadas. Seguramente esas fotos das que vostede fala teñen que ver con ese momento. Pero de inmediato rectificouse a situación e fíxose que esa zona estivese completamente expedita. É difícil manter unha circulación de tráfico nunha zona permanentemente limpa cando están facendo unhas obras de máis de catrocentos metros lineais, onde non hai absolutamente ningunha capacidade de facer abasto para esas obras. A día de hoxe, como todos os cidadáns do Casco Vello saben, aí non existe ningún problema en canto a esa

primeira parte da que vostede fala relativa ó abasto de obras.

Coas fachadas estamos facendo un traballo moi importante. Hai catro meses xuntamos ós propietarios dos edificios do Casco Vello para lles explicar en primeiro lugar que era necesario cambiar a fisionomía desa praza, é dicir, cambiar o estado actual. Como eses edificios son privados, teñen propietarios, é necesaria a súa colaboración. Os pasos que seguimos foron sinxelos. Hai unha serie de axudas xerais para mellora dos edificios do Casco Vello ás que se podían acoller os veciños e ademais este ano contemplamos nos orzamentos unhas axudas específicas para a Praza do Berbés co obxectivo de reconstruír eses edificios e mellorar as fachadas.

Nesa mesma reunión de hai catro meses explicóuselles ós propietarios dos edificios que era necesario ter en condicións de salubridade adecuada eses espazos que se derruíron. Algúns propietarios dalgúns edificios seguen sen entender o que hai que facer e polo tanto se están tomando e se tomarán as medidas para sanear o lugar.

As medidas que estamos a tomar, que non son de agora, veñen de catro meses atrás, pasan por unha serie de axudas tanto de carácter xenérico como específico para mellorar a praza. Indubidablemente no caso de que iso non se acadara ou de non quererem os propietario, teríamos que tomar algunha outra medida moito máis expeditiva á que non queremos chegar e que non pasa por outro sitio que non sexa a expropiación directa dalgunha desas vivendas, cousa que tamén estamos pensando. O alleamento significa o que vostedes saben: trámites longos, complexos e sempre conflictivos entre os cidadáns e a administración. En calquera caso o camiño está trazado, quen hoxe queira acudir a estas axudas, coido que xenerosas e importantes que se lle dá a aquela xente que ten a súa propiedade no Berbés, vai poder facelo.

Eu admito e é evidente a situación pola que algún deses edificios está pasando nestes momentos, situación que para nós é dolorosa e lamentable e para paliala puxemos en marcha neste ano 2010 todas esas medidas.

Repito que se vai arranxar polas boas ou polas malas, ou acolléndose ás axudas ou entrando en procesos de alleamento. Non cabe outra solución. Acabamos de aprobar unha reforma do Regulamento da Inspección Técnica de Edificios que xustamente busca reforzar as posicións que o Concello ten coma administración á hora de obrigar a que os propietarios dos edificios poñan en marcha ese procedemento.

A todo isto preocúpame porque culpar ou auto-culpármonos permanentemente as administracións de situacións derivadas de comportamentos dos particulares a respecto dos seus predios ou dos seus edificios non é o mellor camiño. A

administración ten que ter en conta a situación que vive unha determinada zona pero debemos saber perfectamente quen é o responsable porque entenderá vostede que, por moita discriminación positiva que estamos facendo cos veciños e propietarios do Casco Vello, dándolles axudas e subvencións cando non llas damos a outra parte da cidade e a outros veciños, debe ter un límite e este límite coñéceno os propietarios e os veciños do Casco Vello. Hai que manter en perfectas condicións de ornato e salubridade todos os edificios que aí existen.

Sen entrar no tema dos xardíns, ó que pode contestar perfectamente a miña compañeira de goberno, dicir que en canto ó tema das lousas coido que nestes momentos quedan tres ou catro por arranxar, polo demais toda a estrutura de lousas do Casco Vello está resolta.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Pasea pouco pola zona e tamén parece que non se decata moito do que pasa neste Pleno porque o que se aprobou aquí foron unhas modificacións da ordenanza de Inspección Técnica de Edificios e non a ordenanza en si que xa se viña aplicando.

As fotografías son do xoves pasado cando vin que se estaban arranxando as lousas. Tamén lle digo que a xente da zona está xa escarmentada e nin ela nin os medios de comunicación cren ó alcalde, como tampouco as persoas propietarios de aparcadoiros porque din que ata que se vexa como vai ir o tema da subvención non van alugar nin unha praza a ningunha persoa do Casco Vello. Si, Sr. Calviño, teño aquí esas declaracións.

Sr. Álvarez, hai que falar máis coas persoas. Eu teño aquí relacionadas as necesidades das persoas que viven na Praza do Berbés, mesmo solicitan uns elementos bio saudables e tamén bancos para persoas maiores que alí hai moitas. Alí hai liortas seguidas, a policía está constantemente na zona e vostede di que aquilo é idílico e que está estupendo. Moitas das casas que hai alí están a caer. Vostedes tiñan que ter actuado. Hai ano e medio dixeron que ían actuar e agora non me diga vostede que hai que expropiar; non estamos a falar diso, que no seu momento se terá que facer e eu non vou entrar agora nese tema, pero si da calidade de vida dos cidadáns da Praza do Berbés. Moitos dos comerciantes teñen que limpar a zona que está diante dos seus establecementos.

Vemos constantemente unha situación de desleixo por parte deste goberno, deste alcalde a quen non cre ninguén e vémolos claramente nos temas dos aparcadoiros do

Casco Vello que ninguén cre que vaia pagar ese convenio e ata que o vexan claro, non van entrar.

Estamos a falar dunha praza emblemática onde se celebraban unhas importantes festas desta cidade e nestes momentos xa non se gasta un duro nela, pero non só iso, senón que os actos da Reconquista tampouco se fan aquí, cousa que é comprensible porque con todos estes problemas, como se vai realizar alí calquera acto se se pode caer calquera desas vivendas que están con catro puntais? É imposible que se faga.

Non me serve a demagogia de dicir que hai que expropiar e que iso asusta ós propietarios. Non, hai que arranxar e tentar axudar ós cidadáns da zona.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Acepto a parte da moción na que construtivamente vostede me presenta unha situación que evidentemente eu non nego.

En primeiro lugar faleille dunha modificación da ordenanza da ITE que, coa lei na man, nos vai permitir ser un pouco máis exhaustivos e rigorosos para acometer a esixencia dalgunhas obrigas que ata hoxe estaban un pouco máis no ar. Sinxelamente dixen iso. Xa sei que a ordenanza da ITE hai tempo que está en vigor e, por certo, aprobouse durante o goberno do Sr. Pérez Castrillo. Indubidablemente que ese é o camiño que temos que seguir.

Dicía tamén que para entrar en calquera propiedade privada é necesario, é requisito imprescindible ter un título xurídico. Nestes momentos nós estamos cominando mediante ordes de execución, que en moitos casos xa veñen de vello, a que cando menos se manteñan coa debida orde, salubridade e ornato esas edificacións que están hoxe nese estado. Repito que a responsabilidade do estado deses edificios correspóndelle ós seus titulares exclusivamente e como lle expliquei antes a administración está tomando unha serie de medidas, convocando ós veciños, a todos os titulares deses edificios para que se poidan acoller a unhas axudas previstas nos orzamentos municipais deste ano para que tanto o tema das fachadas, como o das construcións dos edificios se poida realizar cun apoio municipal. Non imos custear nin o 100%, nin o 50% desas obras, iso correspóndelle ó titular; faltaría máis. Dicíalle tamén que caso de que os titulares non se acolleran a esas axudas indubidablemente teríamos que ir outras medidas bastante máis duras que esta administración non quere, como non queredría ningunha outra administración, que é allear un edificio ou unha vivenda. Polo tanto estamos traballando nese camiño e imos tomar as medidas

axeitadas para seguir pulando isto.

Dicía vostede que non nos preocupamos do Casco Vello. O investimento do ano pasado superou os 10 millóns de euros. Fíxose só a reparación das infraestruturas das rúas, asunto sumamente importante xa que mesmo o outro día comentábame un veciño que o Casco Vello non cheira como cheiraba. Indubidablemente, o Casco Vello tivo unha transformación radical gracias precisamente a que se acometeron as obras de abastecemento e saneamento que era o que provocaba moitas veces un estado constante de desagradable cheiro que se notaba canto máis altas eran as temperaturas, cando o clima era máis caloroso.

Ademais diso temos unha brigada especial que non ten ningún outro barrio de Vigo para atender esas pequenas cousas como son as lousas que poden estar en mal estado, esa praza que non reúne as condicións axeitadas; facémolo falando con todos e cada un dos veciños que nos presentan eses problemas. Créame que coñezo a cada un dos titulares deses predios e ofrecín a miña axuda e a do goberno para todo o que quixeran dende o punto legal, das subvencións ou das axudas e con algúns deles só nos queda allear ou en todo caso adquirir os edificios. Loxicamente adquirir supón un grave custo para administración local cando non se van dedicar a edificios de carácter público. Vostede sabe o que significa iso.

Polo tanto, colaboración, axuda, diálogo permanente é o que estamos a ter con todos e cada un dos veciños, non hai ningún veciño que teña aí unha edificación en mal estado que non me coñeza ou non falara comigo por estas razóns. Polo tanto, preocupación absoluta sabendo os problemas que temos e durante este ano 2010 imos entre todos, administración local e propietarios dos predios, tratar de resolvelos. Unha última nota: a Praza do Berbés é algo moi importante, seguramente é necesario facer unha reestruturación, unha reforma de toda ela e para iso nos gustaría contar co apoio da Autoridade Portuaria de Vigo, e xa falamos algo coa Presidenta, para nese espazo común ganar para a cidade de Vigo esa zona frontal que nos permitiría construír a praza que todos queremos.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: O que estamos é a esperar que unha desas fachadas caia e pase o mesmo que na zona de Bouzas. Non podemos agardar a que pasen esas cousas.

Insisto en que non estou falando de allear, falo de arranxar a Praza do Berbés e non de todo o Casco Vello, que si podería falar del.



Estame a dicir que dende hai catro meses se ven reunindo cos veciños e xusto hai catro meses que presentei esta moción. Paréceme estupendo que gracias á miña moción se reúna coa xente, que faga que vostede se mova. Hai catro meses que presentei esta moción e por ela vostede se moveu.

Agora dígolle novamente que ten que seguir movéndose porque os cidadáns da zona do Berbés que pagan os seus impostos igual ca todos os demais de Vigo non se senten queridos nin se fían deste alcalde. Non pedimos máis que se fagan actuacións e se mellore a Praza do Berbés.

Vostede opúxose á moción dicindo que as fotografías eran de hai catro meses, de cando presentei a moción e xa lle digo que non.

É verdade que a vostede o coñecen os cidadáns polas reunións que tivo con eles, pero tamén saben que non lle poden protestar moito porque senón sae vostede con cousas que non quero dicir aquí.

O máis importante é que os cidadáns reclaman que se lles arranxe a Praza do Berbés e vostede sae con que non se pode facer, que non somos propietarios dos predios e non podemos entrar neles. Pero o que si podemos facer é estar pendentes desa praza porque non hai só catro lousas mal, hai moitas máis. Pero ademais estamos a pedir que se arranxen as zonas que o necesiten, que se coloquen bancos e elementos ou xogos bio-saudables para uso das persoas que viven na zona.

Tamén digo que por mor do seu estado moitas festas ou actos non se están celebrando nunha praza tan emblemática desta cidade como é a do Berbés. Solicito que se arranxe e que se restaure todo o que corra perigo de caer para poder celebrar alí calquera acto da Reconquista por exemplo.

A PRESIDENCIA: Antes de pasar á votación gustárame dicir dúas cousas.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Vou ter eu a palabra?

A PRESIDENCIA: Non, Sr. Martiño, xa esgotou o seu tempo de intervención. O presidente da Corporación pode intervir no Pleno cando o coide oportuno e vostede debería saber iso.

Preocúpanme profundamente certas cousas que se din aquí. Sr. Martiño, estou moi seguro de que eu paseo bastante máis ca vostede polo Casco Vello e a min o que me preocupa é o catastrofismo que algúns lle queran dar a esta cidade. Vostedes queran

que caian os edificios no Casco Vello? Porque ás veces ata o penso e asustárame pensar iso. Nós non queremos que caian e estamos traballando para recuperar unha zona que vostedes tiñan completamente abandonada. Moitos dos veciños do Casco Vello non tiñan nin auga quente nas súas casas e hoxe si a teñen gracias as reformas que fixemos. Moitos dos veciños do Casco Vello non tiñan gas nas súas casas, hoxe si. Non había separadores de fecais e de pluviais, hoxe hainos nas zonas que rehumanizamos. Esa é a realidade do Casco Vello.

Claro que lle acepto que na Praza do Berbés hai dificultades. Imos melloralas pero lle pido unha cousa que lles dicía o outro día ós señores do Partido Popular: feliciten a esta cidade por algo. Eu rétooo diante das cámaras e dos medios de comunicación a que sexa honrado con esta cidade e traia ó próximo Pleno un material fotográfico do que era o Casco Vello cando vostedes deixaron de gobernar e o que é hoxe. Traian iso, sexan honrados e felicítense por algo desta cidade, por favor.

(Está ausente o Sr. Caballero Alvarez, preside o Pleno o Sr. Domínguez Olveira. Así mesmo están ausentes o Sr. González Sagarra e a Sra. Iglesias Bueno).

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González e Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

**ACÓRDASE:**

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, instando se tomen as medidas oportunas para o arranxo dos danos no Casco Vello con motivo das obras de humanización, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (35).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO MODIFICAR A ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO

-----  
S. Ordinaria 22.02.10

RELATIVO Ó USO INDISTINTO GALEGO/CASTELÁN NAS SESIÓNS DO  
PLENO. DOC. 90146415.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14.10.2009, documento núm. 90146415, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. López-Chaves Castro, formula a seguinte moción:

“O artigo 3 da Constitución di que o castelán é a lingua oficial do Estado. E tamén di que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus Estatutos.

O artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia afirma que "a lingua propia de Galicia é o galego" e que "os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito dos coñecer e dos usar".

Os dous idiomas son, constitucional e estatutariamente, oficiais o que implica a posibilidade da utilización de ambos.

Por exemplo, no Regulamento Vasco: artigo 2: o euskera e o castelán son os idiomas do Parlamento Vasco. Artigo 3: Os parlamentarios e parlamentarias, os traballadores e traballadoras da cámara, así como a cidadanía en xeral, teñen dereito a facer uso indistinto de ambos idiomas, tanto nas súas relacións co Parlamento Vasco como no desenvolvemento das súas funcións.

Por todo iso, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno do Concello a aprobación do seguinte acordo:

Incorporar a seguinte disposición á ordenanza de normalización do Concello de Vigo: "Os concelleiros e concelleiras e o Alcalde ou Alcaldesa poderán facer uso do idioma galego ou do castelán nas súas intervencións no Pleno ou nas comisións do Concello de Vigo".

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 19 de outubro de 2009, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Nesta moción presentamos unha exposición de motivos na que falamos da normativa relativa a este tema, tanto da Constitución como do Estatuto de Autonomía de Galicia e tamén comparando o texto do que existe nos máis recentes regulamentos de parlamentos de comunidades autónomas con dúas linguas.

Pedimos sinxelamente incorporar a seguinte disposición na ordenanza de

normalización do Concello de Vigo: “Os concelleiros e concelleiras, o alcalde ou alcaldesa, poderán facer uso do idioma galego ou do castelán nas súas intervencións no Pleno ou nas comisións do Concello de Vigo”.

SRA. VELOSO RÍOS: Pensei que esta moción tamén ía ser retirada, que ía decaer por falla de actualidade porque tamén se presentou no mes de outubro e que eu saiba a violencia de xénero non se limita á data conmemorativa do 25 de novembro, senón que é algo que sofren moitas mulleres cada día e retirouse, entón entendín que ó mellor tamén esta moción tamén se ía retirar porque dende outubro xa pasaron cousas neste eido.

Está falando dunha ordenanza que ten vinte anos, que estaba en vigor cando o Sr. López-Chaves era concelleiro de Normalización Lingüística e é unha ordenanza que agora se pretende modificar no sentido de permitirlles ós concelleiros e concelleiras, ó alcalde ou alcaldesa, que poidan falar en galego ou en castelán cando me parece que cada quen fala o que lle peta neste Pleno e a ninguén se lle retirou nunca a palabra por falar en galego ou castelán. Ó mellor se nalgún momento se nos vai a cabeza definitivamente e poñémonos a falar en inglés igual si nola hai que retirar pero de momento non se lle retirou a ninguén.

Non vou entrar en discusións xurídicas nin legais, sobre todo na lexislación vixente que ten que ver coa normalización da nosa lingua e coa promoción do uso do galego porque aquí estamos ademais para facer debates políticos. É curioso que no Pleno dun concello se acuse a alguén de politizar un debate cando eu pensaba que aquí estabamos para facer debates políticos e esta moción é un claro exemplo.

Esta moción non é legal nin xurídica porque para iso están os xulgados e os tribunais. Esta é unha moción, unha proposta puramente política e ideolóxica que forma parte deste ataque desaforado contra o galego que está levando unha parte do Partido Popular, que se está levando dende o goberno da Xunta de Galicia e que está representado aquí por un concelleiro en concreto, D. Ignacio López-Chaves, pero de verdade que este ataque ten que rematar nalgún momento. Pleno tras Pleno estamos debatendo estas mocións absurdas e fóra da realidade, nalgún momento hai que parar.

Eu realmente pensei que agora ía parar. De feito eu recomendaríalle que tome exemplo do acontecido a semana pasada no Parlamento Galego cando os tres grupos con representación parlamentaria, Partido Popular, Partido Socialista de Galicia e

Bloque Nacionalista Galego, decidiron por unanimidade instar á Xunta a que poña en coñecemento de todos os seus cargos públicos a necesidade de facer uso público tanto oral coma escrito da lingua galega no desenvolvemento das súas responsabilidades públicas. Falouse de que os cargos públicos somos referentes para a sociedade e de que a administración debe dar exemplo.

Isto aprobouse unanimemente polo Partido Popular, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego a instancias dunha proposta feita polo Bloque Nacionalista Galego. Trátase por fin do primeiro consenso político en materia de lingua que subscriben conxuntamente as tres forzas que están representadas no Parlamento de Galicia. Por fin estamos intentando recuperar o consenso que tiñamos ata que chegou o Partido Popular ó goberno da Xunta en marzo do ano pasado.

Por certo, o Sr. López-Chaves, se non me equivoco tamén é deputado autonómico no Parlamento galego. Que lle pareceu a vostede esta decisión que tomou o seu grupo político? Porque eu xa non entendo nada. Vostede de quen ven sendo?

SRA. LÓPEZ ATRIO: Logo de todo o que dixo a concelleira do BNG, co que eu estou absolutamente de acordo, pediríalles que por favor non sigan a dar este espectáculo de ir contra o galego de maneira continuada e permanente. Espero que nos dea resposta á pregunta, pero de todos os xeitos a lei é clara, di que se debe usar a lingua galega.

A lingua galega é o idioma de Galicia, é o primeiro, temos como co-oficial o castelán pero non é a lingua de Galicia, o castelán é co-oficial e polo tanto sería conveniente non se poñer tanto de unllas contra o galego.

Aquí vese que cada quen fala no idioma que quere, non se lle quita a palabra a ninguén e vemos que indistintamente nos sae o castelán ou o galego, segundo o momento ou mesmo a situación afectiva. Pero de todos os xeitos, Sr. López-Chaves, eu tamén pensei que retiraría esta moción logo do acontecido no Pleno do Parlamento galego e que non viría outra volta pedirmonos que se faga por escrito, que conste nunha ordenanza de novo que falen en galego e castelán. Polo menos un mínimo respecto coa lingua galega non nos viría nada mal, é obriga dos cargos públicos fomentar o galego. Como vai seguir o pobo esa indicación se nós non o facemos? Coido que vai sendo hora de cambiar de actitude, non sería nada malo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Dende a moderación e o exercicio dos dereitos que nos

outorga a lexislación vixente, dende a nosa consideración de representantes políticos exercemos os nosos dereitos como representantes políticos dos cidadáns e ademais cunha representación máis ampla que algúns dos grupos municipais que están aquí que non a teñen. A lexitimidade dana as urnas, un home, unha muller, un voto, o noso grupo ten máis votos que os seus.

O PP foi quen de aprobar todos os consensos en materia lingüística ata chegar o bipartito. Deixando fóra saídas de ton, eu falo como representante dun partido político que obtén o maior número de votos na cidade de Vigo. O que pretende o Partido Popular con esta moción é levar a normativa ó que acontece en todos os Plenos deste Concello, que se recoñeza a posibilidade de falar en galego ou castelán neste Pleno, o que está a pasar decote con parte de concelleiros e concelleiras dos grupos municipais. Pero parece que existe algún atranco ou dificultade para plasmar nas normas municipais o que é cotiá neste Pleno e que é correcto constitucional e estatutariamente. Parece que existe nalgúns tremor, parece que son medrosos do que outros poidan dicir, que teñen un tremor reverencial a votar algo que é o reflexo do seu comportamento e iso produce unha gran perplexidade.

Dende o Partido Popular defendemos a promoción do galego ou do seu uso e a liberdade de utilización de calquera das dúas linguas oficiais. A base de arrogarse a lingua galega como instrumento de actuación política algúns só xeran fractura e división.

Leo novamente a proposta desta moción na que solicitamos que “os concelleiros e concelleiras, o alcalde ou alcaldesa, poderán facer uso do idioma galego ou do castelán nas súas intervencións no Pleno ou nas comisións do Concello de Vigo”, que é o que está a acontecer en calquera Pleno deste Concello. Hoxe aconteceu que algún membro do goberno falou tamén en castelán e lembramos os problemas que tivo un alcalde elixido polos votos do Bloque e do PSOE cando falaba en castelán e para iso teño aquí algunha denuncia que se presentou contra un alcalde, non precisamente do Partido Popular, elixido polos votos do Bloque e do PSOE.

Cal é o problema para recoller na norma que calquera dos concelleiros e concelleiras poidan falar en galego ou castelán nos Plenos e nas comisións, é o que adoitamos escoitar aquí no Pleno. Pero o PSOE, o Sr. Caballero e o Bloque parece que non o queren recoller por escrito.

SRA. VELOSO RÍOS: Quero lembrar que a ordenanza de normalización lingüística ten

como obxectivo promover o uso do galego, ese é o obxectivo que está recollido por escrito na ordenanza de normalización lingüística fronte á teimuda realidade.

Evidentemente a situación do galego non é igual á do castelán, non son dúas linguas que estean en pé de igualdade, son dúas linguas co-oficiais pero en ningún caso dúas linguas que estean en pé de igualdade, se non non sería preciso ter unha lei, nin unha ordenanza, nin un plan de normalización lingüística. Témolos porque temos que facer fronte á teimuda realidade e o que temos que facer é traballar para cambiar a realidade, non modificar a lexislación para se adaptar á realidade existente, iso é completamente absurdo.

A fractura social non se produciu precisamente por intentar promover o uso do galego, aquí ninguén se arroga a defensa do idioma, só hai xente que utilizamos o galego e xente que non e sinxelamente se utilizamos o galego, ás veces o castelán e se é preciso o inglés, o francés ou o portugués, se somos quen do facer, alá cada quen coas súas necesidades e a súa formación. Pero dende logo o que non imos permitir aquí e que sigan aflorando eses prexuízos que parecían que xa estaban desaparecidos contra a lingua galega e imos seguir traballando para seguir modificando ademais a actitude do goberno da Xunta de Galicia que está cambiando. Veremos que pasa coas bases para a elaboración do decreto do ensino plurilingüe, aínda non se elaborou o decreto definitivo e xa veremos se se vai buscar de novo o consenso ou non.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: O PP defende a promoción do galego e do seu uso. En segundo lugar a práctica demostrou a actuación do Partido Popular nese sentido e en terceiro lugar o que defendemos é a posibilidade de utilizar as dúas linguas.

Non pedimos nesta moción nada máis que se recolla por escrito o que sucede constantemente nos Plenos do Concello de Vigo. Coido que era o ex presidente, Sr. Suárez, quen dicía aquela frase de que o obxectivo era que a normativa recollese o que sucedía na realidade social. Penso que esa é a finalidade desta moción que presentamos dende o Partido Popular e non temos nada máis que dicir.

(Está ausente o Sr. Caballero Alvarez, preside o Pleno o Sr. Domínguez Olveira. Así mesmo están ausentes o Sr. González Sagarra e a Sra. Iglesias Bueno).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal

do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González e Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. López-Chaves Castro, instando modificar a ordenanza de normalización lingüística no relativo ó uso indistinto galego/castelán nas sesións do Pleno., co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (36).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PROPOÑENDO INSTAR Ó GOBERNO CENTRAL E Á XUNTA DE GALICIA DIVERSAS MEDIDAS RELATIVAS Ó BENESTAR SOCIAL. DOC. 90166665.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18.11.2009, documento núm. 90166665, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

“Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, popularmente coñecida como Lei de Dependencia e na que se regulan as condicións básicas de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia mediante a creación dun sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD), no que colaboran e participan todas aquelas administracións públicas con competencias na materia, producíronse unha serie de cambios drásticos que condicionaron de forma importante o funcionamento dos servizos sociais municipais, afectados dunha insuficiencia orzamentaria importante e dunha dependencia total do Plan Concertado da Xunta de Galicia.

Esta nova Lei dotou de dereitos obxectivos e obxectivables ao colectivo de dependentes, que hoxe, transcorridos case tres anos dende a entrada en vigor desta lei, atópanse francamente lonxe de ser conseguidos polas administracións. Neste punto cabe recordar que a Lei de Dependencia contemplaba un calendario



de posta en marcha extremadamente ambicioso que se foi incumprindo de forma progresiva, ante a incapacidade de xestión das comunidades autónomas e ante a falta de servizos e recursos económicos suficientes para facer efectivos os dereitos recoñecidos á poboación considerada como gran dependente.

En Galicia, a realidade demográfica, sociolóxica e xeográfica supuxo un hándicap engadido. A elevada porcentaxe de poboación envellecida, a dispersión poboacional e a propia orografía levan un sobrecusto para os servizos básicos que de forma directa prestan os concellos e a Xunta de Galicia. O certo é que estas circunstancias fan que Galicia arrastre un atraso importante na aplicación da Lei de Dependencia e, tendo en conta que un dos maiores obstáculos é a insuficiencia financeira, conviría revisar o sistema implantado polo Goberno co obxecto de conseguir que este se comprometa de verdade coa Lei e, por extensión, que o cidadán poida recibir os servizos efectivos que a lei garante dun xeito máis áxil e dentro dun espazo temporal máis reducido. Non é de recibo crear unha norma que xera tantas expectativas sen dotala dos recursos económicos necesarios e sen pactar o sistema de financiamento cos Gobernos Autonómicos e as administracións locais, as dúas institucións que en última instancia estanse responsabilizando da aplicación da mesma.

Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación as seguintes propostas de acordo:

Primeira.- Instar ao Goberno Central a que asuma o 50% do custo do servizo efectivo outorgado polas CCAA na Lei de Dependencia, buscando o cumprimento da lei.

Segunda.- Instar ao goberno da Xunta de Galicia a devolver aos concellos o protagonismo que sempre tiveron na atención social, delimitando competencias e buscando fórmulas de colaboración entre concellos, deputacións e Xunta de Galicia, para que o cidadán reciba os servizos efectivos que a lei lle garante.

Terceira.- Instar ao goberno central a ter en conta o recoñecemento económico efectivo acorde á situación de dispersión e envellecemento de Galicia.

Cuarta.- Instar á Xunta de Galicia e aos gobernos municipais a colaborar con todas as entidades prestadoras de servizos sociais para garantir unha rede coordinada de servizos para garantir unha oferta suficiente de prazas de residencia, centros de día, axuda a domicilio, tele-asistencia e centros especializados como os de alimentación e distribución de comidas, alzheimer, discapacitados psíquicos e físicos.”

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, dotou de dereitos obxectivos e obxectivables ó colectivo de dependentes que hoxe, transcorridos case tres anos dende a entrada en vigor desta lei, atópase francamente

lonxe de ser conseguidos polas administracións.

Neste punto cabe lembrar que a Lei de dependencia contemplaba un calendario de posta en marcha extremadamente ambicioso que se incumpriu de forma progresiva diante da incapacidade de xestión das comunidades autónomas e diante da falla de servizos e recursos económicos suficientes para facer efectivos os dereitos recoñecidos á poboación considerada como gran dependente.

En Galicia a realidade demográfica, sociolóxica e xeográfica supuxo un hándicap engadido. A elevada porcentaxe de poboación envellecida, a dispersión da poboación e a propia orografía, levan un sobre custo para os servizos básicos que de forma directa prestan os concellos e a Xunta de Galicia. O certo é que estas circunstancias fan que Galicia arrastre un atraso importante na aplicación da Lei de dependencia e, tendo en conta que un dos maiores atrancos é a insuficiencia financeira, conviría revisar o sistema implantado polo goberno co obxecto de acadar que este se comprometa de verdade coa lei e por extensión que o cidadán poida recibir os servizos efectivos que a lei garante dun xeito máis áxil e dentro dun espazo temporal máis reducido.

Non é de recibo crear unha norma que xera tantas expectativas sen a dotar dos recursos económicos necesarios e sen pactar o sistema financeiro cos gobernos autonómicos e as administracións locais, as dúas institucións que en última instancia se están responsabilizando da aplicación da mesma.

Debatiamos neste Concello o mes de novembro de 2007 unha moción na que solicitábamnos poñer en marcha unha oficina municipal de atención á dependencia e levar a cabo unha campaña informativa para os posibles beneficiarios. Moción votada en contra polo goberno da cidade de Vigo malia que todos os informes ó respecto valoren positivamente a ampliación de recursos locais para axilizar as resolucións. A realidade é que dende o ano 2007 se tiña que cobrar axuda e a xestión da Xunta de Galicia do bipartito e do goberno vigués centrouse en tapar as cifras, facer falsas promesas e malgastar os cartos en publicidade e propaganda.

En ningún momento se amosou unha crítica polo insuficiente financiamento do goberno estatal, aceptando o bipartito da Xunta esa falta de apoio.

Por todo iso instamos ó goberno central a que asuma o 50% do custo do servizo efectivo outorgado polas comunidades autónomas na Lei de dependencia, buscando o cumprimento da lei. Instamos ó goberno da Xunta de Galicia a devolver ós concellos o protagonismo que sempre tiveron na atención social, delimitando

competencias e buscando fórmulas de colaboración entre concellos, deputacións e Xunta de Galicia para que o cidadán reciba os servizos efectivos que a lei lle garante. Instar ó goberno central a ter en conta o recoñecemento económico efectivo acorde á situación de dispersión e envellecemento da poboación galega. Instar á Xunta de Galicia e ós gobernos municipais a colaborar con todas as entidades que prestan servizos sociais para garantir unha rede coordinada de servizos para garantir unha oferta suficiente de prazas de residencia, centros de día, axuda a domicilio, teleasistencia e centros especializados como os de alimentación e distribución de comidas, alzheimer, discapacitados físicos e psíquicos.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Alégrome de que non se retire esta moción por parte da Sra. Míguez porque así temos a oportunidade de falar sobre dependencia e falar dende outra perspectiva e como dicía a miña avoa: “arrieiros somos e no camiño atoparémonos”.

Velaquí que agora na Xunta de Galicia está o Partido Popular e temos a oportunidade de comprobar as mocións que a Sra. García Míguez presentou nas outras ocasións cando precisamente na Xunta de Galicia gobernaba o BNG e o Partido Socialista. Faime moita gracia a moción que vostede lembraba hai uns momentos e digo que benvidos á humildade.

Di que a nova lei dotou de dereitos obxectivos ás persoas dependentes e di na súa moción que “estes dereitos atópanse lonxe de ser conseguidos polas administracións”. Eu pregúntome se cando vostede presentaba as mocións cara o anterior goberno da Xunta, sabía xa que é culpa das administracións e non era a Vicepresidencia quen facía as cousas mal. Benvidos á humildade, señores do goberno do Partido Popular, que logo dun ano temos unhas cifras moi interesantes. Voulle lembrar precisamente esas mocións que presentaba vostede daquela.

Vostede presentaba aquelas mocións neste Concello, como a moción de novembro de 2008 na que dicía que había 100.000 dependentes, que non estaban reflectidos e que a Xunta de Galicia estaba a mentir á hora de dar as cifras. Concretamente dicía: “As primeiras cifras de 2009 relativas á norma dicían que Galicia é a quinta pola cola no que á valoración se refire e os datos que presenta o IMSERSO difiren dos da Vicepresidencia no número de valoracións realizadas e no número de persoas cobrando as prestacións”. A 31 de decembro de 2008 dicía vostede: “A valoración a nivel galego foi de 59.000 persoas”; dicía tamén que o IMSERSO daba a cifra de

56.962 persoas, polo tanto segundo vostede había unha diferenza considerable".  
Dicía tamén que Galicia era a quinta autonomía pola cola e tamén nas súas mocións e no seu discurso falaba de que en ningún momento estaban actualizadas as listas de dependencia. A moción presentouna o 29 de xaneiro e os datos que tiña a Vicepresidencia eran de 9 de xaneiro, vinte días de atraso. Voulle ler que acontece exactamente a día de hoxe cos datos que dan vostedes e cos que dá o IMSERSO e tamén esa actualización dos datos que se pedía por parte da Xunta.

O 23 de xaneiro na web da Xunta a actualización dos últimos datos é do 27 de novembro, Sra. García, hai tres meses de atraso. Levan vostedes tres meses sen actualizar a web da Xunta e queixábanse porque o bipartito levaba nove días. Datos do IMSERSO a día 1 de febreiro a nivel de número de solicitudes presentadas en Galicia: 62.113. Datos que aparecen o 27 de novembro na web da Xunta: 87.705. Sra. García, non era o bipartito o que dicía todo mal, quen tiña todo sen actualizar? Hai exactamente unha diferenza de 3.000 persoas cos datos da Xunta a 27 de novembro.

Teño aquí a súa páxina actualizada e, sabe en que número imos a nivel de evolución dos ditames? Galicia presenta unha evolución do -0,5% de xaneiro a febreiro. Sabe en que lugar estamos en número de valoracións e ditames? Os quintos pola cola. Levan un ano gobernando. Vostedes íano facer todo absolutamente ben e criticaban ó goberno anterior da Xunta, ó bipartito porque non o estaba facendo ben.

É máis, a estas alturas non hai na Xunta datos desagregados por concellos e no Concello de Vigo non temos datos de cantos dependentes imos ter. Estamos agardando polos PIAs, aumentamos o cadro de persoal en once traballadores, nunca se fixo tal cousa neste Concello a nivel de benestar social. Estamos agardando polos seus PIAs porque aínda non nos chegaron. O Concello de Vigo a estas alturas deu exactamente un total de 137.948 horas de dependencia, iso nunca se acadara; cos datos de decembro demos 15.546 e comezamos con 9.000 en xaneiro do ano pasado. Isto é efectividade e eficiencia. Agora estamos agardando polos seus PIAs. Non era o compromiso do Sr. Núñez Feijóo rematar coa dependencia en seis meses? Ademais diso as persoas beneficiarias da lei están a denunciar o abandono que sofren e que non se está atendendo ó prazo das axudas. A min non me gusta traer fotocopias ou recortes de xornais a este Pleno pero lembren que a prestación por libranza no mes de xaneiro está sen cobrar, aínda non cobraron o mes de xaneiro. Coa Xunta anterior o día 5 de cada mes cobraban a prestación por libranza. Hai

18.000 persoas sen cobrar o mes de xaneiro e en outubro pasou o mesmo.

Pero nós somos moi coherentes e non imos meter ós mortos coma vostedes, non quero ler frases terroríficas pronunciadas neste Concello hai exactamente un ano. Esas frases díxoas vostede e estaba acusando á Vicepresidencia da Xunta de Galicia de deixar morrer á xente na casa por non dar as axudas da dependencia.

Agardo que esa lección de humildade dalgún xeito lles vaia entrando.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Non sei se é que as novas son diferentes segundo quen as recolla, pero nas miñas notas está que Galicia foi a quinta autonomía que máis recibiu por dependencia o ano pasado. Estes datos que teño son do 19.04.2009. Ademais o Executivo incrementou nun 17,5% o diñeiro destinado a atender ós cidadáns nesta situación, é dicir, 283 millóns de euros dos que esta autonomía percibía do goberno central 23 millóns.

Ademais o Consello Territorial de Dependencia tamén decidiu destinar outros 400 millóns de euros adicionais a través do Plan de estímulo económico e de emprego cos que se prevé dispoñer de 500.000 novas prazas para centros de día e residenciais para persoas maiores nesta situación, así como a creación de 35.000 novos empregos. É dicir, o total que o goberno central destinou a esta operación foi de 1.600 millóns de euros, o que supón un 79% máis ca no anterior. Isto foi no ano 2009.

Unha chamada de atención segundo o Observatorio estatal é que hai unha serie de comunidades nas que teño que dicir que goberna o Partido Popular, como son Valencia, As Canarias, Murcia, Madrid, Baleares..., que por estrañas razóns teñen un suspenso rotundo na avaliación da aplicación da Lei de dependencia. Agardo que este suspenso non nos chegue agora a nós que temos tamén ó Partido Popular gobernando en Galicia. Estou segura de que con este decreto que acaban de aprobar, que ó parecer entrou en vigor o día 20 deste mes, van vostedes evitaren a excesiva burocratización e poñela realmente en marcha de tal xeito que non haxa máis problemas.

Pero lle teño que dicir que sinto certo tremor porque o recorte que fixeron vostedes dende que están na Xunta con relación ós discapacitados foi dun 75,4%. Os 4,8 case 5 millóns que xestionaba o bipartito reducíronse en dúas partidas xenéricas de 1, 2 millóns en total. Á redución de case 200 millóns de euros en diferentes partidas de ámbito social engádese unha drástica tesoira ós fondos destinados a entidades

cuxo labor social foi historicamente coidado polo goberno galego, isto é, os colectivos de axuda a persoas con discapacidade.

Isto é verdadeiramente preocupante porque entre as partidas que a conselleira, D<sup>a</sup> Beatriz Mato, fai desaparecer en 2010 salientan os convenios de apoio con COGAMI, na mesma situación atópase CEACES, especializada na atención de enfermidades mentais, cousa moi cara para que as familias poidan soportar semellante gasto e daquela recibían 400.000 euros asinados por Vicepresidencia. Acontece tamén con Down Galicia que verá minguar os seus orzamentos en 250.000 euros; con Fadenga con outros 25.000; deixarán de percibir 230.000 euros as entidades deportivas para persoas con discapacidade e o que se reservarán serán 220.000 euros nos últimos orzamentos do bipartito.

É dicir, nas primeiras contas públicas do executivo todas as vías de colaboración económica con estas entidades quedan reducidas a dúas partidas, a primeira delas de 601.115 euros que ten por obxecto as transferencias á asociación de centros de minusválidos físicos, psíquicos e sensoriais e a segunda de 584.000 euros que terán como destino os convenios de formación de persoas con discapacidade completando así un total de 1.200.000 euros ó lado dos 4.800.000 que estaban destinados a estas necesidades.

Teño as miñas dúbidas de que a aplicación sexa tal e como vostedes prometen co novo decreto, que en seis meses resolvan todo o que se refire ás persoas discapacitadas, non só as persoas maiores, senón todas aquelas discapacitadas de distintas idades, mesmo por enfermidade e sobre todo as mulleres que se ven moi limitadas economicamente para atender ás súas necesidades e polo tanto terían que estar na primeira liña da Lei de dependencia pero en Galicia. Non pensemos que só teñen que resolver os demais, resolvamos aquí e dunha vez e cada día mellor se é posible. Ogallá dediquen todo o que corresponde a estas necesidades.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sra. Méndez, infórmoa de que o Estado, concretamente o IMSERSO, elaborou este xaneiro de 2010 un informe no que critica duramente a Xunta do bipartito por como xestionou a Lei de dependencia. Este informe do IMSERSO di textualmente: "Ata finais de 2008 os datos en Galicia eran demoledores, á penas había persoas atendidas. O malgasto económico en publicidade e propaganda foi a prioridade do bipartito ademais do constante escurantismo na realidade das cifras". Non eran 16.565 grandes dependentes coma vostedes

informaban, eran máis de 24.000 persoas as que padecían esta situación.

Actualmente a Xunta de Galicia dobrou o número de expedientes polos que se cobra a prestación; incrementouse nun 106% máis ca nos dous anos anteriores. Incrementouse o orzamento en máis de 74 millóns de euros en materia de dependencia e así actualmente xa estamos en 305 millóns de euros. Sete de cada dez euros do orzamento da Xunta de Galicia se dedica a políticas sociais. Reduciuse a case un 60% o número de usuarios pendentes de valoración, de 3.703 persoas agardando para cobrar a axuda pasamos a 1.644 persoas.

Aprobouse o decreto este venres 19 de febreiro que derroga a anterior normativa e con iso acadouse reducir a tramitación dos expedientes de 12 a 6 meses. Con este novo decreto establécense ademais convenios con outras administracións, dáselles ós concellos a prioridade que deben ter como punto inicial de información. Ademais créase o Consello Galego de Dependencia como órgano encargado do seguimento e aplicación da lei facendo partícipes a entidades locais, axentes sociais, asociacións e familias. Regúlase a orde de atención ós expedientes dependendo do grao e nivel de dependencia, non da orde de entrada, senón da prioridade e das necesidades que teñen estas persoas para axilizar a tramitación e cobrar as axudas.

Co Decreto o acceso ó servizo farase nun prazo máximo de tres meses posteriores á resolución do PIA. Púlase ademais unha comisión inter-departamental de coordinación de atención socio-sanitaria de Galicia. Sra. López Atrio, o que se pretende dalgún xeito é coordinar os servizos de dependencia, non só a dependencia está enfocada ós maiores, senón ós discapacitados físicos, psíquicos, ós menores que se atopan nesa situación. A Lei de dependencia non é exclusivamente dos maiores. Unifícase a aplicación informática, cousa moi importante e que non se estaba a facer, manexando as mesmas cifras por parte do Ministerio e da Xunta.

A realidade é que a nosa Comunidade Autónoma necesita, Sra. López Atrio, 440 millóns de euros para facer efectiva a lei e o Estado achega menos de 100 millóns de euros, os galegos estamos a pagar o 75% dunha lei á que non dotaron de recursos suficientes e en ningún momento se queixaron. Os orzamentos do Estado aprobáronse polo Partido Socialista coa abstención do Bloque Nacionalista Galego.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Gustaríame saber entón, se implementaron tantas cuestións como acaba de dicir, por que seguimos de quintos pola cola? Falaba vostede dun informe do ano 2008 cando non había absolutamente nada neste país e a Xunta de

Galicia tivo que poñer todo en marcha. 50.000 valoracións recoñecidas en xaneiro de 2009, agora mesmo o IMSERSO recoñécelle 63.000, ou sexa valoraron 13.000 máis. Non lle están pagando á xente que esta está nas súas casas atendendo ós seus fillos e ós seus pais e os míseros catrocentos e pico de euros que cobran non llos están a pagar. Nas nosas oficinas estamos recibindo queixas todos os días porque non se está a pagar a Lei de dependencia.

Todo o que está vostede a dicir si que é propaganda por parte do Partido Popular, os datos do Concello de Vigo seguen sen se desagregar. O ano pasado a estas alturas falábamnos do centro de día da rúa O Grove e na miña intervención eu dicía que estaba rematado, que só quedaba dotalo. Segue sen dotar, segue pechado, son 70 prazas do centro de día pechadas e non temos novas do que vai pasar con ese centro, agás que xa nos anunciou o Consorcio que o quere privatizar.

Nesta cidade non había absolutamente nada e o goberno bipartito, a Vicepresidencia da Xunta de Galicia foi quen de poñer en marcha o centro Atalaia, de obter un centro construído, o da rúa O Grove, e foi quen de licitar e deixar o orzamento para un centro de día de Beade-Valladares que agora mesmo se está a construír; fixo unha galescola que está a funcionar e outra que se está a construír en Valladares. Que fixeron vostedes nun ano? Non abriron nin o que tiñan rematado. Esa é a realidade e así se demostra.

Na segunda proposición do seu acordo vostede di exactamente: “Instar ó goberno da Xunta de Galicia a devolver ós concellos o protagonismo que sempre tiveron na atención social, delimitando competencias e buscando fórmulas de colaboración entre os concellos, deputacións, etc. Queren desmontar o Consorcio de Igualdade e Benestar co que tan contentos estaban os propios concellos do PP? Xa empezaron co desmantelamento das oficinas de I+D, xa non hai esa rede comarcal de oficinas de I+D, neste momento hai concellos que están sen poder atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero porque a única oficina comarcal que tiñan desmontárona. Están desmantelando o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, desmontaron as oficinas de I+D, deixaron á xente na rúa e xente sen atender. Por iso retiran a moción contra a violencia de xénero, porque non lles interesa, porque desmontaron as oficinas de I+D onde tamén se estaba atendendo a esa xente.

Logo aínda por riba nos atopamos coa cuarta proposición que vostedes fan que di: “Instar á Xunta de Galicia e ós gobernos municipais a colaborar con todas as entidades que prestan servizos sociais para garantir unha rede coordinada de



servizos, para garantir unha oferta suficiente de prazas, residencias, centros de día, axuda a domicilio, tele-asistencia e centros especializados como os de alimentación...” Iso xa o temos, o que queren vostedes é privatizar porque, como non imos instar a que siga distribuíndo polas diferentes empresas que prestan servizos sociais o que vostedes non son quen de presupostar? Como dicía a Sra. López Atrio reducíronlle ás asociacións de persoas con discapacidade.

Logo falou vostede de colaboración dos concellos. Estupendo. Hai unha drástica redución da cooperación no Plan Concertado, os orzamentos da Xunta pasaron de 20 millóns que tiña o goberno bipartito a 16. Pretenden que nós asumamos o traballo que ten que facer a Xunta, que con menos Plan Concertado asumamos o contrato desas persoas, traballadores sociais, auxiliares educadoras, etc., que vostedes non queren contratar? É esa a colaboración dos concellos que piden? Pois, Sra. García, toda a colaboración do mundo pero o Concello de Vigo con ese tipo de propostas non está disposto a colaborar.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sra. Méndez, ten vostede presentada unha emenda a esta moción. Se lle parece á Sra. García imos permitirle que a lea e logo daremos un minuto máis.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Presentamos unha emenda a esta moción do Grupo do Partido Popular que di o seguinte: “Instar á Xunta de Galicia a dotar nos orzamentos recursos suficientes para asegurar a cobertura de todas as persoas dependentes que de conformidade co calendario de aplicación da lei teñen dereito a recibir a súa prestación. Pagar en prazo as prestacións que teñen recoñecidas as persoas dependentes. Instar ó goberno do Estado a que dote de recursos suficientes para asegurar as coberturas derivadas da lei de dependencia de acordo co calendario de aplicación da lei. Manter os plans de despregamento do sistema galego de benestar acelerando a apertura de residencias de centros de día xa construídos e a construción dos que xa están proxectados. Colaborar cos concellos a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar na prestación de servizos e prestacións sociais de calidade para o conxunto da poboación de Galicia”.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Con respecto á violencia de xénero como xa saíu dúas veces vou facer unha pequena mención. A Xunta de Galicia é a que se está a facer cargo

nun centro de referencia para toda Galicia na cidade de Vigo con respecto á situación dos malos tratos, é un centro de emerxencia para vítimas de violencia de xénero que atende dende o Concello de Vigo a toda Galicia, co que os deberes da Xunta con respecto a este tema da violencia de xénero que tanta importancia ten para o Partido Popular, cremos que si se fixeron.

Exactamente o mesmo con respecto á Deputación de Pontevedra que, mentres que a concelleira de Igualdade pechou o único recurso que existía na cidade de Vigo durante dez meses, a Deputación de Pontevedra fíxose cargo de manter ese dispositivo aberto para as mulleres vítimas de violencia de xénero e para os seus fillos. Dalgún xeito cremos que os deberes están feitos respecto a este tema por parte da Xunta de Galicia e no momento no que se necesitou, un momento puntual de urxencia e de emerxencia, a Deputación fíxose cargo e achegou o seu gran de area tan importante nun tema coma este.

Vou felicitar á Sra. Méndez porque dalgún xeito coa emenda que presenta está apoiando todas as iniciativas desta moción pero non a imos admitir porque son exactamente os mesmos puntos que pediu hai aproximadamente un mes na moción presentada que nós votamos en contra por suposto, debido á incongruencia en todos e cada un dos puntos que aquí se presentan.

No orzamento do 2010 do Concello de Vigo reducíronse máis dun 56% as actividades dedicadas a previr a dependencia, un tema tan importante para vostedes; nas actividades para maiores que fan que dalgún xeito esas persoas se revitalicen ou non se creen esas situacións de empeoramento, vostedes reducen un 56% o presuposto. Se iso é involucrarse, se é un interese pola dependencia dende as pequenas achegas que se poden facer nun Concello, alá a súa conciencia.

A insuficiencia financeira do goberno central, a nefasta xestión do bipartito e o malgasto que seguiu e continuou en publicidade e propaganda fixeron que este dereito das persoas fose inaplicable no seu momento. O informe que presentou o IMSERSO non era de 2008, Sra. Méndez, referíase a toda a xestión do bipartito. O informe presentouse en xaneiro de 2010. O orzamento da Xunta de Galicia increméntase en Dependencia porque no ano 2009 había un orzamento de 165 millóns de euros e 239,5 millóns de euros no ano 2010, un incremento dun 45% só en materia de dependencia. Axuda no Fogar pasouse de 12 a 24 millóns de euros. Centro de Día de 8 a 17 millóns de euros.

Malia o esforzo de todos os galegos achegando para a aplicación da lei un 75% do

custo e dando o Estado só un 25%, con esta achega estatal a aplicación da lei faise complicada e de aí o interese do Partido Popular en que unamos os esforzos deixando atrás o malgasto, a publicidade, o escurantismo e poidamos ampliar as achegas de recursos económicos por parte do Estado e a coordinación entre concellos e comunidades autónomas, mellorando dunha vez por todas as situacións límite destas persoas e das familias que padecen estas situacións tan complicadas.

*Deseguido a Presidencia procede a ler o texto da emenda presentada pola Sra. Méndez Piñeiro que se transcribe máis abaixo.*

Emenda de substitución formulada por escrito pola voceira do Grupo Municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro:

Primeiro.- Dotar nos orzamentos recursos suficientes para asegurar a cobertura de todas as persoas dependentes que, de conformidade co calendario de aplicación da lei, teñen dereito a recibir a súa prestación.

Segundo.- Pagar en prazo as prestacións que teñen recoñecidas as persoas dependentes.

Terceiro.- Instar ó Goberno do Estado a que dote de recursos suficientes para asegurar as coberturas derivadas da Lei de dependencia, de acordo co calendario de aplicación da lei.

Cuarto.- Manter os planos de despregamento do Sistema Galego de Benestar, acelerando a apertura das residencias e centros de día xa construídos e a construción dos que xa están proxectados.

Quinto.- Colaborar cos concellos a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar na prestación de servizos e prestacións sociais de calidade ó conxunto da poboación da Galicia.

(Está ausente o Sr. Caballero Alvarez, preside o Pleno o Sr. Domínguez Olveira. Así mesmo están ausentes o Sr. González Sagarra e a Sra. Iglesias Bueno).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLA VOCEIRA DO GRUPO DO BNG , SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez,

Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González e Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, acórdase:

Aprobar a emenda de substitución formulada pola voceira do Grupo do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, e xa que logo

ACÓRDASE:

Primeiro.- Dotar nos orzamentos recursos suficientes para asegurar a cobertura de todas as persoas dependentes que, de conformidade co calendario de aplicación da lei, teñen dereito a recibir a súa prestación.

Segundo.- Pagar en prazo as prestacións que teñen recoñecidas as persoas dependentes.

Terceiro.- Instar ó Goberno do Estado a que dote de recursos suficientes para asegurar as coberturas derivadas da Lei de dependencia, de acordo co calendario de aplicación da lei.

Cuarto.- Manter os planos de despregamento do Sistema Galego de Benestar, acelerando a apertura das residencias e centros de día xa construídos e a construción dos que xa están proxectados.

Quinto.- Colaborar cos concellos a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar na prestación de servizos e prestacións sociais de calidade ó conxunto da poboación da Galicia.

18.- (37).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO QUE SE REALICE UN MAPA DE ILUMINACIÓN DA CIDADE E DIVERSAS MELLORAS. DOC. 90166667.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18.11.2009, documento núm. 90166667, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

-----  
S. Ordinaria 22.02.10

“Dende o Partido Popular vimos observando a substitución dos farois da cidade en lugares onde xa existían outras, cando son moitas as zonas da cidade onde non existe a suficiente iluminación.

En concreto falamos agora do vial da Universidade dende Pereiró ata a mesma Universidade, carente de toda iluminación, a pesar do transitado da vía e das frecuentes néboas existentes. Por isto entendemos que debería procederse á elaboración dunha actuación integral en materia de iluminación, á creación dun mapa polo Goberno local de zonas, como a dita, nos que se precise maior iluminación e polo tanto a iluminación destas zonas.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que o Goberno municipal realice un mapa de iluminación da cidade, que se acometa a mellora lumínica naquelas zonas que o precisen e en concreto que se acometa de xeito urxente a iluminación do vial da Universidade por claros motivos de seguridade.”

A comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión do 19 de outubro de 2009, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Podemos dicir que esta moción ten catro vertentes. Por unha banda o aspecto económico, por outra o social, o medio ambiental e por último a seguridade.

Xa se di no texto da moción que dende o Partido Popular vemos como se están a substituír farois en moitos lugares da cidade mentres noutros non existe alumeado suficiente. En concreto un lugar que nos preocupa moito, mesmo por razóns de seguridade viaria e coido que é importante salientar estes temas, é a vía á Universidade onde non existe ningún tipo de alumeado malia que o Concello tiña que ter esta zona perfectamente iluminada.

Entendemos que en primeiro lugar o goberno municipal debería facer un mapa do alumeado da cidade no que se acometan melloras naquelas zonas que o precisen e que en concreto, de xeito urxente dado o problema de seguridade ó que facía referencia, na zona que vai dende Pereiró ata a Universidade se instalen os farois precisos para o alumeado da vía.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Eu tamén vou ser moi breve pero me vai permitir unha pequena broma: Tarde piou. A min agora tamén me gustaría poñerme aquí explicar o que estamos a facer, pero é que vostede copiou dunha rolda de prensa que deu o

alcalde en Electromecánicos onde presentamos o mapa lumínico.

Sabe vostede perfectamente porque daquela xa se explicou e invítoo a que pase por alí e o vexa, que se está facendo ese mapa e iso nos permitiu constatar con sorpresa certas irregularidades, como a de que en Valladares houbera que poñer 36 puntos novos de luz, en Lavadores 70, en Comesaña 31, en Zamáns 39, en Beade 29, Bembrive 44, etc. Non só renovar os que estaban mal, que eran 283, senón poñer 678 puntos de luz novos.

Como sabe cando daquela se fixo a presentación falábamos dun aparato que vai na roda dun coche pola noite, o *luxómetro*, que vai medindo a cantidade de luz que vai en cada punto dando unha lonxitude e unha latitude dese punto de luz; vaise recollendo a través dun GPS a un sistema informático, transmítense os datos ó Concello e logo nunha mesa de debate estúdase e vese onde son necesarios os puntos de luz. Ás veces aínda que haxa un punto de luz nun determinado sitio a luz é insuficiente porque inflúe a cor da estrada, se hai un arboredo ou se se proxecta a sombra dunha fachada. Iso vainos permitindo cambiar os puntos de luz, nuns lugares poñéndoos novos e noutros poñer unha luz adaptándonos á normativa.

En canto á vía da Universidade sabe perfectamente, Sr. Conde, que de momento non é titularidade do Concello e nese sentido téñolle que dicir que a preocupación non é só de seu, senón que tamén é nosa e xa nos diriximos á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia para que acometa a instalación do alumeado correspondente e logo transfira a vía ó Concello.

SR. CONDE GIL: Non por moito seren breve dise a verdade, se a verdade non existe a brevidade non vale para nada.

Sabe vostede tan ben coma min que a vía da Universidade xa se cedeu pola Xunta de Galicia ó Concello e senón infórmese e pregunte ós técnicos coma fixen eu. Entón é responsabilidade do Concello a instalación do alumeado nesa vía. Infórmese, Sra. Abelairas.

Por outra banda é casualidade, xa pasou esta mañá que sempre que presentamos unha moción, en concreto esta do mes de novembro de 2009, automaticamente vostedes fan algo. Se non os pinchan están parados, se os pinchan traballan e imitan, o que me parece ben, a outras cidades como a da Coruña que foi a pioneira en facer este mapa lumínico.

No Concello de Vigo están presupostados máis de dous millóns e medio de euros no

alumeado das vías públicas, por iso dicía que un dos aspectos é o económico porque nos tempos de crise que corren é necesario o aforro. Tamén o medio ambiental porque a contaminación lumínica é un problema que afecta a todos, está sensibilizando moito á sociedade e polo tanto tamén nos temos que ocupar del, tamén por indicadores de sostibilidade, pola polución, como dicía hai que ter en conta parámetros como a cantidade e aproveitamento da luz.

Hai que dar bo servizo ós cidadáns porque como aconteceu na rúa Urzáiz pónese un farol e logo cámbiase, substituíronse os farois fernandinos, puxéronse uns modernos, díxose que se ían poñer de novo os fernandinos pero alí os veciños seguen a protestar, non sei se vostede fala con eles, porque os farois fernandinos non están. Onte pasei por alí e seguían os modernos, non sabemos moi ben a que responde o feito pero alí seguen.

Tamén hai un tema de seguridade porque que existan zonas escuras na cidade pode significar a existencia de máis delitos ou accidentes de tráfico que ninguén desexa.

Polo antedito sometemos a votación a presente moción co texto íntegro que xa sinaléi con anterioridade.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: De que vai a moción? Das fernandinas? Do mapa lumínico?

A min gustaríame estar aquí unha hora explicándolle o que estamos facendo, que vostede xa o escoitou na rolda de prensa que deu o alcalde na planta segunda; estamos facendo o mapa lumínico, estase transformando a cidade, humanizando a cidade... Vale que aínda nos falta un pouco para chegar a Peinador, Chandebrito ou Nigrán, pero está case todo e por iso están vostedes un pouco rabiosos pero, que imos facer? As cousas son así.

Sabe vostede perfectamente que o mapa está case feito e invítoos a que o veña ver porque é sorprendente o que fomos quen de facer neste pouco tempo que levamos gobernando.

SR. CONDE GIL: Seguirei coa brevidade porque como estamos rabiosos non sei que teremos que facer. Xa me dá a risa, a Sra. Abelairas é increíble.

Insisto no mesmo e non por moito que vostede veña aquí mentir vai facer verdade do que non o é. Vostede mesma recoñece que non existe o mapa lumínico, que o están a rematar pero curiosamente o comezaron cando o Partido Popular presentou a

moción.

Preguntou vostede que de que vai o conto, pois o conto vai de luz, de arroxar esta cidade á luz porque vostedes son a escuridade e tanto os fernandinos, como o mapa lumínico, como o consumo de luz, todo ven relacionado co mesmo, coa escuridade de facer unha promesa e incumprila, de gastar cada día máis e non poñer os medios para aforrar porque estamos nunha época de crise. Vai da escuridade, de que a xente non teña un accidente por ir por unha vía que é do Concello como é a da Universidade e que non exista luz para evitaren ese accidente.

Vai diso, Sra. Abelairas, de arroxar luz onde hai escuridade. Hai que iluminar e xa lle digo que se fala de aspecto económico, medio ambiental, social e de seguridade.

Mostre o que vostede queira, non é un problema de estar rabioso, aquí ninguén o está. O único que facemos é poñer enriba da mesa temas positivos para a cidade e vostedes coma sempre nos insultan e métense con nós cando ninguén lle fixo nada. Poñan luz e todos felices e contentos.

(Está ausente o Sr. Caballero Alvarez, preside o Pleno o Sr. Domínguez Olveira. Así mesmo están ausentes o Sr. González Sagarra e a Sra. Iglesias Bueno).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, instando que se realice un mapa de iluminación da cidade así como diversas melloras, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (38).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon rogos nin preguntas.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás



catorce horas e quince minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña.